

ACTA NÚM. 3 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 18 DE FEBREIRO DE 2016.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:35 horas** do día **18 de febreiro de 2016**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona María Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Dona María José Tobar Quintanar.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.

Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Inmaculada Viña Carregal, **Interventora do Concello.**

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, **Secretario Xeral do Pleno Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 12 de xaneiro de 2016 (acta núm. 1/16).**
- 2. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre a potenciación do grupo de promoción turística “Área de Santiago”.**
- 3. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, relativa á elaboración e desenvolvemento dun programa cultural conmemorativo de diversos actos para o ano 2016.**
- 4. Proposición do grupo municipal do BNG, relativa á creación dun rexistro de camiños públicos e a súa correspondente ordenanza.**
- 5. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre a creación dun “bono museos de Compostela”.**
- 6. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á aprobación dun plan de compensación para resarcir polos catro anos de obras á hostalaría e comercio de Conxo.**
- 7. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á iniciación do procedemento para a posta en marcha dunha Factoría Cultural e Viveiro de Industrias Creativas.**
- 8. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.**

9. Comparecencia do concelleiro delegado de educación e cidadanía acordada na sesión plenaria ordinaria do día 21 de xaneiro de 2016.

10. Rogos e preguntas.

11. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Antes de dar comezo ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día gardase un minuto de silencio, pola última vítima da violencia de xénero.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO DÍA 12 DE XANEIRO DE 2016 (ACTA NÚM. 1/16).

Alcalde: Rubén, Paco, Agustín, queredes facer constar algo?

Don Agustín Hernández Fernández Rojas: Simplemente dúas correccións na páxina 25, dicir, polo medio da páxina na miña intervención en vez de dicir: “perceptibles” debe dicir “perfectibles”.

E no seguinte parágrafo na derradeira frase, a estratexia “ ... pode esquecer ...” debe dicir “non pode esquecer determinadas cuestións importantes para a cidade”.

Alcalde: Introducidas esas modificación, dáse por aprobada con esas modificacións a acta.

Apróbase por unanimidade a acta correspondente a sesión extraordinaria urxente do día 21 de xaneiro do corrente ano, coas correccións na páxina 25, na intervención do señor Agustín Hernández Fernández de Rojas, onde di: “perceptibles” debe dicir: “**perfectibles**” e onde di: “... pode esquecer determinadas” debe dicir: “... **non pode esquecer determinadas ...**”

Alcalde: Pasáramos agora a dar voz a Don Manuel Domínguez Rial, para falar en nome e representación da Plataforma de emigrantes retornados.

Don Manuel Rodríguez Rial: Boa tarde a todas e a todos.

Antes da nada darlle as grazas ao Bloque Nacionalista Galego en nome da plataforma de emigrantes retornados Compostela, por darnos esta ocasión de defender aquí o que nos consideramos unha grande inxustiza, que xa dura bastante tempo.

Como o tempo do que dispoñemos é moi curto, vou ler esta folliña.

Levamos dous anos e medio nesta loita, e non queremos privilexios, mais si reclamamos xustiza e igualdade de trato cos demais pensionistas.

Unhas 250 mil persoas retornadas formamos este colectivo na Galiza. Un colectivo maltratado na base ao ter que buscar fora de novo da nosa terra un traballo digno que aquí se nos negou, non somos os únicos pagando as consecuencias desta crise que nos non provocamos, abandonados pola política sectaria e traizoados polos monaguillos políticos de turno que os seguen.

Nos somos o resultado, emigración e máis emigración, tataravós, fillos, netos que se van fora mentres Galiza queda sen xente que poida traballar.

Máis da metade da nosa poboación botou raíces fora da nosa terra, e esta situación non se debe a que Galiza sexa pobre, os que andivemos polo mundo adiante vimos países con menos posibilidades que o noso e non padecen a emigración que nos temos.

A nosa riqueza vai cara o centro de decisión política e os da periferia cangamos cos gastos que non son nosos nin son poucos. Manter parasitos, corruptos, cazadores de elefantes ou guerras que non son nosas, e por riba provocan máis fame e miseria.

E non sego coa lista de despropósitos, porque non é o momento.

Así é que a Galiza vánselle os folgos por deixar os seus sectores produtivos á intemperie, baixo as batutas de Madrid e Bruxelas, a xente moza ten que seguir índose e os que vimos de volta desangrarnos máis para que lles dean as contas aos que fan a mesma política de sempre.

Os retornados temos un problema político co goberno e a facenda española.

Debemos sinalar aquí cos emigrantes que volveron da diáspora, nos non somos ... non temos bufetes de avogados como as grandes empresas.

Facenda somos todos, gustaríanos que así fora, porque nunca nos negamos a declarar as nosas pensións, sabemos que a facenda española actuou contra nos con premeditación, coa única idea de desangrar aos retornados nas súas cativas economías, agardando cinco anos, para atacar como un raposo, con mala fe, e falta de información e transparencia.

Perdón polos raposos.

Nos non formamos parte do mundo da corrupción. Nos non levamos diñeiro libre a Suíza. Nos fomos traballar fora da nosa terra honradamente, e no retorno, gastamos os

nosos aforros gañados en Suíza e outros lugares, con total transparencia, e só pedimos igualdade de trato cos demais pensionistas.

Temos que lamentar a resposta negativa as nosas demandas, hai pouco máis dun ano por parte do anterior goberno do PP no Concello de Santiago.

O noso problema é sobre de todo político, pois a solución tamén debe selo.

Somos as vítimas inocentes dunha clara discriminación por parte da facenda española, que levamos dous anos e medio sufrindo un calvario económico e social, que segundo o noso punto de vista ... a mesma Constitución española e a Declaración universal dos dereitos humanos no seu artigo 25.

Por todo o exposto, a Plataforma comarcal de emigrantes retornados de Santiago de Compostela, solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Demandar do novo goberno do Estado a adopción urxente das seguintes medidas:

O compromiso de impulsar como unha das primeiras medidas deste novo goberno a orde de paralizar o proceso do Plan Montoro, establecido na disposición adicional da Lei 26/2014, de revalorización, que xunto coa Lei 35/2006 do PSOE e segundo o noso punto de vista, causa e motivo de que provoque este grave problema aos emigrantes retornados co fisco, baseado nos seguintes criterios.

Non aplicación da Lei con carácter retroactivo, e polo tanto, que se nos devolvan os cartos que pagamos inxustamente, non somos defraudadores de nada.

Modificación urxente e lexislación clara e precisa sobre a tributación das pensións de emigrantes retornados, partindo do principio de non discriminación, para que dispoñan dun marco tributario homoxéneo para todas as pensións, incluíndo particularmente as exencións de presentar declaración do IRPF de non superar determinados umbrais de rendas dun ou varios estados, realizando a tal fin as modificacións oportunas da Lei 35/2006 do IRPF.

Unha lexislación clara, en virtude do establecido nos diferentes tratados bilaterais, e establecendo os dereitos e obrigas de cada caso, incluíndo o recoñecemento de oficio do grao de invalidez, recoñecido nos países de orixe da pensión.

Devolución de oficio, e non pola vía dos pensionistas cansados de protestar na rúa a un goberno que mira sempre para os poderosos.

Asumir o contido das sentenzas xudiciais que en virtude do artigo 19 do Tratado bilateral hispano-alemán, vixente até o 31 de decembro de 2012, exime de tributación no Estado español as pensións percibidas en Alemaña e, en consecuencia, se proceda á devolución de oficio, de todos os cartos cobrados en concepto de IRPF.

Levamos tres anos esperando que un goberno nos vexa como persoas e non só como fon de ingresos, aínda a sabendas que son indebidos.

En consecuencia, pedimos o apoio de todos os partidos políticos aquí presentamos e instamos a que reclamen do novo goberno do estado, e que atendan as nosas xustas reivindicacións.

Nós estamos convencidos e convencidas, tamén, que vai sendo horas de facer unha reforma fiscal que substitúa as vellas leis franquistas, e que avance nas transferencias a Galiza, paso indispensable para avanzar nunha visión de descentralización do estado español.

Reivindicando, como por outra parte fixo sempre, ... galega unha facenda e unha banca pública no noso país, para ir rematando coas inxustizas e imposicións que veñen de fora da facenda española.

Nos non a mudamos para ... de millonarios, nin, nin para evadirmos de nada que non fora da miseria, miseria, sobre todo política que atopamos agora desgraciadamente porque non a aceptamos e combatemos, e así o faremos sempre que nos vexamos

Nada máis e moitas grazas.

Alcalde: Grazas a vós Manolo.

Como xa lle manifestei á Plataforma, Rubén vai defender despois das proposicións a moción de urxencia que presentou o BNG e someter a votación.

Agradecemos a vosa intervención e será adxuntada a acta para o propio debate da moción, que aínda que sexamos rápidos tardará unhas horas en celebrarse.

Seguimos coa orde do día.

2. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A POTENCIACIÓN DO GRUPO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA “ÁREA DE SANTIAGO”.

O texto da proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular, o día 3 de febreiro de 2016, co número de rexistro 41, ten o seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A principios do ano 2013 púxose en marcha a experiencia conxunta de promoción turística denominada “Área Santiago”, da que actualmente forman parte 16 concellos da zona central de Galicia, agrupados arredor da capital de Galicia.

Trátase dunha iniciativa moi interesante e de futuro, porque trata de aproveitar sinerxías dos atractivos turísticos e culturais de cada un dos concellos para reforzar unha oferta conxunta que se articula, fundamentalmente, arredor do poder catalizador de Compostela e do Camiño de Santiago. Deste xeito pódese mostrar un destino amplo e diverso, que presenta actividades e puntos de interese susceptibles de visita durante todo o ano.

Ademais dos Camiños de Santiago que percorren nos seus últimos quilómetros parte da maioría dos territorios municipais, a oferta inclúe destacadas mostras da gastronomía, o patrimonio cultural e histórico e unha contorna natural de vales e bosques, que complementan un destino de singular calidade ambiental.

Ao longo destes preto de 3 anos de traballo conxunto leváronse a cabo importantes iniciativas, maioritariamente a través do Plan de Acción para o período 2014-2015, como a creación dunha páxina web, unha aplicación para móbiles, un mapa de recursos turísticos, material promocional, concurso fotográficos, promoción gastronómica, exposicións conxuntas ou viaxes de xornalistas e *bloggers*.

Co obxecto de potenciar e consolidar o papel de Área de Santiago, como un destino turístico cunha oferta cada paso máis ampla e diversa, que se poida prolongar ao longo do ano e que contribúa a aumentar as posibilidades de permanencia de visitantes na nosa zona, tratando de incrementar a estancia media por riba da cifra actual, que non chega a acadar os dous días por persoa, o Grupo Popular presenta á consideración do conxunto da Corporación o seguinte

ACORDO

O Pleno municipal insta ao correspondente órgano de Goberno a que impulse as accións necesarias para potenciar o papel de promoción turística da asociación “Área Santiago”, coa elaboración dun novo Plan de Acción, incluíndo a dotación orzamentaria para un

axeitado funcionamento da entidade, a participación en exposicións, a concorrncia conxunta a convocatorias de axudas de organismos públicos e as xestións tendentes a lograr a adhesión ou reincorporación de novos concellos, en especial os de Teo, Brión e Ames, na procura de incrementar, tanto o atractivo da zona, como as posibilidades de promoción e o acceso a vías de financiamento das súas actividades.”

No curso do debate da presente proposición auséntase do Salón de Plenos dona Branca Petra Novo Rey.

Alcalde: Sr. Agustín Hernández a súa quenda.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Moitas grazas señor alcalde e boas tardes a todos.

A verdade, é que despois do pleno ordinario de xaneiro nos pensabamos que o goberno collía marcha, pero a verdade é que vemos que non, neste pleno nin unha soa proposta do goberno, a verdade é que pensamos que é máis sinxelo levar propostas que non levalas, pero bueno, vemos que non hai resultados e igual algo ten que ver que o vinte por cento do goberno estivera a pasear por unha cidade amiga e irmá do sur, pero bueno, en todo caso, imos ao tema que é “Área Santiago”.

Área Santiago é unha idea de interese xurdida a principios de 2013, que contou coa participación inicial de dezanove concellos, hoxe é certo, que son unicamente dezaseis.

Os concellos integrantes non vou numerar eses dezaseis, e a potenciación desta Área de Santiago, na nosa opinión, é interesante para o turismo e tamén para reforzar a identidade dunha grande área central do noso territorio.

A oferta conxunta recollida nos estatutos e nas accións da Área Santiago ofrecen moito máis posibilidades para reunir máis recursos turísticos, e tamén, por certo, económicos con maiores facilidades para optar a recursos das administracións central, autonómica e local.

A través dela deuselle un maior impulso ás medidas para o fomento do deporte, da pesca deportiva, da gastronomía, da artesanía e da tradición do entroido cunha identidade propia (xenerais e correos de toda a ribeira do Ulla ata os núcleos composteláns de Marrozos, Angrois, Aríns e O Eixo).

Dende hai case tres anos levamos sacado moitas accións para ampliar e mellorar a información turística destes dezaseis concellos, sobre todo, a través dun plan de acción para o bienio 2014-2015, xa rematado, unha páxina web propia, aplicación para

móbiles, un mapa de recursos turísticos, material promocional, concursos fotográficos, promoción gastronómica, exposicións conxuntas ou viaxes de xornalistas e bloggers.

Nos últimos meses, a verdade é que botamos en falta novas actuacións.

Faise preciso na nosa opinión, aumentar a colaboración, intensificar á participación para manter a idea inicial, diferenciar e posicionar turisticamente esta zona, con excursións e paquetes que permitan gozar das moitas potencialidades que encerran estes concellos.

Apenas temos constancia de ningunha iniciativa común nos últimos meses, que non sexa o protocolo de colaboración para o entroido de Xerais da Ulla subscrito polos concellos onde se manteñen estas celebracións, oito dos dezaseis.

En xaneiro de 2015, ao igual que o fixeramos en 2014, a Asociación presentou a súa oferta na feira internacional FITUR en Madrid, contando coa participación dunha variada representación de alcaldes da zona.

Non temos constancia, tampouco, das previsións do novo goberno para darlle cabida á Área Santiago nos orzamentos de Incolsa para este ano 2016, tampouco temos noticia de ningunha iniciativa para articular propostas merecedoras de axudas ou subvencións da Xunta de Galicia ou da Deputación, organismo este último que comprometeu o seu apoio na época de Diego Calvo como presidente a proxectos concretos que puideran presentarse de forma conxunta.

Santiago na nosa opinión debe abandeirar e liderar esta asociación e facelo de forma conxunta e solidaria consciente de que o impacto positivo que reciba cada concello redundará no interese do colectivo, e de forma moi especial, na creación dunha marca Santiago que a todos pode beneficiar.

Cómpre, pois, recuperar a participación de concellos que se deron de baixa, por razóns, as máis das veces, pouca explicadas e escasamente motivadas, e un bo exemplo resulta o caso precisamente de Teo, que se deu de baixa en xaneiro de 2014, precisamente, cando o actual alcalde de Santiago era alcalde en Teo, argumentando o seu portavoz que neste grupo só podemos aspirar a ser coparticipes da promoción turística de Compostela, contribuíndo incluso ao seu financiamento.

Hoxe, Teo só participa na promoción do Entroido, renunciando a calquera outra aposta en común.

Consideramos que despois da celebración do Entroido, un dos momentos álxidos desta colaboración, é o momento oportuno para acometer un novo impulso desta área Santiago animando á reincorporación daqueles concellos que se foron.

Tamén sería desexable, abrir a posibilidade de integrarse outros concellos con grandes potencialidades, tradicionalmente ligados á área de Santiago de Compostela, que poderían incrementar e reforzar unha oferta de grande variedade arredor da capital de Galicia. Unha medida que por exemplo podería contribuír a aumentar as posibilidades de permanencia de visitantes na nosa zona, tratando de incrementar a estancia media por riba do promedio actual que non chega a acadar os dous días por persoa. A media de 2015 foi 1,78 días/persoa, só no mes de febreiro se acadaron o 2,02 días.

É un paso máis na articulación dunha estratexia de unidade de acción entre os concellos do centro de Galicia, que podería abrir o camiño a novas experiencias nos máis variados campos.

Por iso, é polo que o grupo municipal Popular propón a adopción do acordo que aparece no texto da proposición, que o que pretende é que se elabore un novo plan de acción en Área Santiago, e que se promova, se impulse e incluso se trate de conseguir a reincorporación dos concellos que no seu día abandonaron este proxecto, que na nosa opinión, é moi interesante para o futuro, para beneficiar o turismo de toda a área.

Alcalde: Grazas Agustín, Rubén Cela a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

O grupo municipal do BNG vai votar favorablemente a esta iniciativa do Partido Popular.

Certamente a Área de Santiago, dende o noso punto de vista, ten evidentes limitacións prácticas, sen embargo para nós afondar na súa mellora, ten importancia por dúas cuestións:

Unha primeira, xa a apuntaba o portavoz do Partido Popular, porque ben xestionada pode ser unha boa ferramenta para contribuír con algúns dos aspectos que para o noso grupo son clave en materia de política turística.

Por unha parte todo o que ten que ver con desestacionalización e diversificación, antes facíase referencia ao tema da pesca deportiva, ao tema gastronómico, pero incluso a cuestións especialmente interesantes como é a recuperación do entroido tradicional.

En segundo lugar, todo o que ten que ver co aumento das estadias medias. Sempre que se fala do aumento da estadía media en Santiago vai asociado a poder ofertar paquetes turísticos que comprendan visitas ao entorno inmediato, AO entorno comarcal.

E, en terceiro lugar que para nós saben que é reiterado neste pleno, todo o que ten que ver con aumentar o coñecemento da nosa veciñanza, non só dos turistas, da nosa veciñanza do riquísimo patrimonio natural e histórico que temos ao lado da casa e que non coñecemos en moitos casos, dende o Pazo da Oca a Fervenza do Toxa, o Pico Sacro, a Casa Matanza de Rosalía ou as Torres de Altamira sen ir máis lonxe, a pesar, de que por certo o Concello de Brión non está incluído.

E, en cuarto lugar por unha cuestión que para nos tampouco é menor, porque nos últimos cinco anos, a pesares de que temos debatido moito sobre de todo nos medios de comunicación e en campañas electorais, o certo é que esta é das poucas por non dicir a única iniciativa que se levou a cabo no plano real de colaboración de coordinación, e de busca de sinerxías entre os concellos do ámbito da área de Santiago, e incluso, dende o meu punto de vista cunha particularidade que o fai especialmente interesante, que é incluso, superando o marco provincial.

Nese listado de concellos aos que facía referencia antes o voceiro do Partido Popular, pois para min é especialmente destacable que tres deles, A Estrada, Silleda e Vila de Cruces, e Lalín son da provincia de Pontevedra.

A tradición dos Xenerais da Ulla, pois non sabe de barreiras administrativas artificiais e artificiosas e nese sentido, pois se deu pe a poder facer unha actuación coordinada no ámbito da comarca de Santiago, e incluso, máis alá dos lindes da demarcación provincial da Coruña.

Polo tanto, para nós, o futuro pasa por mellorar a xestión e iso pasa porque esta iniciativa poida concorrer a subvencións, programas, a unha mellor coordinación con outras administracións como pode ser a Xunta de Galiza, a Deputación Provincial da Coruña, e tamén a Deputación Provincial de Pontevedra, e sobre de todo, porque Santiago asuma o papel de liderar ese proxecto, e polo tanto, que incluso, a través de INCOLSA, a través da empresa pública de turismo deste concello, pois se lle poida dar un revulsivo, e se busque realmente un atractivo que faga que os concellos do resto da comarca poidan ter motivos concretos, materiais e tanxibles, para poder confiar nunha estratexia turística compartida, que eu creo que redundaría a favor dos intereses de Santiago de Compostela pero tamén do conxunto da comarca e do país.

Nada máis e moitas grazas.

Alcalde: Grazas Rubén, señor Paco Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde, boa tarde compañeiros e compañeiras de corporación.

Pois non podemos negar outra cousa no Partido Socialista, que si que estamos totalmente de acordo cun proxecto de incorporar á comarca á cadea de valor turístico de Santiago de Compostela e de apostar pola diversificación da economía rural na que se atopa unha parte importante de toda a nosa comarca.

A posta en valor do uso turístico dos recursos, a información turística, a atención ao público, a creación e a xestión de bases de datos relacionadas coas ofertas de hoxpederia, restauración e turismo activo.

O deseño e a execución de proxectos de promoción e dinamización, paquetes vacacionais, folletos, feiras de produtos agroalimentarios, xornadas gastronómicas.

Editar unha acumulación de campañas promocionais e materiais por parte das distintas administracións con competencia en turismo, particularmente neste caso das administracións locais, e que non redundan moitisimas das veces nun maior impacto do produto.

O que xa no seu momento, e nos apoiamos no pleno cando se presentou, que xa no seu momento sorprendeunos foi que por parte do Partido Popular que mentres buscaba as sinerxías que se acaban de plantexar neste pleno, pois do mesmo xeito, se botaba en contra dunha proposta do Partido Socialista para desenvolver conxuntamente, por todos aqueles concellos polos que pasaba o Camiño Inglés, pois a promoción conxunta do devandito camiño, e mesmo votou o Partido Popular en contra da mesma proposta do Partido Socialista na Deputación da Coruña.

Tamén nos sorprende que en base a Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da administración local, no que fai referencia á disposición transitoria undécima de dita lei, que fai referencia ás mancomunidades de municipios, e que dicía que no prazo de seis meses dende a entrada en vigor desta lei, as mancomunidades de municipios terían que adaptar os seus estatutos ao previsto no artigo 44 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para non incorrer en causa de disolución, quen gobernaba naquel entón no noso concello o grupo popular, pois non cumpriu co establecido na disposición transitoria undécima e se deixou esmorecer unha mancomunidad, que claramente é un instrumento importante e tamén para isto, porque como moi ben di precisamente a propia lei á que acabo de facer referencia, di que aquelas comunidades cuxo obxecto non sexa unha competencia propia do artigo 25.2 ou un servizo do artigo 28, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, deberá disolverse ou axustar o seu obxecto social as súas competencias ou servizos propios, pero precisamente, dentro desas competencias si que aparece información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local.

Polo tanto, o Partido Socialista como xa dixo naquel entón, o que non comprende é como se pode perder un instrumento importante, precisamente, para xuntar as sinerxías para incorporar a comarca á cadea de valor, neste caso turística, de Santiago de Compostela, e por outra banda, hai que facer un tipo de acordos dos que non estamos en contra, pero que non entendemos a contradición entre permitir a liquidación da mancomunidade para Santiago de Compostela, e precisamente a creación desta asociación, deste grupo de promoción turística.

Polo tanto, nós non estamos en contra do desenvolvemento dos traballos deste grupo de promoción turística, pero nos entendemos que existe nesta proposta unha certa contradición con outras actitudes, e polo tanto, o voto do Partido Socialista vai ser de abstención.

Alcalde: Moitas grazas Paco Reyes, Marta Lois.

Dona Marta Lois González: Boa tarde señor alcalde e boas tardes a todas e todos.

Bueno, vou intentar ser breve e concisa, pero en primeiro lugar teño que facer unha valoración da proposta, da primeira proposta do Partido Popular, e da defensa da mesma por parte do señor Hernández.

Eu creo que cando se fai, se ten a responsabilidade de exercer a oposición, tamén hai unha serie de exercicios que teñen que ver coa información e o seguimento adecuado dos temas que se propoñen.

Neste caso, cando se fala da petición ao pleno municipal de instar a que se potencie a promoción turística da Asociación Área Santiago coa elaboración dun plan de acción habería que saber antes, antes tamén de saír nos medios facendo declaracións neste sentido, que si que hai un plan de acción e que xa foi aprobado.

O grupo Área Santiago, e tamén lembro aquí non é unha asociación, o que hai é un convenio, o convenio da Área Santiago asinado por dezaseis concelleiros, que aprobou o plan de acción 2016, señor Hernández, que teño eu aquí e que lle vou facilitar de inmediato que é este plan, e aquí pódense ver algunhas das importantes propostas que se levan para o ano 2016, e que vostede nas súas intervencións públicas destes días atrás, nin sequera coñecía.

Na súa xuntanza aprobouse o 21 de decembro de 2015, señor Hernández, igual se adiantaron as vacacións de nadal para o Partido Popular.

Plan de acción que xa obra en posesión de todos os concellos.

Este plan de acción vaise estender ata o 31 de decembro de 2016, momento no que vai rematar o actual convenio para a promoción turística conxunta. E teremos a partir de aí, proceder a súa renovación, se procede.

As accións do grupo para este ano 2016, están convenientemente presupostadas dende entón, dende o 21 de decembro señor Hernández, tal e como figura neste plan que agora mesmo lle facilitarei.

Manténdose as achegas do conxunto total dos concellos, igualmente que nos anos 2014 e 2015, e alcanzando o total dos ingresos por este medio, por medio das achegas dos concellos. O total é de 45.000 euros, ao igual que nos dous anos anteriores.

A maiores, o grupo, está a buscar financiamento por outras vías, nomeadamente a través das liñas de financiamento previstas por Turismo de Galicia, para os seus destinos, para o que xa se ten iniciado o procedemento de solicitude, precisamente dende o Concello de Santiago, e liderando esta iniciativa, iniciáronse conversas e xestións para poder acadar financiamento pola vía dos seus destinos.

Por outra banda, e tal e como consta, na acta da xuntanza do grupo do 26 de outubro de 2015, o propio grupo acordou pospoñer as incorporacións de posibles novos concellos, como pode ser Teo, Ames ou Brión, para a vindeira anualidade para o 2017, coincidindo precisamente coa renovación do actual convenio.

Máis alá diso temos constancia, de que por exemplo no Concello de Ames, xa se levou a pleno, tratouse este tema, e amosaron o seu interese o propio goberno de Ames a incorporarse ao convenio de Área Santiago.

En definitiva, señor Hernández, para facer oposición, e máis alá da retórica compartida por todos os grupos, que entendo que a iniciativa e as propostas de políticas públicas turísticas de Área Santiago, son interesantes como estratexias turísticas compartidas, hai que ter a información correcta e saber en que marco de responsabilidade política estamos.

O goberno fai a súa tarefa, a oposición, e neste caso o Partido Popular tamén debería facer a súa.

Grazas.

Alcalde: Grazas Marta, señor Hernández, segunda quenda se quere facer uso da mesma.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Si por suposto.

Non me quedou claro, porque non o dixo a portavoz de Compostela Aberta cal vai ser o seu sentido de voto, non vou facer ningún comentario ao sentido do voto do señor Reyes, porque non entendín a súa posición, falamos de Área Santiago, non falamos da Mancomunidade.

En todo caso, nos o que pedimos é un plan de acción 2016-2017 e vostede o que di é que aprobaron as accións de Área Santiago para o ano 2016, curioso plan de acción, en todo caso, que non pasa, por exemplo, polo Consello de Administración de Incolsa, que é organismo que ten o concello en materia de turismo, non sabemos como se vai financiar, non o sabemos, porque non pasaron os orzamentos de INCOLSA polo Consello de Administración, e en todo caso probablemente iso non sexa unha falta de coñecemento deste grupo municipal, senón que probablemente sexa unha falta de transparencia dese grupo municipal.

Moitas grazas e máis nada.

Alcalde: Algo que engadir?.

Dona Marta Lois González: Si, o grupo de Compostela Aberta vaise abster nesta proposición.

Alcalde: Moitas grazas Marta, señor secretario pasamos a votación.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por 11 votos a favor dos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG (9PP e 2 BNG), e 13 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e CA (4 PSdeG-PSOE e 9 CA), acorda instar ao correspondente órgano de goberno a que impulse as accións necesarias para potenciar o papel de promoción turística da asociación “Área Santiago”, coa elaboración dun novo Plan de Acción, incluíndo a dotación orzamentaria para un axeitado funcionamento da entidade, a participación en exposicións, a concorrencia conxunta a convocatorias de axudas de organismos públicos e as xestións tendentes a lograr a adhesión ou reincorporación de novos concellos, en especial os de Teo, Brión e Ames, na procura de incrementar, tanto o atractivo da zona, como as posibilidades de promoción e o acceso a vías de financiamento das súas actividades.

3. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, RELATIVA Á ELABORACIÓN E DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA CULTURAL CONMEMORATIVO DE DIVERSOS ACTOS PARA O ANO 2016.

A proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular con data de 5 de febreiro do corrente ano, e número de rexistro 43, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o presente ano 2016 coinciden varios aniversarios de gran transcendencia que afectan a persoas ou acontecementos que, por diferentes motivos, teñen relación coa nosa cidade.

Todos eles presentan o trazo común de incidir na tradición literaria e na defensa da lingua e da cultura que sitúan a Compostela no ronsel dunha “cidade literaria” pola que traballan desde hai anos colectivos e institucións.

Algunhas destas efemérides xa foron postas de relevo, con acordos para a súa promoción no marco do Pleno da Corporación -como son o caso do centenario da fundación das Irmandades da Fala na nosa cidade ou o 160 aniversario do Banquete de Conxo-, pero existen outras que consideramos merecedoras de lembranza e celebración por parte do Concello e da veciñanza de Santiago.

Tal é o caso de:

- O Banquete de Conxo, celebrado hai 160 anos polo mes de marzo, que foi obxecto dun acordo plenario unánime no pasado mes de novembro para a súa promoción, rehabilitación e sinalización do seu espazo.
- As Irmandades da Fala, cuxa agrupación local de Santiago foi creada en maio de 1916, polo que celebramos este ano o seu centenario.
- O escritor Ramón María del Valle-Inclán, nacido hai 150 anos e falecido hai 80 anos en Santiago, onde pasou os seus últimos anos.
- O premio Nobel Camilo José Cela -medalla de Ouro da cidade- do que se cumpre en maio deste ano o centenario do seu nacemento.
- O poeta homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2016, Manuel María, autor da obra “Poemas a Compostela”, editada polo Concello en 2003.
- O xornalista Raimundo García González, “Borobó”, director de “*La Noche*” e “*El Correo Gallego*”, que en xullo cumpriría 100 anos.

- Ou o escritor, xornalista e editor Heraclio Pérez Placer, que foi veciño desta cidade durante máis de dúas décadas e autor do libro “*Narraciones compostelanas*” publicado por última vez na primeira década do século pasado, de quen se cumpren en 2016 os 150 anos do seu nacemento.

Son algunhas das figuras e feitos que consideramos merecen unha distinción e que poderían formar parte dun programa específico que servira para poñer de relevo a súa vinculación coa nosa cidade e a súa contribución á cultura galega e universal.

Un programa que ben podería agruparse arredor do lema: “2016: Ano da Irmandade Cultural”, poñendo o acento no papel conciliador e aglutinante da lingua e da literatura en Galicia.

Tendo en conta que os fitos sinalados se van sucedendo ao longo dos meses, sería preciso articular o programa canto antes, para tratar de aproximar as actividades que se poidan incluír ás datas de referencia de cada persoa ou actividades que se pretenda conmemorar.

No citado programa, e a simple modo de exemplo, podería contemplarse a posibilidade de editar algunha obra -de gran interese no caso de Heraclio Pérez Placer-, recuperar espazos para a memoria -caso do Banquete de Conxo, tal e como se acordou o pasado ano pola Corporación-, organizar algunha exposición propia ou colaborar na difusión dalgunha que estea a ser organizada coa mesma finalidade -caso da prevista sobre Camilo José Cela para finais de ano na Cidade da Cultura de Galicia-.

En consecuencia coa motivación exposta, e co ánimo de avanzar na posta en marcha do programa cultural canto antes, o Grupo Popular presenta á consideración do conxunto da Corporación o seguinte

ACORDO

O Pleno municipal insta ao correspondente órgano de Goberno a que articule e desenvolva un programa cultural para conmemorar ás persoas e acontecementos que ao longo deste ano 2016 celebren o seu aniversario e que destaquen pola súa contribución á cultura local, galega e universal. Un programa no que deberán ter especial relevancia o Banquete de Conxo, as Irmandades da Fala, Ramón María del Valle-Inclán, Camilo José Cela, o poeta Manuel María, o xornalista Raimundo García González “Borobó” e o escritor e editor Heraclio Pérez Placer.”

Alcalde: Proposición do Partido Popular.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Boa tarde.

Tal e como comentamos na exposición de motivos da nosa proposición, este ano coinciden varios aniversarios de persoas ou acontecementos que poderíamos cualificar de literarios, xa que logo de culturais, e que teñen vinculación coa cidade de Santiago.

Falar de cultura, eu o recoñezo, non sempre suscita consensos, sobre de todo, cando no debate participo eu, porque eu teño a costume ás veces de cuestionar determinadas concepcións culturais da esquerda que pasan por defender o que se chama o todo cultural, fronte pois a unha concepción alternativa, un tanto máis esixente do concepto de cultura.

Creo que neste caso imos concordar, e imos estar todos de acordo en que hoxe si falamos de cultura, pois a literatura, digamos esta é unha proposición que ten unha orientación literaria e unha dimensión clásica da cultura e os autores aludidos pasan perfectamente o tamiz da crítica e o tamiz do consenso.

Trátase como dicía de aniversarios de persoas e acontecementos que se inxiren ou coinciden na tradición de Santiago como cidade literaria.

Algúns dos aniversarios xa foron abordados neste pleno, é o caso do centenario da Fundación das Irmandades da Fala, que certamente ten unha dimensión que vai moito máis alá do literario, e o Banquete de Conxo que tamén ten unha dimensión que vai máis aló do literario e no que participaron, incluso, cos seus poemas autores como Pondal ou Aurelio Aguirre.

A eses acontecementos de significación cultural cabe engadir o aniversario do nacemento, non sabemos, si en medio da ría de Arousa, en todo caso, o aniversario do pasamento aquí en Santiago de Valle Inclán. Un Valle que pola lexendaria e suposta bibliografía e pola súa obra ofrece moitisimas posibilidades de lexítimo e atractivo aproveitamento cultural.

Contamos tamén co aniversario do nacemento de Cela. Co centenario e nacemento de Borobó, xornalista, ao que cabe situar pois nas beiras da literatura, toda vez que bo xornalismo pode ser definido como literatura de urxencia.

Contamos tamén, pois, co 150 aniversario do nacemento de Pérez Placer, un autor menos recoñecido, pero reivindicado pola crítica literaria.

E contamos, tamén, coa celebración do día das letras dedicado a Manuel María, que ten dedicado tamén obra a cidade de Santiago de Compostela.

Todos eles teñen unha relación literaria coa cidade.

Todos eles deixaron unha pegada bibliográfica na cidade, e todos eles recrearon, inmortalizaron ou sublimaron esta cidade.

Para todos eles esta cidade foi escenario da súa vida, da súa obra literaria ou cando menos xornalística.

Pensamos, pois, que todos eles deberían integrar un programa específico que sérvese para por en valor a secular dimensión literaria de Santiago de Compostela.

Neste punto, pois, non quero deixar de mencionar, e incluso, de recomendar un librito do que é autor un funcionario desta casa, Jesús Curros, titulado “Compostela mil anos de literatura”.

Facer de Santiago unha cidade literaria, e un modo de incrementar o que Ferran Marcarell chamaba a súa densidade cultural, e un modo de facer que o paso dos residentes, ou o paso dos visitantes pola mesma, non sexa un paso efímero ou un paso superficial, pensemos por exemplo nas posibilidades que hoxe conceden as novas tecnoloxías, especialmente os códigos QR, que posibilitan que un determinado espazo público ante unha determinada vivenda pois poidamos coñecer toda a dimensión literaria, ou toda a dimensión social, de historia social, ou de historia arquitectónica vinculada a esa infraestrutura.

Tal programa podería cualificarse de irmandade cultural, pois entendemos que a literatura ensina a ser tolerante, neste sentido, recomendaría a lectura do precioso discurso de Mario Vargas Llosa cando recibiu o premio nobel, non vaian pensar que recomendo a lectura de Mario Vargas Llosa porque sexa liberal, porque se o pensan acertarán, e ademais eu creo que se lle podería cualificar a este programa de irmandade cultural, porque tamén apunta ás posibilidades de convivencia entre as diversas linguas.

Tal programa debería contemplar a posibilidade de editar algunha obra, de recuperar e visibilizar espazos, de organizar algunha exposición ou representación, e de colaborar con iniciativas que teñen xa como obxecto xa a difusión de tales acontecementos ou de tales autores.

Pensamos que, bueno, podemos acadar o apoio de todos os grupos e particularmente se me permiten a anécdota, pois o propio apoio do alcalde, porque non sei se todo o mundo sabe que o noso alcalde inspirou unha personaxe literaria, que se chamaba Marcos Negreira nunha coñecida novela negra, por certo, aínda que o alcalde non tiña culpa ningunha da novela, unha novela que tivo un certo éxito literario no ano 2010.

Máis alá destes desenfadados motivos, hai motivos obxectivos, pensamos que unha cidade cun ambiente literario é unha cidade máis suxestiva e máis produtiva.

E por todo iso, en definitiva instamos ao goberno municipal a articular e a desenvolver un programa cultural para conmemorar ás referidas persoas e acontecementos, sen menoscabo tamén, de que nos poidamos sumar ao centenario do pasamento de Cervantes e Shakespeare, iso si, sen incorrer en necesarias politizacións.

Nada máis grazas.

Alcalde: Moitas grazas señor Brunete, Goretti.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Ben, boa tarde.

Para continuar logo co que é habitual e vou comezar comentando que non esta de acordo o Bloque Nacionalista Galego neste caso, co que é unha proposición, e unha exposición aquí, onde se xuntan pois unha serie de personaxes de relevancia, absolutamente todos eles dignos e merecentes de levar a cabo desenvolvemento de actividades de recoñecemento, e actividades que poidan servir, por suposto, para impulsar o turismo e o coñecemento fondo de todas as persoas habitantes de Santiago, que consideramos que si que está ben que se faga, mais que non entendemos cal é a ligazón que teñen entre si no seu conxunto, algunhas delas si, mais non todas o conxunto.

Entendemos que é lóxico que se faga, que se celebre de maneira individual, de maneira aparte, o ano das Irmandades da Fala, este é un ano ademais recoñecido nunha declaración do Parlamento galego por unanimidade de todos os grupos, como un ano especial, é un recoñecemento a un labor que é colectivo, non é dunha persoa en especial, senón dun grupo, dun grupo que supón moito para a nosa identidade lingüística, cultural, histórica e nese caso, ademais, sabemos por declaracións dende o secretario xeral de cultura e o propio conselleiro da relevancia que se lle pretende dar dende a propia Xunta de Galiza, que acolle esta declaración unánime do Parlamento, e que vai desenvolver de maneira específica un programa para isto.

O certo é que poderíamos unir, eu podería propor uns cantos nomes máis, que se poderían unir a estas listas, empezando por algunha muller, pois María Casares, o vinte aniversario do seu falecemento, a propia Begoña Caamaño, xornalista tamén, e autora que nos deixou recentemente.

Claro é certo, poderíamos facer unha programación cultural ampla, onde todas e cada unha destas persoas, destes colectivos, pois merezan a atención da capital de Santiago, que ten que ser un referente cultural, por suposto que si, mais pensamos que é algo

absolutamente singular, o ano das Irmandades da Fala, que iso está avalado pola Declaración do Parlamento Galego, que a propia Xunta e todas as institucións van traballar nesa liña, e que facelo, incluír iso nunha especie de irmandade cultural, pois pode ser mesmo equívoco, 2016 ano da irmandade cultural e Irmandades da Fala, que pode ser equívoco para un sector da poboación.

Polo tanto, non nos opomos, por suposto a que haxa programación, programación de reivindicación de todas e cada unha das persoas aquí nomeadas e outras que tamén se nos poidan ocorrer, mais pensamos que non ten moito sentido a unificación, e menos a unificación nesa declaración de ano de irmandade cultural, que parece un pouco, que pode ocultar o que ten que ser dende a nosa perspectiva o centro dunha actividade cultural importante dende Santiago deste ano 2016, a celebración do ano das Irmandades da Fala.

Alcalde: Grazas Goretti, quenda do Partido Socialista.

Dona Milagros Castro Sánchez: Ola e boa tarde a todos e todas.

Coincidimos co Partido Popular, co grupo municipal do Partido Popular na idea de que a cultura literaria relacionada coa nosa cidade merece apoio e promoción.

Agora ben, a lista concreta de efemérides e de autores que deben ser homenaxeados, pode suscitar un grao de coincidencia variable, posto que xa se saben os gustos literarios e a valoración da contribución de cada escritor son sempre subxectivos e cuestionables.

En todo caso, é certo que neste ano 2016 coinciden varias celebracións e centenarios de acontecementos e figuras da literatura vencellados a Santiago.

Esta circunstancia merece, cremos, un programa de actividades culturais que contribúan a difundir o seu labor, a conservar a súa memoria, e a promover a creación literaria, por iso o noso voto vai ser favorable á proposición presentada.

Nada máis.

Alcalde: Moitas grazas e grazas tamén pola brevidade, Marta Lois a súa quenda.

Dona Marta Lois González: Moitas grazas señor alcalde.

A literatura ocupa un lugar central na acción cultural municipal.

Este ano Santiago de Compostela é cidade convidada na feira do libro de Bos Aires, onde presentaremos o mapa do libro de Compostela, un proxecto que desenvolvemos en

colaboración co sector do libro da cidade, editoras, librarías, autores e autoras, están implicados no proxecto de construción do mapa do libro de Compostela, para o que temos espazo e data de presentación, será o vindeiro día 23 de abril na feira do libro de Bos Aires.

Este é un ano de celebración, de celebración do convite de Bos Aires, de relacionar autores e autoras das cidades, de compartir escritas, influencias culturais, e facer tamén unha viaxe literaria entre dúas cidades.

Durante o ano 2016, atenderemos á celebración tamén do pasado, Rosalía, Shakespeare, Manuel María, Cervantes, Valle e o movemento das Irmandades da Fala, terán todo se todas elas unha presenza expandida na nosa programación cultural.

Relacionaremos a literatura coa escena con pezas dedicadas á revitalización dos clásicos. A literatura terá unha grande visibilidade na rúa a través de campañas gráficas, xa que imos apoiar no mobiliario urbano municipal para conectalo con públicos inesperados.

Tamén leremos na rúa, tamén escoitaremos textos vivos nos teatros.

Acreditamos que a literatura, non só é celebración do pasado, é tamén, recoñecemento da palabra presente.

Integramos, polo tanto, tamén na programación de acción cultural a palabra e escrita a través de intervencións, de coloquios, de conferencias, cos que activamos a zona C, nos que acolleran intervencións de mulleres dedicadas, como a editora Bárbara Boullosa, e as escritoras Luz Pichel e Mireia Sentís, na liña de visibilizar a creación das mulleres.

Tamén haberá espazo para celebrar o día da poesía, o 21 de marzo. O día do teatro, o 27 de marzo. O día do libro, o 23 de abril.

Con apostas textuais híbridas tal e como é hoxe a natureza da literatura sen fronteiras, a literatura do futuro, sen espazos pechados, sen xéneros, mestiza. Desenvolveremos durante o ano procesos de mediación e animación á lectura a través das nosas bibliotecas municipais que comparten e accionan segundo a visión conxunta da área celebrando os clásicos, a palabra das mulleres e a escrita mestiza fora, tamén na rúa, tamén nos teatros, nos centros socioculturais, e nas rúas de Compostela.

Por todo este compromiso, por todas estas accións, a dirección do voto de Compostela Aberta respecto a esta proposición será de abstención.

Grazas.

Alcalde: Señor Brunete a súa quenda.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Simplemente dúas cousas.

Por unha banda, pedirlle ao goberno municipal que non se vaian despistar co calendario, digo porque xa estamos no mes de febreiro, e despois o que se diría, é que o tema do canon literario sempre foi polémico, eu pediría por unha banda que non se relaxe demasiado, pero por outra banda eu non quixera un canon literario tan estrito como o do Haron Blow señora Sanmartín, porque realmente en fin unha cousa non quita a outra, e celebrar as Irmandades da Fala, pois non quere dicir que non se poida celebrar, pois a singularidade do pasamento de Valle Inclán.

Nada máis.

Alcalde: Goretti a súa quenda.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Si é evidente que non escoitou moi ben señor Brunete a miña intervención, porque eu xustamente dixen iso mesmo, por suposto que se pode celebrar a Valle Inclán, por suposto que se poden celebrar as persoas que aparecen aquí, e xa comentei tamén que algunhas delas están intimamente relacionadas tamén coas Irmandades e poderían ir mesmo nun conxunto, mais non outras, daquela a celebración pode ser máis non dentro do que entendo eu, do que se chama conxuntamente “ano da irmandade cultural”, entendo que ese é xustamente o que nos non vemos, non que non poidamos ter unha programación para desenvolver actividades de coñecemento de todas e cada unha das figuras literarias que aparecen aquí, todas con especial recoñecemento e vinculación a Santiago de Compostela, non dixemos iso en ningún momento, senón o único que entendemos que non deben de ir dentro desa denominación de “ano irmandade cultural 2016”, senón que debe, neste caso, apostarse por unha denominación aprobada, insisto, por unanimidade no Parlamento “Año das Irmandades da Fala”, e que iso merece unha especial atención, singular e específica, e iso non quita, por suposto que se faga toda a planificación necesaria para que o resto das personalidades literarias tamén merezan toda a actividade.

Alcalde: Algo que engadir, pasaríamos señor secretario a votar a proposición do Partido Popular.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 4 PSdeG-PSOE), e 11 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (9 CA e 2 BNG), acorda instar ao correspondente órgano de goberno a que articule e desenvolva un programa cultural

para conmemorar ás persoas e acontecementos que ao longo deste ano 2016 celebren o seu aniversario e que destaquen pola súa contribución á cultura local, galega e universal. Un programa no que deberán ter especial relevancia o Banquete de Conxo, as Irmandades da Fala, Ramón María del Valle-Inclán, Camilo José Cela, o poeta Manuel María, o xornalista Raimundo García González “Borobó” e o escritor e editor Heraclio Pérez Placer.

4. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Á CREACIÓN DUN REXISTRO DE CAMIÑOS PÚBLICOS E A SÚA CORRESPONDENTE ORDENANZA.

O texto da proposición presentada con data 8 de febreiro do corrente ano, número de rexistro 44, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa á necesidade crear un rexistro de camiños públicos e a súa correspondente ordenanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas décadas Santiago de Compostela conseguiu transformar a cidade histórica mediante o planeamento e a arquitectura. Logrouse o equilibrio entre a necesidade de conservar e a de transformar a cidade, mais aínda queda moito camiño por percorrer para obter o equilibrio entre a cidade histórica e os barrios e aldeas que a flanquean.

En Galiza houbo un asentamento rural tradicionalmente disperso. Neste xeito de establecerse, tamén nos arrabaldes das cidades, cobran moita importancia os camiños de servidumes e de servizos para predios ao servizo da mobilidade das persoas e para desenvolver actividades rurais. Mais, a medida que a sociedade agrícola vai desaparecendo e transformándose, aqueles camiños convértense en estradas, viais e rúas do municipio. No entanto nalgúns casos seguen a ser camiños de servidume, de servizo, camiños privados... que foron obxecto, e seguen a sê-lo, de conflitos dirimidos moitas veces nos tribunais de xustiza, pois, se ben é certo que existe unha presunción de camiño público respectada pola veciñanza, non sempre se respecta no outorgamento de licenzas de edificación e/ou parcelacións, dando lugar a conflitos entre a veciñanza ou de parte desta coa Administración.

Os usos dos camiños públicos variaron nas últimas décadas a medida que a sociedade foi evolucionando. Se estes deixan de ser utilizados ou non se vixían, os particulares tenderán a os usurpar. Existen medios xurídicos para que os concellos loiten contra os

usurpadores potenciais e reais. Os xestores do público, os Concellos, están obrigados a defender os camiños públicos.

O fomento do uso público dos camiños é o sistema máis eficaz para a súa custodia, pois implica o conxunto da poboación que os considera como parte do seu patrimonio colectivo.

Na Constitución española aparecen diversas referencias ao uso e defensa dos camiños públicos e a Lei de bases de réxime local establece que os municipios exercerán competencias sobre “conservación de camiños e vías públicas”, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas. O concepto conservación hai que o entender nun sentido amplo: creación, inventario, afectación e desafectación, deslinde, ampliación, sinalización, conservación, regulación de usos, vixilancia, disciplina e recuperación, a fin de que se garanta o uso ou servizo público do camiño.

A primeira e primordial defensa que podemos facer en defensa dos camiños municipais é que se elabore o inventario de camiños públicos (de dominio público e patrimonial) e servidumes de paso (dereitos reais).

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. Elaborar os traballos necesarios para a creación do inventario de camiños públicos do municipio.
2. Que o Goberno local se comprometa, unha vez elaborado o inventario de camiños públicos, a redactar a súa correspondente ordenanza.”

Con data 16 de febreiro o grupo popular presentou unha emenda á proposición transcrita:

“O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte **EMENDA DE MODIFICACIÓN DA PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CREAR UN REXISTRO DE CAMIÑOS PÚBLICOS E A SÚA CORRESPONDENTE ORDENANZA**, de data 1 de febreiro de 2016.

Propónse a modificación do punto 1 do texto resolutivo, de xeito que a redacción final resultante sería a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. Elaborar os traballos necesarios para a redacción do inventario de bens municipais, comezando pola actualización do inventario de camiños públicos do municipio.
2. Que o Goberno local se comprometa, unha vez elaborado o inventario de camiños públicos, a redactar a súa correspondente ordenanza.”

Alcalde: Pasaríamos agora a unha proposición do BNG para a elaboración dun rexistro de camiños públicos e a súa correspondente ordenanza, lembro que nesta proposición hai unha emenda do Partido Popular, de modificación, que o BNG ten que dicir se a asume ou non asume, Rubén Cela a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Tal e como reflicte a nosa proposición nas últimas décadas Santiago conseguiu transformar a cidade, mediante todo o que tivo que ver co planeamento urbanístico e coa propia arquitectura.

Logrouse un certo equilibrio entre a necesidade de conservar, e a necesidade de transformar a cidade, mais quedou moito camiño por percorrer para obter un equilibrio entre o que é a cidade histórica, os barrios e aldeas que a flanquean.

A Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, establece no seu artigo 36.1, que as administracións públicas deben inscribir nos seus correspondentes rexistros os bens e dereitos que o integran, e que procurarán a súa inscrición rexistral e exercerán as potestades administrativas e accións xudiciais que sexan procedentes para iso.

Esta mesma lei, daba de prazo cinco anos, que xa venceu en novembro de 2008 para proceder a inventariar e a inscribir no rexistro os ditos bens inmoables.

Na propia Constitución española aparecen diversas referencias ao uso e defensa dos camiños públicos, e a Lei de Bases de Réxime Local, establece que os municipios exercerán competencias sobre conservación de camiños e vías públicas nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas.

Dende o noso punto de vista ese concepto de conservación hai que entendelo no seu sentido máis amplo, no de creación, inventario, afectación e desafectación, deslinde, ampliación, sinalización, conservación, regulación de usos, vixilancia, disciplina e recuperación. Todo iso a fin de que se garanta o uso ou o servizo público do propio camiño.

A primeira e primordial defensa que podemos facer en defensa deses camiños municipais, e que se elabore un inventario de camiños públicos e servidumes, aínda sabendo que esta última, a servidume, non é unha competencia municipal.

Cremos que iso é así, porque a desaparición dos usos tradicionais esta facendo e xa fixo que esa enorme malla de camiños rurais desapareza, algúns deles, pois meritorias de obras de enxeñería tradicional que permitían comunicar quinteiros, zonas de cultivo, aldeas.

Os concellos durante moitas décadas non asumiron estes camiños tradicionais como parte da súa rede viaria, e o desleixo, a vexetación e algúns propietarios e propietarias demasiado espelidos, pois acaban por pechar eses accesos.

Os camiños tradicionais, algúns deles milenarios, e non nos estamos a referir neste caso ao Camiño de Santiago que tamén o é, ... do noso propio país, pero moitos deles fican como acabo de comentar no esquecemento segundo se van deixando de empregar.

A falta dun inventario rigoroso no noso concello, fai que se outorguen licenzas que van ás veces en contra da existencia deses propios camiños, de feito, en canto fixemos pública esta proposición, púxose en contacto con nós un veciño de Santiago que nos fixo partícipes do seu problema, tivo que acudir ao xulgado e trasladarse varias veces a Madrid, para atopar os documentos que demostran que un camiño que fora anulado por un peche dunha finca con licenza, era de uso veciñal.

Agora ten todos os papeis e toda a documentación que lle da a razón, por certo, esa persoa tamén acudiu ao Valedor do Pobo, neste caso a Valedora, que segundo nos consta pois requiriu a documentación a este concello que non lle foi, que nos saibamos, de momento proporcionada.

Pola contra, nalgúns concellos déronse pasos importantes nos últimos anos, elaborando, pois, un inventario ou rede de camiños públicos, como é o caso de Oleiros, de Porriño, de Salceda de Caselas, de Bueu, ou moitos outros.

Por ese motivo dende o Bloque Nacionalista Galego, cremos que sería moi positivo que se realizasen pois os traballos necesarios para a redacción dun inventario de bens municipais, comezando pola actualización do inventario de camiños públicos do propio municipio, e que unha vez que se elabore ese inventario, pois se redacte a súa correspondente ordenanza.

Como comentaba anteriormente o propio alcalde, hai unha emenda do Partido Popular, que a nos parécenos unha emenda correcta, porque non modifica a petición que facemos

deste inventario e da conseguinte ordenanza, e inclúe unha cuestión que nos parece totalmente razoable e que ven demandando de xeito reiterado a propia intervención deste concello, e é que se elabore un inventario dos propios bens municipais, e polo tanto, que iso se poida de ter en conta á hora da elaboración dos respectivos orzamentos municipais.

Polo tanto, aceptamos esa emenda.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas, don Paco Reyes a súa quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde.

Os camiños públicos como as vías rurais teñen sido empregados historicamente dende os seus inicios como un medio de comunicación entre os propios residentes dun concello e os concellos limítrofes, así como para a cobertura das diferentes necesidades cidadás.

A competencia municipal en materia de vías públicas recolle tanto as urbanas como as rurais, e é unha obriga das entidades locais, mantelas en bo estado de conservación, como así plantexa o artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Os camiños públicos e os camiños rurais conforman unha parte considerable dos nosos concellos, e son considerados como un ben de interese xeral, patrimonial e medioambiental dos nosos pobos.

A catalogación dos camiños e o rexistro dos mesmos ven indicado na Lei reguladora das bases de réxime local, e o Regulamento de bens das entidades locais, que sinalan que é obriga dos concellos de dispoñer dun inventario de todos os seus bens calquera que sexa a súa natureza, referíndose especialmente aos camiños como bens de uso público local.

Os gobernos municipais e as corporacións no seu conxunto teñen a responsabilidade de velar polo patrimonio municipal, sendo unha parte do mesmo os camiños municipais de uso común, para disfrute de todos os veciños dun concello e cidadáns e cidadás en xeral.

A Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas é explícita cando sinala nos seus artigos 28 e 32, respectivamente, que as administracións públicas están obrigadas a protexer e defender o seu patrimonio, a tal fin, protexerán adecuadamente os bens e os dereitos que os integran, procurarán a súa inscrición

rexistral e exercerán as potestades administrativas e accións xudiciais que sexan procedentes para iso.

Tamén as administracións están obrigadas a inventariar os bens e dereitos que integran o seu patrimonio, facendo constar cos suficientes detalles nas mencións necesarias para a súa identificación, e as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica, e o destino e uso ao que están dedicados.

Ademais, como temos comentado, os concellos contan coa súa propia lexislación que lles obriga a elaborar e actualizar o inventario de bens e dereitos, como amosa o artigo 86 do Real decreto do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Polo tanto, ademais, o artigo 17 da Lei pola que se aprobou o Regulamento de bens das entidades locais, establece, non soamente, a obriga de formar os inventarios, senón tamén a incluír no inventario o catálogo de camiños públicos no rexistro municipal, como propiedade de titularidade pública, a nome do concello neste caso, sería de Santiago de Compostela, co obxecto de garantir a protección como ben de dominio público de ditos camiños destinados ao uso público.

Do mesmo xeito, que tamén, se obriga a elaboración e aprobación dunha ordenanza municipal conforme á Lei reguladora das bases de réxime local, na que se establece, entre outros aspectos, a natureza xurídica, cualificación e a regulación dos camiños rurais municipais, no noso caso, do Concello de Santiago de Compostela.

Polo tanto, e dito todo o anterior, e dado que existe a obriga que temos todos os membros, concelleiros e concelleiras, de cumprir a lei, a obriga de velar polo patrimonio de todos os composteláns e compostelás. A obriga de dispoñer dun inventario de todos os bens, calquera que sexa a súa natureza, e a obriga de exercer as accións necesarias administrativas e xudiciais para a defensa dos seus bens e dos seus dereitos, e por todo iso, polo que o único voto posible do grupo municipal Socialista diante desta proposta do BNG é do voto afirmativo.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas, Rafael Peña.

Don Rafael Peña Vidal: Grazas señor alcalde, e boa tarde a todos e a todas, compañeiros e compañeiras de corporación.

Adiantar que o noso voto vai ser positivo.

Alcalde: Perdón, que teñen que intervir primeiro os compañeiros do Partido Popular, Manuel a súa quenda e desculpe.

Don Manuel Martínez Varela: Non pasa nada. Vou ser moi breve na intervención, simplemente indicar que todos somos conscientes da importancia de que calquera administración teña identificados todos os seus bens, non só os camiños municipais, como se puxo de manifesto na exposición de motivos da proposición do Bloque Nacionalista Galego, senón que tamén a propia lexislación, o Regulamento de bens das entidades locais establece a obriga de ter un inventario actualizado de todos os bens e dereitos, e dentro deste, unha parte deste inventario, ademais así ven marcado por lei, é o inventario de camiños municipais, por iso presentamos unha emenda para engadir que se inicien os traballos, que non son traballos que se poidan levar a cabo en dous meses, porque hai que ter en conta, porque senón me equivoco, o actual inventario de bens que ten o Concello de Santiago é dos anos 60, ou sexa é anterior incluso ao nacemento dunha parte moi importante dos que estamos aquí.

Entón, eu creo que esta é unha actuación que hai que levar a cabo, hai que facela agora, hai que empezar, que se vai empezar polo tema dos camiños municipais, pois ben, pero haino que facer dun xeito inmediato.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas, agora si Rafael a súa quenda.

Don Rafael Peña Vidal: Saúdo de segundas, boa tarde a todos e a todas.

Si tiñamos tantas obrigas, porque non se fixeron ata agora, ao final, estanos a dicir que o inventario que temos é dos anos sesenta, entón, pois todos estes anos ata aquí que se fixo para avanzar nesa materia, e agora, pois traedes aquí para que o goberno de Compostela Aberta pois faga ese traballo de corenta anos.

Dito isto, pois o Concello de Santiago actualmente conta cun só enxeñeiro de camiños, que nin tan sequera é funcionario, antes había dous, e tamén estaba o alcalde, Agustín Hernández, pero non se dedicaba tampouco a iso en exclusividade, isto vamos a ter, e que claro vides aquí cunhas cousas, que as veces digo eu, si isto había que telo feito e non está feito, e agora de repente, pois étranos as urxencias a todos, entre cousas, porque se nos empezamos a meter polos camiños rurais e camiños veciñais, pois podemos botar aí a vida, porque temos que empezar a lidiar cunha serie de veciños e veciñas que xa levan anos seguramente esas zonas. Estanos pasando incluso agora canado queremos abrir unha cuneta, e nos atopamos cunha leira de nabizas, pois si, ata ese punto de que nunca houbo un control.

Evidentemente, as vías están recollidas no Plan xeral, cando queremos facer unha actuación sobre viario, pois tamén temos o catastro e temos o plan xeral, que é como que imos tirando.

Dito iso, procederemos a facer o encargo que se fai nesta proposición, e terá que ser supervisado, por suposto, por patrimonio.

As afeccións ás que está sometida a rede viaria deste concello son moitisimas, dende patrimonio, augas de Galicia, ADIF, etc., iso tamén dificulta ás veces as actuacións, e si que é preciso, pois que teñamos unha ordenanza.

Tal e como estiven vendo estes días pasados parece ser que é un traballo dificultoso, tan dificultoso que non o deron feito en trinta anos, polo que non son tampouco tan optimista de que o vaiamos a ter tan brevemente, máis intentarémoslo.

Grazas.

Alcalde: Grazas Rafael, Rubén algo que engadir?

Don Rubén Cela Díaz: Grazas e moi brevemente alcalde.

Si que máis alá das brincadeiras, o certo, é que creo que ten un transfondo bastante serio isto.

Creo que o que non pode ser, é que o Concello de Santiago lle dea unha licenza a un veciño para facer o peche dunha finca, ou para a construción dunha vivenda, e que tempo despois se entere de que non se pode facer, ou ao revés, alguén que ten un paso, un camiño público que historicamente foi así, se atope que o concello legaliza unha cuestión que non é legalizable, entón, nese sentido, pois creo que temos que ter seguridade xurídica, e hai dous temas que son diferentes, paréceme ben, a aportación que facían os compañeiros e compañeiras do Partido Popular, pero son diferentes, por unha parte está ese inventariado do que ten que ver cos camiños públicos e que sexan visibles e recoñecibles tamén, todo o que ten que ver coas servidumes, e outra cousa diferente é o inventariado dos bens patrimoniais propios do concello.

O que si que é certo, é que de xeito reiterado, ou polo menos, eu dende que estou neste concello nos informes da propia intervención, sempre se fai referencia no que ten que ver incluso cos capítulos das amortizacións do propio concello a falta dese inventario.

Entón, incluso, creo que teñen prioridades diferentes. Eu dende logo, priorizo o inventariado dos camiños públicos, sobre incluso, o propio inventariado dos bens patrimoniais do Concello de Santiago.

Secretario: Se me permite o señor alcalde e para ilustrar un pouco o tema, o último documento oficial que coñezo é do ano 78, e despois cara o ano 95, fíxose un contrato que quedou fallido cunha auditora que se chama “Deloitte Touche”, hai un traballo bastante acaído, o que pasa, que efectivamente o grao de falsabilidade a xuízo dos técnicos non era moi grande, e non é oficial, e de feito cada vez que hai un cambio de corporación hai que poñer o inventario, en fin, temos unha referencia, pero é certo que tiñamos que ter un inventario oficial aprobado.

Alcalde: Grazas señor secretario, pasamos á votación que creo que é por unanimidade.

Rematado o debate, e aceptada a emenda formulada polo grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación por unanimidade dos presentes, acorda:

1. Elaborar os traballos necesarios para a redacción do inventario de bens municipais, comezando pola actualización do inventario de camiños públicos do municipio.
2. Que o Goberno local se comprometa, unha vez elaborado o inventario de camiños públicos, a redactar a súa correspondente ordenanza.

5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A CREACIÓN DUN “BONO MUSEOS DE COMPOSTELA”.

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como complemento da súa riqueza monumental e como unha fortaleza para reforzar a súa tradicional vocación cultural, a cidade de Santiago dispón dunha ampla oferta de instalacións que atesouran no seu interior mostras históricas e artísticas de gran valor.

Segundo o inventario dispoñible, existen 15 museos de moi variada temática, dependentes de distintas institucións ou entidades, públicas e privadas, que ofrecen a posibilidade ao público en xeral de visitar, nalgúns casos de balde ou na maioría dos casos mediante o pagamento dunha entrada, os propios edificios, considerados en moitos casos como verdadeiras obras de arte, e as singulares e valiosas pezas que acubillan no seu interior.

Moitos destes lugares teñen vinculación coa Igrexa (Museo da Catedral, San Martiño Pinario ou os museos de Terra Santa ou de Arte Sacra), outros están xestionados ou participados polas distintas administracións públicas (Museo das Peregrinacións e de

Santiago, Centro Galego de Arte Contemporánea, Centro Gaiás, Museo Granell, Museo Pedagógico de Galicia), dous deles teñen relación coa USC (Museo de Historia Natural ou Colección do Colexio Médico) e outros, en fin, teñen carácter privado ou mixto dependendo de asociacións con participación ou non das administracións (caso do Museo do Pobo Galego ou A Casa da Troia).

O certo é que este importante número de instalacións apenas son coñecidos pola inmensa maioría da veciñanza do concello e tamén pasan desapercibidos para gran parte das persoas que ao longo dos anos nos visitan.

A proposta que presenta o Grupo Popular pretende que por parte do Goberno municipal se promova, mediante o diálogo e os acordos precisos entre todas as entidades actúantes, unha estratexia de promoción conxunta articulada arredor da creación dunha tarxeta única, que se podería denominar “Bono Museos de Santiago”, que permita o acceso a todas estas instalacións en condicións vantaxosas, con independencia de que cada unha delas poida manter o seu particular réxime de visitas como o vén facendo na actualidade.

Esta medida comportaría moitos beneficios. Á parte do evidente aforro económico que a cidadanía podería obter, permitiría visibilizar e dar a coñecer no propio bono a oferta museística existente, suscitando a expectativa de ampliar e mesmo completar as visitas a cada un destes centros culturais. Esta posibilidade podería contribuír a aumentar as visitas a moitos deses lugares –cos beneficios que iso podería ter para a propia autonomía e apertura pública destas instalacións (pénsese no Museo da Colexiata de Sar, cuxa reapertura e adhesión debería ser abordada)- e tamén podería incidir en prolongar a permanencia na cidade das persoas que nos visitan, co reflexo que iso tería para o obxectivo de incrementar a estancia media ao longo do ano.

Ademais, a iniciativa podería ser ampliable ao grupo de “Área Santiago”, dando cabida tamén a outras instalacións da nosa contorna máis inmediata, onde se teñen inventariado outras 15 instalacións expositoras, entre elas o Museo Terra de Melide, a Casa Museo de Rosalía de Castro en Padrón, a Fundación Camilo José Cela de Iria Flavia, o Museo municipal de Lalín e varios centros de interpretación e divulgación ou museos etnográficos, distribuídos entre os dezaseis concellos que actualmente integran esta asociación intermunicipal para a promoción do turismo.

En consecuencia, o Grupo Popular presenta para a consideración do conxunto da Corporación o seguinte

ACORDO

O Pleno municipal insta ao correspondente órgano de Goberno a que promova, mediante o diálogo e a concertación coas entidades involucradas, a creación dun “Bono Museos de Santiago”, unha tarxeta única que permita o acceso, en condicións vantaxosas, ao conxunto das instalacións e centros de divulgación artística e cultural existentes na nosa cidade, sen renunciar a ampliar a súa efectividade a outras instalacións radicadas en concellos que compartan a súa pertenza á asociación “Área Santiago”.

Alcalde: Pasamos a tratar a proposición do Partido Popular relativa ao bono museo de Compostela, María Antón a súa quenda.

Dona María Ángeles Antón Vilasánchez: Grazas e boas tardes.

O Partido Popular trae hoxe a este pleno unha proposición para a consideración do conxunto da corporación que consideramos abrangue conceptos cos que todos estaremos de acordo.

É unha proposición dirixida e pensada para as persoas, facilita o acceso á cultura, abre portas e fiestras dos nosos espazos museísticos, fundacionais e expositivos da cidade.

Visibiliza unha oferta existente e moitas veces descoñecida.

Implica ao conxunto de axentes sociais por ser necesaria a cooperación non só entre administracións, senón tamén entre o público e o privado, e permitiría aumentar a oferta aos visitantes e turistas na procura de elevar esa estancia media, da que xa se falou hoxe aquí esta tarde.

En fin, que consideramos que é unha proposición que cumpre con moitos dos requisitos fundamentais do bo goberno, xa que si esta cidade ten un relato, este está escrito entre os muros de pedra dos edificios, que por si mesmos, representan un alto valor patrimonial, pero que ademais agochan importantes pezas dun patrimonio histórico artístico de gran valor.

Moitas veces continente-contido pasan desapercibidos, mesmo para a propia veciñanza da cidade, e case sempre, para os turistas ou visitantes que se acercan a Santiago pero que non saen da contorna da catedral, nin entran en espazos pretos da mesma, como pode ser o caso, de San Martín Pinario, unha xoia de singular valor que pasa desapercibida.

Santiago ten no eido cultural unha das súas principais sinais de identidade, e por en, non se está rentabilizando todo o seu potencial, xa que existe un gran descoñecemento das

posibilidades de oferta museística, xa sexa de exposicións de carácter permanente, ou de exhibicións temporais.

Esta proposición vai no camiño de instar ao goberno a buscar canles de cooperación entre as institucións públicas e privadas, que teñan a responsabilidade de xestionar un espazo museístico, unha colección visitable, ou calquera outro modelo que se desenvolva nunha actividade de exhibición cultural, xa que ata o de agora son escasas as iniciativas conxuntas neste sentido.

Entendemos que con esta iniciativa, chámese bono museo, ou calquera outro termo que se determine, se permitiría acadar o fin proposto, e así, gañaríamos en ampliar a oferta cultural da cidade, visibilizar estes espazos, e seguir afondando no posicionamento da cidade cultural, fronte a cidades competidoras, pero sobre de todo, o que se pretende é crear sinerxías entre as diferentes institucións, para que todas gañen público.

Trátase de sumar, xuntar esforzos humanos, técnicos e orzamentarios, de poñer en común o patrimonio de cada un para lograr un beneficio social maior.

É certo que o ano 2015 foi en xeral, un bo ano para os museos que conseguiron aumentar o seu número de visitantes, pero non é menos certo, que as posibilidades de incrementa esta afluencia quedan reflectidas nas enquisas de ocio e hábitos culturais dos galegos, como por exemplo a do IGE, que nos di que dous de cada tres galegos, recoñecen que non entraron nun museo nin unha soa vez ao ano.

Esta realidade debe servirnos para insistir na necesidade de dar a coñecer o patrimonio museístico da cidade, de elaborar iniciativas e programas de actividades que permitan atraer novos públicos e manter os vellos, dándolle así, un papel activo ao museo que busca a participación cidadá.

Hoxe en día os museos non se cinguen a simple exposición, senón que están altamente recoñecidos como foco de creación, de reseñador cultural e de cohesión social.

A nosa cidade conta con espazos dabondo como para poder ofrecer un amplo abano de experiencias complementarias entre si, e configurar un produto museístico moi atractivo.

Esta proposta, que ten en si mesma, un fin que é o coñecemento de Santiago, pode ser perfectamente extensible a Área Santiago, xa que os concellos que forman parte da mesma, tamén teñen recursos dabondo neste campo para reforzar a oferta Compostelá.

E por todo o exposto, o Pleno Municipal insta ao correspondente órgano de goberno, para que promova mediante o diálogo e a concertación coas entidades involucradas a

creación dun bono museo, unha tarxeta única que permita o acceso en condicións vantaxosas ao conxunto das instalacións e centros de divulgación artística e cultural existentes na nosa cidade, sen renunciar a ampliar a súa efectividade a outras instalacións radicadas en concellos que compartan a súa pertenza á asociación Área de Santiago.

Nada máis e moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas María Antón, Rubén a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde. Eu brevemente.

Para o Bloque Nacionalista Galego certamente é necesario establecer medidas de coordinación dos museos existentes na cidade para completar a oferta cultura, tanto para a veciñanza, para estudantes e para persoas que visitan a nosa cidade, sobre todo, porque o tecido heteroxéneo de axentes que interveñen na actividade cultural de Compostela, onde participan administracións públicas diversas, iniciativa privada, asociacionismo cultural, hostalería, artistas de rúa, entre outros, pois así o esixe.

O BNG nese sentido, pois defende que a cooperación como un dos principais reitores da política cultural municipal, pois tamén ten que estar presente no ámbito dos museos, só así, pois se pode procurar pois unha maior coordinación dos esforzos e facer máis rendible o labor das entidades e colectivos que contribúen a dinamizalo para que Santiago sexa unha verdadeira capital cultural, unha verdadeira cidade da cultura, e non me estou a referir, precisamente, o Gaiás.

Máis alá de crear un bono de museos, que a nos parécenos positivo, de feito durante a pasada campaña electoral nos faciamos a proposta dunha especie de city pass, como existen en moitísimas capitais europeas e noutras partes do mundo, onde cremos que a parte do bono dos museos, se podería incluír outros servizos turísticos complementarios, dende a subida pois as cubertas da catedral, o propio uso do tren turístico de Santiago, ou outro tipo de elementos, que puideran complementar esa oferta.

En calquera caso, a nos parécenos positiva, como medida, como xa falabamos no primeiro punto deste pleno, para prolongar a estadía media, e consideramos pois que tamén sería positiva, como comentabamos con anterioridade para que as persoas que viven en Compostela, poidan disfrutar e coñecer en maior profundidade, pois tamén a alternativa cultural existente neste caso da rede museística.

Nos en calquera caso, quixeramos aproveitar este punto, para lembrar, pois que todo o que ten que ver coa rede dos museos, ten que xogar un papel importante na dinamización da cultura do propio concello, e nese sentido, tamén para lembrar e para

pedir que se constitúa o antes posible, tamén, o consello municipal de cultura, que nos cremos que debe de se o espazo de encontro e diálogo, pois para unha mellor xestión cultural da cidade, e onde se poderían abordar elementos de coordinación como os que aquí hoxe se propoñen.

Alcalde: Moitas grazas Rubén, a quenda do Partido Socialista.

Dona Milagros Castro Sánchez: Grazas señor alcalde.

Moi brevemente, os bonos que ofrecen a posibilidade de visitar varios ou todos os museos dunha cidade, forman parte da oferta turística de cidades como París, Londres, Madrid, Barcelona, Sevilla ou Salamanca, por citar algunhas.

A creación dunha tarxeta similar para a nosa cidade ten varias vantaxes, que xa aparecen explicitadas na argumentación da proposta.

Daría a coñecer aos interesados, sexan turistas ou non, a oferta museística completa de Santiago. Suporía un aforro económico considerable para os usuarios e contribuiría a aumentar a duración da estadía dos turistas na nosa cidade.

Daquela apoiamos decididamente a creación destes bonos para os museos de Santiago, sen desbotar a posibilidade de ampliar no futuro a súa aplicación a instalacións de concellos da nosa área de influencia.

Nada máis e moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas, dona Marta Lois a súa quenda.

Dona Marta Lois González: Moitas grazas señor alcalde.

Antes de nada tamén lembrar, na mesma liña, que noutras proposicións anteriores, que ao grupo de Compostela Aberta nos chama a atención como nos últimos catro anos o Partido Popular se consideraba tan valiosas e interesantes ferramentas, porque non fixo nada para levalas a cabo.

O tempo agora de responsabilidade política de Compostela Aberta, asumimos que esta cidade ten unha variedade e riqueza museística moi ampla e diversa, e que precisamente é importante e imprescindible impulsar dende o propio concello.

Impulsar unha cartografía municipal dos museos, independentemente, da titularidade dos espazos.

O goberno de Compostela Aberta aposta polo traballo cultural en rede, orientado sobre de todo, ao retorno social, e nesta orientación traballamos para restablecer a comunicación perdida durante o anterior mandato, e para construír un espazo común.

Unha visión compartida das necesidades, tamén, no eido museístico.

Conversamos e colaboramos co Gaiás, e sintonizamos a nosa acción cultural co Consorcio de Santiago, tamén arredor dunha planificación programática e unha comunicación conxunta.

Tamén transparentamos na previsión de convenios nominativos de colaboración co Museo do Pobo, na previsión deses convenios nominativos como o Museo do Pobo Galego e a Fundación Granell, entre outros, espazos expositivos.

E imos máis aló, porque apostamos pola posta en marcha dunha rede municipal de museos de Compostela, este é un obxectivo da área de acción cultural para este mandato, a construción dunha rede municipal de museos.

Queremos compartir e construír discurso cos museos da cidade, para trazar estratexias comúns e impulsar a múltiple natureza dos museos de Santiago de Compostela, pero entendemos que non debe poñerse o carro diante dos bois. Unha rede de museos non é un folleto, nin é unha web común, nin tampouco un bono compartido, porque é moito máis, é unha estratexia común, que debemos planificar guiados pola avaliación do coñecemento da situación real.

Desbotamos unha visión, polo tanto, exclusivamente instrumental, porque é necesario compartir estratexias, facer avaliación conxunta, coñecer os datos, medir xuntos, trazar estratexias e por último, empregar as ferramentas axeitadas para desenvolver unha visión compartida.

Compostela Aberta, en relación a este plan para os museos, vai votar abstención, xa que un bono museo, é unha ferramenta que non debe deseñarse antes dunha estratexia común, que construírá a propia rede municipal de museos de Compostela.

Moitas grazas.

Alcalde: Grazas Marta, María Antón a súa quenda.

Dona María Ángeles Antón Vilasánchez: Agradecer en primeiro lugar, tanto ao Bloque Nacionalista Galego como ao Partido Socialista o seu apoio, e dicirlle a señora Lois que a árbore non lle deixa ver o bosque, porque todo o que vostede dixo, da

Fundación Granell, do convenio co Museo do Pobo Galego, veñen de vello, de momento, vostedes non fixeron nada de nada, de nada.

Aquí se fala de imos facer, imos facer, o día que vostede traia algo feito darémoslle a noraboa.

Grazas.

Alcalde: Señor Rubén Cela.

Don Rubén Cela Díaz: Só unha cuestión señor alcalde que antes me esquecín de comentar e creo que ten tamén a súa interese.

Eu creo que o do bono ten unha dupla funcionalidade, por unha banda, evidentemente para quen nos visita ou para persoa da cidade que teña inquedanza cultural, pois consegue unha bonificación no prezo, aínda que ter en conta, que en moitos dos museos e espazos expositivos que hai en Santiago de Compostela son de acceso gratuíto, pero en calquera caso, bonifica esa posibilidade.

Sobre de todo, para min o máis interesante, que pode ter unha estratexia dese tipo, é precisamente, a promoción de determinados museos, que sobre de todo, para o gran público, pois sería máis difícil de acceder nin sequera ao coñecemento da súa propia existencia.

Moita xente que visita Santiago pois acaba visitando o museo da catedral, acabará visitando o museo da cidade das peregrinacións, posiblemente se poderá achegar ao CGAC e o Museo do Pobo Galego, pero máis difícilmente accederá a un museo excepcional, como o que acabamos de inaugurar, ao Luís Iglesias de historia natural, ou por exemplo o de Terra Santa en San Francisco, ou outro tipo de instalacións.

Polo tanto o simple feito de aparecer nese propio bono e saber que ten dereito a poder entrar nel, pois creo que é unha cousa de interese.

En segundo lugar, con respecto ás cuestións a futuro desa rede que comentaba a concelleira, que a nos parécenos por suposto unha estratexia correcta.

Tamén lembrar algunhas cuestións que temos pendentes, aquí había un proxecto aprobado no seu día, con respecto á recuperación da Casa das Máquinas de Galeras, onde a parte de poder recuperala para usos múltiples, e tamén, para o propio tecido asociativo dese ámbito da cidade, o que si que é certo, e que había tamén un proxecto de musealización ata certo punto, como o centro de Xil Casal de recuperación da memoria histórica.

Entón, polo tanto, a parte de promocionar o que xa existe, creo que non hai que perder de vista algúns dos compromisos que existían de dotar dalgún dos continentes existentes, ou que hai que recuperar, pois dun contido practico e divulgativo.

Alcalde: Grazas Rubén.

Por alusións, entendo que as propostas que se fan son ben intencionadas, pero en relación ao que dicía a compañeira de corporación, a concelleira María Antón, claro que resulta sorprendente que vostedes nos acusen diso, cando vostedes estiveron unha lexislatura completa, e nunca levaron adiante ningunha desas propostas, tanto a do inventario como a dos bonos dos museos.

Entón, eu entendo que forma parte da dialéctica, pero antes de criticar ao adversario político, deberano facer mirar.

Nos imos absternos evidentemente, sobre este tema.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros dos grupos municipais do PP, PSdeG-PSOE e BNG (9 PP, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda instar ao correspondente órgano de goberno a que promova, mediante o diálogo e a concertación coas entidades involucradas, a creación dun “Bono Museos de Santiago”, unha tarxeta única que permita o acceso, en condicións vantaxosas, ao conxunto das instalacións e centros de divulgación artística e cultural existentes na nosa cidade, sen renunciar a ampliar a súa efectividade a outras instalacións radicadas en concellos que compartan a súa pertenza á asociación “Área Santiago”.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, RELATIVA Á APROBACIÓN DUN PLAN DE COMPENSACIÓN PARA RESARCIR POLOS CATRO ANOS DE OBRAS Á HOSTALARÍA E COMERCIO DE CONXO.

O texto da proposición do epígrafe tivo entrada o día 10 de febreiro do corrente ano, co número de rexistro 49, e ten o seguinte contido:

“O barrio de Conxo, antigo concello constituído en 1835 e integrado polas parroquias de Conxo, Laraño, Vilvestro, Figueiras, o Eixo, Aríns, Bando e Marrozos, anexionouse a Santiago en 1925. Contaba con máis de 10.000 veciños e veciñas e, malia súa vocación rural, sempre amosou unha economía diversificada.

En 1856 celebrouse aquí o famoso Banquete de Conxo, no que os obreiros, artesáns, estudantes e intelectuais como Eduardo Pondal ou Luís Rodríguez Seoane, compartiron mesa.

En 1885, abriu as súas portas o psiquiátrico de Conxo, que en 1993 foi transferido á Xunta de Galicia para ser incorporado á rede asistencial do SERGAS.

Este barrio histórico de Santiago ven padecendo desde hai case catro anos a execución das obras de mellora da rotonda, unhas obras interminables do Ministerio de Fomento que están a prexudicar notablemente non só á mobilidade dos seus habitantes, senón tamén ao comercio e ao sector hostaleiro de toda a contorna.

Así, o Grupo Municipal Socialista mantivo numerosas xuntanzas coas asociacións veciñais de Conxo e recolleu moitas das súas preocupacións, demandas e propostas que desde o goberno municipal se poden poñer en marcha coa fin de dinamizar comercialmente este ámbito, así como reordenalo urbanisticamente e integralo peonilmente no Ensanche da cidade. É necesario acondicionar espazos públicos que fagan máis cómodo e habitable o paseo e desfrute das súas rúas coa fin de conseguir que Conxo se converta nunha das entradas peatonais máis importantes ao Ensanche.

Por todo isto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte **proposición** de resolución:

1º.- Que o goberno municipal aprobe un Plan de Compensación para resarcir plenamente polos 4 anos de obras á hostelería e ao comercio de Conxo.

2º.- Despois dun rigoroso estudo de avaliación das parcelas de titularidade municipal no ámbito de Conxo por parte dos técnicos municipais, que o goberno adecúe a máis axeitada para aparcamento público.

Así mesmo, que o goberno realice as xestións oportunas con ADIF coa fin de acordar a cesión ao Concello da parcela ubicada xunto a Casa das Asociacións de Cornes para aparcamento, así como co SERGAS para que acondicione a parcela situada detrás do hospital psiquiátrico coa fin de cubrir as necesidades de aparcamento en horario de consulta do Hospital Provincial situado a poucos metros.

3º.- Que o goberno aprobe un Plan integral de mellora da senda Milladoiro-Santiago a través de Conxo.

4º.- Que o goberno municipal inste á Confederación Hidrográfica para que á maior brevidade posible realice o acondicionamento e recuperación da parcela do Hospital

Psiquiátrico, do Merendeiro e a fonte da Virxe, así como das parcelas privadas, afectadas pola instalación do colector e que se atopan nun estado lamentable.

5º.- Que o goberno municipal inste ao Ministerio de Fomento a presentar publicamente o proxecto de humanización da rotonda de Conxo, que elimine en superficie a barreira existente entre Conxo de Arriba e de Abaixo e que permeabilice urbanisticamente Conxo co Ensanche.

6º.- Que a empresa municipal TUSSA poña en marcha novamente o antigo percorrido que realizaba a liña número 2 de autobús urbano e que reclama a veciñanza de Volta do Castro, Rocha Vella e Rial de Conxo.”

Á proposición transcrita presentou emenda de adición o BNG, co seguinte contido:

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte **EMENDA DE ADICIÓN Á PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA AS MELLORAS NO BARRIO DE CONXO (Nº DE REXISTRO 49)**, con data 10 de febreiro de 2016.

Proponse engadir un parágrafo máis á proposta de resolución que sería o seguinte:

- Instar á Xunta de Galiza para que faga as obras de mantemento necesarias no Hospital Psiquiátrico de Conxo, sobre todo, no que ao lucernario se refire, e o abra para que a veciñanza o poida visitar e coñecer máis do patrimonio existente na cidade e máis concretamente no barrio.

Alcalde: Pasamos agora a tratar a proposición do grupo municipal do PSdeG en relación con varias actuacións no barrio de Conxo.

Lémbrolles que hai unha emenda presentada polo BNG para que clarifiquen se a aceptan ou non.

Don Francisco Reyes Santiás: Moitas grazas señor alcalde, novamente boas tardes a todas e todos.

A min gustárame en primeiro lugar, se non teñen inconveniente, non gastarei moito tempo nisto, facer conxuntamente unha lembranza do que representa o barrio de Conxo para a nosa cidade, para Santiago de Compostela, máis alá, da lenda que marca que o barrio de Conxo xurdiu como non vencellado ao Camiño de Santiago e tamén a unha historia de amor, máis alá diso, en Conxo se ubica o castelo da Rocha Forte, que foi o complexo defensivo de Santiago de Compostela durante tempo.

Polo tanto, un Conxo protector nese sentido, coa cidade, levantado como todo o mundo sabe no 1240 e derrubado no 1467, pola revolta dos Irmandiños.

Conxo, é o Conxo que no 1835 se constituíu como concello independente e que no 1925 se anexiona ao Concello de Santiago de Compostela.

Conxo, é o Conxo que ve o 15 de setembro 1873 como a primeira locomotora pois viaxa polas vías galegas, percorrendo o traxecto de Cornes a Carril.

Conxo, é o que coa súa vocación rural, a pesares diso, amosou sempre unha economía diversificada, como unha boa mostra é a famosa fábrica que existía en Conxo, coñecida como a Baluxa é que se ubicaba detrás do hospital psiquiátrico.

Conxo, é o Conxo de 1856, tantas veces referido neste pleno, onde se celebra o famoso “Banquete de Conxo”, no que obreiros, artesáns, estudantes, intelectuais, como Eduardo Pondal ou Luís Rodríguez Seoane compartiron pan e táboa.

Pois ben é ese Conxo o que precisa e o que necesita é reordenarse urbanisticamente para poder ser integrado peonilmente co Ensanche.

Nos entendemos que é necesario acondicionar os espazos públicos que fagan cómodo todo o paseo, todo o traxecto, e o disfrute das rúas de Conxo para entrar no Ensanche.

Nos cremos que é importante para Conxo que se converta nunha das máis importantes entradas peonís de todas as persoas que veñen da zona sur, de Pontevedra, Milladoiro, Padrón, Cesures, de todas elas, e que entran no Ensanche, ten que ser a entrada natural peonil para todas esas persoas no Ensanche.

Iso esixe, polo tanto, resolver o problema do aparcamento no barrio, nos entendemos que existen parcelas públicas que permiten resolver este problema.

Por todo iso nos presentamos hoxe a seguinte proposta de resolución.

Nos entendemos que é necesario aprobar un plan de compensación para resarcir á hostalaría e ao comercio de Conxo que levan catro anos padecendo retrasos dunhas obras inacabables.

Nos entendemos que os técnicos municipais o que teñen que facer é avaliar as diferentes parcelas de titularidade municipal en Conxo, e que se adecúe a máis axeitada, e tamén que o goberno realice as xestións correspondentes co ADIF para acadar a cesión para o concello da parcela ubicada diante da Casa das Asociacións de Cornes, a través dun

convenio, como no seu momento fixo o Concello de Santiago de Compostela coa Xunta de Galicia para a parcela de Salgueiriños.

Nos entendemos que se teñen que facer xestións, tamén, co Servizo Galego de Saúde, para acondicionar a parcela ubicada detrás do hospital psiquiátrico.

Nos entendemos que esa parcela cumpriría dúas funcións:

Primeiro, pola mañá podería servir de aparcamento no horario de consultas para o hospital provincial, e polo tanto, sería unha boa saída nese sentido, para toda a conxestións que xera, e pola tarde, serviría de aparcamento de borde, isto obviamente, sería responsabilidade do Servizo Galego de Saúde.

Nos entendemos que o goberno ten que aprobar un plan integral de mellora da senda Milladoiro-Santiago a través de Conxo, o que entendemos que é un compromiso xa do actual alcalde e a petición do alcalde Socialista de Ames, pero que non coñecemos neste momento o seu estado de desenvolvemento.

Nos entendemos que o goberno municipal, ten tamén, que instar ao Ministerio de Fomento a presentar publicamente o proxecto de humanización da rotonda de Conxo, que elimine superficie a barreira existente entre Conxo de Arriba e Conxo de Abaixo e que permeabilice urbanisticamente Conxo co Ensanche.

Nos entendemos que o goberno municipal, debe instar á Confederación Hidrográfica para que a maior brevidade posible realice o acondicionamento e recuperación da parcela hospital psiquiátrico, do merendeiro e a fonte da virxe, así como das parcelas privadas afectadas pola instalación do colector e que se atopan nun estado, neste momento, lamentable.

Nos entendemos que hai unha demanda de fai tempo dos veciños e veciñas de que a empresa municipal TUSSA poña en marcha novamente o antigo percorrido que realizaba a liña número 2 de autobús urbano e que reclama a veciñanza de Volta do Castro, Rocha Vella e Rial de Conxo.

Quero dicir, tamén neste sentido, que nos aceptamos a emenda que propón o Bloque Nacionalista Galego, de instar á Xunta para que faga as obras de mantemento necesarias no hospital psiquiátrico de Conxo, sobre todo, no que ao lucernario se refire.

E niso entendemos ademais, que iso é precisamente a proposta nese sentido, unha proposta de adición, porque existe outra proposta que fai referencia a nosa proposición número, instar ao Ministerio de Fomento, con referencia a un proxecto de humanización

da rotonda de Conxo, que se presenta para facer unha moción conxunta, practicamente, unha declaración institucional de todos os grupos.

Nos entendemos que o camiño sería precisamente presentalo como unha emenda a nosa proposta, porque, nos entendemos que soamente habería unha posibilidade de que se asumira esa moción presentada á última hora, que sería o artigo 85, cando di acontecementos relevantes e imprevisibles. Eu entendo que todo o mundo entende é que son relevantes e polo tanto, entendemos tamén que se asume, e que se valora a presentación por parte do grupo Socialista de algo relevante para un barrio relevante na nosa cidade, como é Conxo.

Polo tanto, como o que ao Partido Socialista lle importa por riba de todo, é que se faga o que se ten que facer neste caso por defensa dun barrio, neste caso, emblemático para a nosa cidade como é Conxo.

Nos non temos inconveniente en retirar o punto 5 e que isto se converta nunha proposición de todos e todas, asumimos, digo asumimos, pero para iso temos o secretario xeral do pleno, que ten que ser o que diga si se pode aplicar o artigo 85 e entender que é un acontecemento relevante, dende logo, non sobrevido, porque tanto o barrio de Conxo, como o propio problema da rotonda leva moito tempo diante, polo tanto, relevante é como é relevante o barrio, pero non é sobrevido.

Non quero estenderme máis, grazas.

Alcalde: Grazas señor Paco Reyes, señor Rubén Cela a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

O portavoz do grupo socialista facía un repaso histórico amplo, eu case que empezo máis ben a comezos de 2012, nese repaso histórico lembro ao señor Conde Roa e ao señor Albino Vázquez Aldrey inaugurando un corte de tráfico desa rotonda que supostamente ía ser temporal, esa temporalidade nos leva a que xa iniciado o ano 2016, pois non teñamos unha previsión ate no mellor dos escenarios, pois practicamente o verán deste ano de remate dunhas obras que foron especialmente problemáticas para a veciñanza do barrio de Conxo, pero non só para a veciñanza, senón tamén para os usuarios e usuarias do hospital provincial de Conxo, para os traballadores e traballadoras desa área sanitaria, e para todas as persoas que por motivos laborais ou persoais teñen que pasar por esa zona da cidade a diario.

Nese sentido, imos votar favorablemente a proposta do grupo Socialista, creo que hai unha batería de propostas que son todas elas interesantes, algunhas delas, dalgún xeito, pois xa iniciadas, ou polo menos xa abordadas neste pleno.

Temos constancia e saíu publicamente que no mes de setembro, pois xa se presentaba unha guía comercial do barrio de Conxo, para a promoción de recursos, feita en colaboración coas propias entidades comerciais e asociativas do barrio, eu creo que iso, é unha iniciativa na boa dirección, posiblemente insuficiente, pero bueno, na boa dirección.

Somos coñecedores, tamén, da proposta de orzamentos que adiantou o grupo de goberno de que hai a pretensión, polo menos pola nosa parte compartida, de poder habilitar a parcela que estaba dirixida a que se puidera construír o centro de saúde de Conxo, pois polo menos de xeito temporal como aliviadoiro do que ten que ver con prazas, novas prazas de aparcamento en superficie, e reitero, que lle dixen aos compañeiros e compañeiras do grupo de goberno, sempre e cando iso non implique, baixo ningún concepto, á renuncia a unha instalación e a un equipamento básico para a cidade como é, ese novo centro de saúde para a zona sur da cidade.

Por outra banda, tamén coñecemos por vía da comisión de infraestruturas e polo que nos informou o concelleiro, de que houbo contactos por parte do grupo de goberno co ADIF a respecto da posibilidade da recuperación dese parcela colindante coa casa das asociacións, antiga estación de Cornes, que para nos sería un ámbito imprescindible para poder ampliar o que era evidente que xa ía quedar pequeno dende o primeiro día, que é o aparcadoiro disuasorio de Pontepedriña, debaixo do viaduto de ADIF.

Con respecto ao tema da senda Milladoiro-Santiago, pois xa no seu día tamén plantexamos isto no pleno, e a posibilidade de facer, incluso, rutas alternativas para o coñecemento do Castro de Conxo, dos petróglifos e outro tipo de cuestións.

Tamén no que ten que ver coa demanda da liña de bus, en concreto trouxemos a este pleno o noso grupo en decembro de 2014, esa mesma proposta, con respecto ás deficiencias que había, ás protestas que chegamos a ter nas portas deste concello, con respecto á supresión de como viña funcionando, e a modificación da liña que daba servizo, pois á zona de Volta do Castro, da Rocha e demais.

Por outra banda, coincidimos na orientación de facer unha declaración conxunta, no que ten que ver coa humanización da rotonda de Conxo, eu creo que é o mínimo que se lles debe aos veciños despois desta espera.

A súa demanda é que esa rotonda e ese paso inferior non supoña unha fractura do barrio en dúas partes, e que polo tanto, permita unha maior permeabilidade das dúas partes do barrio, e a nos parécenos correcto.

Tamén o que se nos adiantou na propia comisión de infraestruturas e que hai unha predisposición por parte do Ministerio de poder concretar iso.

E polo tanto, tamén, nos parece ben que se recolla nesa declaración institucional.

E por último, dicir que con respecto ao tema do ámbito onde se celebrou o histórico Banquete democrático de Conxo, dicir que isto xa veu dúas veces a pleno, en abril 2014 por parte do noso grupo, e en novembro pasado por parte do grupo do Partido Popular, pero o certo, é que nos tivemos ocasión esta semana de percorrer ese entorno e o estado non é malo, é pésimo, non houbo ningún control nas obras do colector, hai camiños destruídos, vexetación arrasada, árbores centenarias nun estado, agora mesmo, moi malo, non hai rastro da fonte que había alí.

En calquera caso, nos cremos que cómpre actuar, que cómpre actuar xa, e incluso pedir responsabilidades a quen lle corresponda, sexa a Xunta, Confederación Hidrográfica, Ministerio ou a quen sexa.

E por último e con respecto a nosa emenda, bueno é unha emenda de engádego, no sentido de que eu creo que iso da para un debate de xeito monográfico, nos cremos que hai un elemento que forma parte da historia, da historia viva, da historia tamén patrimonial de Santiago tremendamente descoñecida por parte de veciñanza, que é o propio psiquiátrico de Conxo, máis alá, do valor patrimonial e artístico que ten, pois eu creo que é unha instalación que tamén teremos que pensar a futuro que é o que se quere facer con ela, e dende logo o Concello de Santiago debería levar a iniciativa de cal debe ser o futuro desa marabillosa instalación.

Alcalde: Moitas grazas, Teresa.

Dona Teresa Gutiérrez López: Boas tardes.

Empezar por dicir que a formulación da proposición do grupo Socialista se indica que as obras da rotonda se están executando dende fai case catro anos, esaxerar ata tal punto de cambiar a realidade, non aporta nada a un problema que por outra parte é un problema existente.

A primeira pedra desta obra colocouse o 7 de novembro de 2014, é dicir fai pouco máis de dezaseis meses, aínda que é certo, que se superou amplamente o prazo previsto.

Co que si que coincidimos é que o final das obras pode e debe de ser unha oportunidade para dinamizar un barrio golpeado pola crise económica, que viu perder bastante da súa vitalidade, así o diagnosticamos no grupo Popular, e por iso plantexamos unha campaña de activación do comercio que iniciamos o ano pasado en colaboración coa asociación

de comerciantes, acordando unha primeira acción, que era o proxecto de intervención artística en baixos abandonados, que estes días se viu na prensa, e que son unha realidade.

Coincidimos tamén, en que o fin das obras deberá ser o momento para mellorar a vinculación das zonas do barrio que se viron afectadas polo trazado da SC-20, que fixeron esa aportación á cidade, pero que lles condicionou a eles bastante a súa vida diaria.

O barrio de Conxo é unha zona de entrada á cidade que debe coidarse.

No que discrepamos bastante, é coa diagnóstico no caso deste barrio. Os que nos movemos habitualmente por aí, eu levo doce anos traballando, o señor Reyes vive alí, eu creo que non é un problema de falta de atención ao barrio na maioría dos seus aspectos, a Avda. de Ferrol é unha zona recentemente urbanizada, que esta en bastante bo estado, con algúns pequenos problemas, pero bueno que resiste claramente unha moi boa comparación con barrios como Vite, Romaño, Concheiros, Sar, Cancelas, e bueno non digamos xa se collemos a rúa Patio de Madres ou de Rosalía de Castro.

Conta cunha ampla zona verde, cuxas pistas foron recentemente melloradas, e a Avda. de Vilagarcía que era a parte máis antiga, o tramo dende Romero Donallo, pois tamén foi recentemente reurbanizado gañando espazo para camiñar e mellorando moito o seu aspecto.

A razón pola que os locais de Conxo, realmente van mal, eu creo que é outra razón. En Conxo dáse unha circunstancia que eu creo que se tiveramos un observatorio da vivenda, o poderíamos dicir, é o barrio da cidade onde hai máis vivendas baleiras, hai moitísimas vivendas construídas e moitisimas vivendas baleiras, os que vivimos alí o vemos, non hai persianas, non se moven as persianas, non hai xente na rúa, é un barrio no que hai moi pouca xente na rúa, e onde máis hai é na Avda. de Vilagarcía, que é xustamente, onde os locais aguantaron un pouco mellor.

Creo que é outro o diagnóstico que hai que facer, non é tanto de obras de urbanización ou deste tipo de actuacións.

Centrándonos nas propostas concretas, a primeira, aínda que o alcalde anunciou con carácter xeral medidas compensatorias para o barrio fai uns meses, xenéranos a nos certas dúbidas, en qué consistiría esa compensación?, sería extrapolable a outros barrios?, porque claro eu recoñezo que Conxo leva dezaseis meses en obras, pero Vista Alegre, Basquiños estivo un ano pechada ao tráfico, bueno xa podemos remontarnos a San Pedro, ou agora a Montero Ríos, ou a outras zonas da cidade que sufriron obras e cortes de tráfico totais ademais.

Entón si é extrapolable pois bueno, pero senón o é, parécenos un agravio comparativo entre veciños da nosa cidade, co que nos non podemos estar de acordo.

E, ademais, sobre todo o que dicimos é que para podernos pronunciar necesitamos saber de que estamos falando, se é unha campaña de promoción do comercio e da hostalería, ou estaríamos a falar de beneficios fiscais que requirirían unha ordenanza.

No punto dous trátase dun asunto de importancia para o barrio, a posibilidade de localizar un aparcamento en superficie.

Nos traballamos xa no seu momento, na posibilidade dun dos dous que se mencionaron, que é a parcela do hospital psiquiátrico, o Sergas estaba de acordo con iso, e por esa razón deixamos en redacción un proxecto que quedou pendente de fiscalización e que logo en Xunta de Goberno Local do día 13 de novembro, me parece que foi, xa se levou, co cal entendo que iso está en marcha.

En canto ao outro aparcamento, as noticias desta semana non son moi halagüeñas, oxalá puidera ser, pero creo que vai ser un pouco difícil.

No que si estariamos de acordo, tamén, en que os técnicos municipais buscarán algunha outra parcela, pero tamén coincidimos un pouco no que dixo Rubén, en que nos non queremos hipotecar a atención doutros servizos públicos de vital importancia por un aparcamento en superficie, entre un centro de saúde, e un aparcamento en superficie, cremos que é máis importante o centro de saúde.

Tamén estamos de acordo coa proposta de mellorar o tráfico peonil entre Milladoiro e Santiago, esta iniciativa xa veu ao pleno, e consideramos de que a dese ámbito de todas as que viñeron a pleno, esta é a prioritaria, porque une dúas poboacións moi importantes e ademais, bastante cercanas, co cal entendemos que dentro das do grupo que viñeron, deberíamos empezar por esta.

Sen dúbida, consideramos, que Confederación Hidrográfica debe acondicionar adecuadamente e recuperar todas e cada unha das parcelas afectadas polas obras, tanto as do colector, como esta parcela en concreto, que foi utilizada para acopio de materiais, non dubidamos de que o farán, pero tamén entendo que o concello debe vixiar para que o faga, máxime coa parcela que é, é unha parcela moi singular de valiosa importancia para este concello.

En canto ao acabado final da tapa do túnel de Conxo, previamente ao inicio das obras, nunha reunión celebrada neste concello con representantes veciñais e representantes do Ministerio, xa se tratou, que a solución que se tiña proposta polo Ministerio de

reproducir no nivel superior, o que inicialmente había a un só nivel non era adecuado, posto que a intensidade da circulación no nivel superior vai descender notablemente na maior parte da circulación que vai circular polo nivel inferior, co cal é mellor buscar unha solución máis humanizada que permitindo todos os movementos, permita tamén e sobre de todo o movemento principal, que é o movemento peonil.

Os veciños no seu día a min polo menos fixéronme chegar un boceto, e o Ministerio díxonos dende un principio que non tiña ningún problema sempre que llelo comunicamos con tempo, porque supón unha modificación, co cal entendo que é urbanismo quen ten que falar cos veciños e trasladarlle ao Ministerio, pero eu creo que por parte polo menos a nos tíñanos dito que non había ningún problema. Entendemos que é cuestión deles axustar a proposta.

Por último, e con respecto á recuperación da liña dous, non nos parece tan importante falar da liña dous, tres ou cinco, como de dar servizo. No seu momento o que se fixo foi manter o servizo, pero cun cambio do trazado da liña, e se ese servizo non é adecuado, pois haberá que aumentar as frecuencias ou estudalo de novo, pero entendemos que non se trata tanto de manter a liña dous, como o feito de manter o servizo.

Tamén estamos de acordo coa emenda de adición do BNG, e nos o que proporíamos sería votar por puntos, posto que nos ofrece certa dúbida a proposta número un, co resto dos puntos estaríamos de acordo.

Nada máis.

Alcalde: Grazas, señor Xan Duro.

Don Xan Duro Fernández: Grazas señor alcalde e boas tardes compañeiras e compañeiros de corporación.

Sen que sirva de precedente, teño que dicir que estou de acordo coa concelleira do Partido Popular con respecto ao punto un do documento, dicir que no fondo, na intención do documento compartímolo plenamente.

Gustaríame introducir algúns matices e mesmo se me permite o señor secretario algunha emenda formulada aquí ao respecto.

Alcalde: Non, non se permite por parte do alcalde, eu creo que está regulado a presentación de emendas, tense que facer con antelación e aceptar por parte do propoñente, e senón se fixeron.

Don Xan Duro Fernández: Moi ben, entón partillarei a nosa opinión.

No punto un, e insistindo que o fondo do documento a intención parécenos loable e compartímola, respecto aos puntos, quería matizar a propia expresión de que o goberno municipal aprobe un plan de compensación, realmente é discriminatorio con respecto a outros moitos barrios desta cidade, que nalgún momento dado padeceron obras que foron en beneficio do conxunto da cidade, pois aceptaríamos estudar medidas de promoción, dinamización do barrio, ou algo así, pero a expresión “plan de compensación”, pois parécenos, insisto, discriminatoria.

Ao respecto do uso das parcelas de titularidade municipal, ou doutras titularidades no barrio de Conxo para fornecer aparcadoiros, é certo, como ben dixo a concelleira do Partido Popular, que esta semana contestou ADIF aos requirimentos do concello a respecto de cesión temporal das parcelas situadas detrás da casa das asociacións de Cornes, para establecer un parking de borde, que teñen intención senón comezaron xa en sacar a venda pública-subhasta eses terreos, co cal pois non os cede.

O que si temos, é un proxecto de aparcadoiro diante do Instituto Tecnolóxico no recinto do hospital de Conxo que sería cedido polo SERGAS, iso está en proceso.

E tamén está contemplado nos orzamentos, no caso de se aprobar, é o arranxo da parcela do centro de saúde de Conxo, para ter un arranxo temporal e para podelo empregar, tamén, como parking de borde, e parking que de servizo aos comercios.

Sobre que o goberno aprobe un plan integral de mellora da senda do Milladoiro, como moi ben dixo o compañeiro do BNG, Rubén, pois xa se aprobaron neste pleno mocións ao respecto, así que é un pouco abondar no mesmo.

Sobre o punto 4, indicar que para a vindeira semana temos prevista unha xuntanza coa Confederación Hidrográfica no que trataremos, entre outros, a recuperación ambiental e patrimonial das desfeitas que verdadeiramente existen nas obras de instalación do colector do Sar.

Sobre o punto 5, xa está todo dito aquí, no que é a declaración institucional.

E no punto 6, sobre a liña número dous do autobús de Conxo, neste nova formulación do contrato de bus urbano, que implicará un estudo das liñas, e unha reordenación das liñas e do deseño das rutas, pois incorporar a liña número dous ou non, pois dependerá dos resultados dese estudo, non se pode afirmar así rotundamente sen ter avaliado o encaixe desa incorporación sobre un conxunto da remodelación das liñas.

Así que neste sentido, creo que a postura do goberno municipal de Compostela Aberta vai ser de abstención.

Alcalde: Paco Reyes a súa quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: Moitas grazas señor alcalde.

A min gustárame comentar que unha cousa é que a finais de 2014 cando se pon a primeira pedra para iniciar as obras de túnel de Conxo, e polo tanto, é posteriormente cando se plantexa o tema da rotonda, outra cousa, é que chegou tres anos tarde a primeira pedra, e non digamos, o tempo que se tardou en comezar verdadeiramente as obras dende esa primeira pedra. Esa é a realidade, e todo iso, foi o que aconteceu para plantexar un problema serio durante catro anos ao barrio de Conxo, como moi ben se dixo, cando se comezou co peche dun dos xiros na rotonda actual.

Polo tanto, nos si que entendemos que é necesario un plan de dinamización do comercio do barrio de Conxo, pero con accións concretas, con calendario e con orzamento, saber a que temos que aternos.

Por certo, quen falou no seu momento de compensar, foi precisamente quen hoxe é alcalde, falou xa no mes de xullo do 2015 dunha compensación polo que tiña padecido o barrio de Conxo e particularmente tanto a hostalería como o comercio.

Con respecto ao tema das parcelas para a construción dun aparcamento en superficie, nos estamos totalmente de acordo, a nos preocupáanos o plantexamento de que se ceda a parcela que ten que ocupar o espazo do centro de saúde de Conxo, porque a verdade é que nos entendemos que a parcela é para iso, hai unha parte da parcela que estaba reservada para aparcamento, aparcamento, precisamente, do centro de saúde, pero a nos preocupáanos o que pode acontecer co centro de saúde de Conxo, si se fan as obras correspondentes para establecer alí un aparcamento, entendemos que non é o máis axeitado.

Entendemos que o máis axeitado, é por exemplo, efectivamente a parcela que esta ao carón da casa das asociacións en Cornes, onde neste momento tamén se pode atopar algún que outro automóbil aparcado, e que por certo, se a información que temos non é incorrecta, esa non é a parcela que vai vender ADIF, porque esa parcela o plan xeral non permite, precisamente, a construción, polo tanto, esa parcela está precisamente para iso, son as outras as que están do outro lado as que ADIF plantexa que vai vender.

E por outro lado tamén lembrar que existe, por exemplo, unha parcela de titularidade municipal que está precisamente ao carón da entrada ao que é a Praza da Mercede de Conxo, iso é municipal, e polo tanto, esa tamén se podería empregar nos non estamos de acordo con empregar, dende logo, onde ten que ir o centro de saúde de Conxo, estamos de acordo que comecen xa as obras do centro de saúde de Conxo tanto tempo aprazadas.

Con respecto a rotonda, é unha evidencia, para quen vive no barrio que é unha auténtica barreira fixa, e polo tanto, nos entendemos que hai que humanizar e permeabilizar, pero entendemos que o que se faga coa rotonda de Conxo, non podería ser obxecto ou escusa para esquecer a complementariedade doutros proxectos para permeabilizar o barrio como podería ser, por exemplo, o que estaba plantexado, que era unha solución quera era boa sobre o Banquete de Conxo. Entendemos que unha cousa non ten que ser incompatible coa outra.

A senda peonil, efectivamente, pero do que se trata é de seguir falando dela, é de traer a este pleno calendario e orzamento para poder cumprir todos os prazos.

E con respecto a liña dous, eu lles podo asegurar, como veciño de Conxo, que cando se mudou o trazado a verdade é que comezou a xerar moitísimos problemas, particularmente, para unhas persoas que se atopan xa nunha idade avanzada, e que polo tanto a modificación do trazado e ter que ir a buscar o autobús a outra parada, a verdade é que para eles si que supón un problema serio, a verdade é que foi un número importante deles que asinaron a petición de que se volva a poñer esa liña dous dentro do trazado, e nos dende logo, apoiamos a petición e a proposta dos veciños e das veciñas de Conxo.

Moitas grazas.

Alcalde: Paco hai unha petición de votación por puntos, que tes que aclarar.

Don Francisco Reyes Santiás: Nos aceptamos a votación por puntos, non temos problema, todo sexa polo barrio de Conxo.

Don Rubén Cela Díaz: Só unha cuestión señor alcalde. Eu creo que dende logo é unha mágoa que o ADIF non tivera a ben negociar co Concello de Santiago unha cesión doutro tipo, unha vez que iso non é así, eu o que lle pediría tamén ao concello que valorase a posibilidade de chegar a outro tipo de acordo.

Eu creo que a cantidade non me parece axustada a prezos de mercado hoxe en día, pero en calquera caso, unha cantidade de cinco millóns de euros, cun período de amortización a vinte anos, pois cun beneficio neto dese parking de 60 euros ao día está amortizado, polo tanto, que aínda que non haxa un acordo que non implique intercambio monetario, que o concello non abandone iso, porque eu creo que é o completo perfecto ao que é o aparcadoiro da Pontepedriña, e porque xa esta testado historicamente que ese aparcamento de Cornes funciona e que funciona cun prezo simbólico de 1 e 2 euros, e coa posibilidade de deixar o vehículo todo o día, e a diferenza doutros aparcadoiros de borde da cidade, como pode ser Santa Marta,

Salgueiriños está testado e sabemos que vai funcionar e que sería un bo servizo para o conxunto da cidade.

E, por último a última cuestión con respecto a este primeiro punto que imos votar por separado, dende o noso grupo dende logo xa o interpretabamos así, como unha compensación nun sentido máis xenérico. Neste pleno temos abordado noutras ocasións a posibilidade, porque así o permite a normativa de bonificacións no imposto de bens inmobles, ou no IAE ou noutro tipo de cuestións para comercios que están situados en rúas que teñen obras, iso aparte do agravio comparativo que podería provocar como comentaban os compañeiros con respecto a obras bastante recentes e problemáticas que houbo na cidade, para min ten outro problema a maiores, claro que os veciños e veciñas que teñen obras nas súas rúas sofren as molestias desas obras, iso é empedinable. Agora haberá veciños e veciñas de barrios e de rúas nas que non se fai ningunha obra, que dirán, oía aínda por riba de mellorar as posibilidades comerciais e de habitabilidade desa rúa hai unha bonificación noutro tipo de cuestións; entón eu creo que esas cuestións son complicadas e dende logo, creo que abren unha vía, que é complexo cando menos ter unha posición coherente nun período prolongado de tempo.

Entón eu son partidario de en casos excepcionais, como pode ser o caso de Conxo, tomar medidas excepcionais e compensatorias, pero doutro tipo, na liña que se está facendo de campañas de promoción ou doutro tipo de cuestións.

Nada máis.

Alcalde: Teresa a súa quenda.

Dona Teresa Gutiérrez López: Soamente unha puntualización, eu que a rotonda fixera falta, para min fai falta dende o momento cero, dende o deseño da SC-20. Agora o que non hai é obras por catro anos, simplemente era o que quería aclarar, nada máis.

Alcalde: Bueno, pois imos votar por puntos.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación adopta os seguintes acordos:

a) Por 4 votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 20 abstencións correspondentes aos/as concelleiros dos grupos municipais do Partido Popular, Compostela Aberta e BNG (9 PP, 9 CA e 2 BNG), que o goberno municipal aprobe un Plan de Compensación para resarcir plenamente polos 4 anos de obras á hostelería e ao comercio de Conxo.

b) Por unanimidade dos presentes:

1º.- Despois dun rigoroso estudo de avaliación das parcelas de titularidade municipal no ámbito de Conxo por parte dos técnicos municipais, que o goberno adecúe a máis axeitada para aparcamento público.

Así mesmo, que o goberno realice as xestións oportunas con ADIF coa fin de acordar a cesión ao Concello da parcela ubicada xunto a Casa das Asociacións de Cornes para aparcamento, así como co SERGAS para que acondicione a parcela situada detrás do hospital psiquiátrico coa fin de cubrir as necesidades de aparcamento en horario de consulta do Hospital Provincial situado a poucos metros.

2º.- Que o goberno aprobe un Plan integral de mellora da senda Milladoiro-Santiago a través de Conxo.

3º.- Que o goberno municipal inste á Confederación Hidrográfica para que á maior brevidade posible realice o acondicionamento e recuperación da parcela do Hospital Psiquiátrico, do Merendeiro e a fonte da Virxe, así como das parcelas privadas, afectadas pola instalación do colector e que se atopan nun estado lamentable.

4º.- Que a empresa municipal TUSSA poña en marcha novamente o antigo percorrido que realizaba a liña número 2 de autobús urbano e que reclama a veciñanza de Volta do Castro, Rocha Vella e Rial de Conxo.

5º.- Instar á Xunta de Galiza para que faga as obras de mantemento necesarias no Hospital Psiquiátrico de Conxo, sobre todo, no que ao lucernario se refire, e o abra para que a veciñanza o poida visitar e coñecer máis do patrimonio existente na cidade e máis concretamente no barrio.

Alcalde: Señor secretario, incluimos agora a declaración institucional que ven a substituír o punto 5 da proposición do grupo Socialista, e que ven asinada polos catro portavoces dos grupos políticos municipais.

6-bis) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A RECONEXIÓN DO BARRIO DE CONXO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos anos 90 implantouse en Santiago de Compostela unha grande infraestrutura que bordeaba a cidade pola súa vertente Oeste. Esta vía, coñecida coma periférico, permitiu desconxestionar, en grande medida, o centro urbano e comunicar a parte norte co sur da cidade.

Sen embargo, produciu unhas graves feridas nos barrios periféricos que atravesaba, como é o caso de Conxo. Neste barrio histórico, dita infraestrutura dividiu completamente o barrio, debilitando tanto o seu tecido social coma comercial. Produciuse unha clara segregación, na que a parte norte acolle un amplo tecido residencial, mentres a parte sur quedou con grandes equipamentos: Igrexa, Centro Psiquiátrico, Centro de Saúde, Centro Sociocultural, Centro de Novas Tecnoloxías e Hospital Provincial.

Esta bipolaridade propicia en grande medida o solape de actividades diarias no barrio, sempre é preciso atravesar unha grande infraestrutura para poder facer uso dun destes grandes equipamentos, tanto para nenos e nenas, adultos ou xente maior. Unha barreira pouco amable e disuasoria, tanto para a propia veciñanza do barrio, como para a cidadanía de Santiago. Poderíase concibir un paso entre o Ensanche e o Hospital Provincial. E por qué non plantexarse ir a pé ou en bicicleta ata o Hospital.

Enténdese, dende o barrio, que é unha ocasión inmejorable, agora que se están a executar as obras do túnel, de pensar nunha conexión superficial moito máis amable e peonil. Dado que o 80% do tráfico vaino absorber o propio túnel, é moito máis doado imaxinar que a parte superficial se converta nunha peza máis da cidade e non nun nodo automobilístico.

Pensem que o carácter desta conexión é ancestral e tan só viuse truncada dende o periférico. Dende séculos, esta transición era a propia traza do Camiño Portugués, o segundo máis importante por afluencia de xente.

Por todo o exposto, este Concello propón **INSTAR AO MINISTERIO DE FOMENTO A:**

Preservar un espazo para a cidadanía na parte superior da rotonda de Conxo favorecendo deste xeito unha conexión superficial moito mais amable e peonil que posibilite esa conxunción, sen antepoñer os intereses circulatorios que, en grande medida, van ter resposta co túnel.

Alcalde: Antes de pasar ao seguinte punto, imos facer un receso de 10 minutos.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, RELATIVA Á INICIACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA A POSTA EN MARCHA DUNHA FACTORÍA CULTURAL E VIVEIRO DE INDUSTRIAS CREATIVAS.

O texto da proposición presentada con data 10 de febreiro de 2016, e número de rexistro 50, ten o seguinte contido:

“Na Conferencia Mundial sobre Políticas Culturais, convocada pola UNESCO, declarouse: "A cultura constitúe unha dimensión fundamental do proceso de desenvolvemento e contribúe a fortalecer a independencia, a soberanía e a identidade... É indispensable humanizar o desenvolvemento; o seu fin último é a persoa na súa dignidade individual e na súa responsabilidade social... O home é o principio e o fin do desenvolvemento... Só pode asegurarse un desenvolvemento equilibrado mediante a integración dos factores culturais nas estratexias para alcanzalo; en consecuencia, tales estratexias deberían tomar en conta sempre a dimensión histórica, social e cultural de cada sociedade". Tamén sinala que "un desenvolvemento dissociado do seu contexto humano e cultural é só un crecemento sen alma". A cultura, polo tanto, promove o desenvolvemento de certas ferramentas que son indispensables para o crecemento económico. Neste sentido, posúe un valor instrumental, tal como o é a educación. Do mesmo xeito, establece unha relación con outro tipo de obxectivos, como a conservación do medio ambiente, a rexeneración urbana, a estimulación da creatividade, a preservación dos valores comunitarios e a protección das institucións civís.

Nas dúas últimas décadas, o perfil industrial de moitas economías occidentais evolucionou cara o que se coñece actualmente como a nova economía cultural ou creativa. Nalgúns países esta nova economía cultural está a constituír un importante estímulo ao crecemento económico e á xeración de empregos. A economía cultural pode ser definida como a rama da economía que estuda o fenómeno de produción, distribución e consumo dos bens e servizos arraigados ao sector cultural.

Neste sentido, as industrias culturais abarcan un extenso campo de categorías dentro das cales podemos identificar as artes clásicas, populares e ás distintas correntes que se derivan delas tales como o son as revistas, cómics, literatura, cinema, vídeo, computación, as industrias da información, música, moda, cosméticos, turismo, arquitectura, deseño gráfico, etc.

Na actualidade as Industrias Culturais e Creativas (ICC) constitúen o 5,7%¹ do PIB, o que supón un maior peso económico que sectores tradicionais como a agricultura ou a enerxía, pero ademais como destaca Gómez-Baeza, a creatividade destas empresas é fundamental para outras áreas da economía xa que son fonte de innovación e xeración de emprego. O gran potencial das ICC queda patente ao mirar aos países da nosa contorna, en Reino Unido as ICC alcanzan un 9,6% do PIB, en Francia o 7,50%, o 6,50% en Alemaña e en Italia o 5,90%.

Por todo isto é pólo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

- Que o Concello de Santiago inicie o procedemento para por en marcha unha Factoría Cultural e Viveiro de Industrias Creativas, que sirva a todos aqueles emprendedores dentro do ámbito das artes, os contidos dixitais e a comunicación que desexan converter a súa creatividade nunha actividade estable e sustentable.

- Esta Factoría Cultural, que se debe situar nun dos colectores culturais con que conta a cidade, debe ofrecer un espazo de traballo e formación para as industrias creativas, e contribuír ao estímulo da creación contemporánea, a formación de artistas, públicos e axentes culturais ou a internacionalización da nosa creatividade local e converterse nun referente de participación, pluralidade, independencia e sustentabilidade dos proxectos culturais.

- A Factoría ofrecerá ás residentes recomendacións e consellos prácticos (experiential learning) en materias relacionadas co plan de negocio e o márketing, propiedade intelectual, finanzas, competencia, internacionalización, creación dun equipo e liderado, entre outras.

- A Factoría poderá acoller e axudar a descubrir alternativas profesionais relacionadas coas disciplinas e sectores que configuran as ICC: Arquitectura e deseño (arquitectos, deseño industrial, moda e xoiería, deseño de interiores e exposicións, deseño gráfico e publicidade), artes escénicas (interpretación, teatro, danza, circo, marionetas, produción teatral e festivais), artes visuais (pintura, escultura, fotografía, audiovisual e multimedia, cinema, produtoras, post-produción e radio), desenvolvemento e implementación tecnolóxicos (deseño dixital, videoxogos, 2d/3D), editorial (escritores, editores, redactores, tradutores, xornalistas, arquivos e bibliotecas, ilustración e encadernación), herdanza cultural (gastronomía, artesanía e xoguetes), música (músicos, intérpretes, xestión musical, promotores, produtores, postproducción musical e organización de festivais), servizos de xestión cultural (xestores culturais, comisarios, xestión de museos, centros de arte e patrimonio, conservación de bens, empresas de márketing e comunicación, consultoría e organización de eventos, montaxe de eventos e exposicións) e todas aquelas industrias de apoio aos distintos ámbitos de produción das ICC.

- En canto aos recursos que a Factoría podería poñer a disposición dos autónomos e cooperativas de artistas residentes, se atopan, ademais do local de traballo e os servizos auxiliares (seguridade, mantemento e limpeza), a produción e últimas tecnoloxías, podendo incorporar aos emprendedores, en fase de pre-incubación, é dicir, proxectos que aínda non desenvolveron a súa idea e a converteron nun plan de negocio sustentable; en fase de incubación, aqueles proxectos que se atopen no momento do desenvolvemento empresarial; e en fase de aceleradora, a fase de apoio a empresas xa en activo que requiren incidir en cuestións referidas á súa expansión internacional e outros aspectos da actividade mercantil.”

Alcalde: Vamos coa última proposición, se fas defensa Paco Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde, e boas tardes de novo.

A estratexia Europa 2020 establece como obxectivo fundamental conseguir unha saída a crise económica actual e converter á Unión Europea nunha economía intelixente, sostible e integradora.

O constituír a creatividade, a materia prima esencial do ámbito cultural, resulta evidente que as industriais culturais e creativas configuran cada vez máis un dos sectores fundamentais para o desenvolvemento económico post-crise.

En España a participación das actividades vinculadas coa propiedade intelectual o PIB esta nunha media do 3,5%, cun nivel de emprego de 485.000 traballadores, un 2,8% de emprego total, e cun crecemento nos anos de crise do 1,36.

O sector está constituído fundamentalmente por PIMES e segue abordando serios problemas do que un deles é importante claramente a insuficiencia da financiación derivada tanto das dificultades de acceso ao crédito bancario, como da ausencia doutros esquemas de financiamento privado.

E por todo isto, polo que nos entendemos que o Concello de Santiago debe de iniciar un procedemento para por en marcha unha factoría cultural e viveiro de industrias creativas, que sirva a todos aqueles emprendedores dentro do ámbito das artes, os contidos dixitais e a comunicación que desexan converter a súa creatividade nunha actividade estable e sustentable.

Esta factoría cultural, que nos entendemos, se debe situar nun dos colectores culturais con que conta a cidade, debe ofrecer un espazo de traballo e formación para as industrias creativas, e contribuír ao estímulo da creación contemporánea, a formación de artistas, públicos e axentes culturais e a internacionalización da nosa creatividade local e converterse nun referente de participación, pluralidade, independencia e sustentabilidade dos proxectos culturais.

A factoría debe ofrecer aos e ás residentes recomendacións e consellos prácticos en materias relacionadas co plan de negocio e o marketing, propiedade intelectual, finanzas, competencia, internacionalización, creación dun equipo e liderado, entre outras.

A factoría poderá acoller e axudar a descubrir alternativas profesionais relacionadas coas disciplinas e sectores que configuran as industrias culturais e creativas, como

deseño, artes escénicas, artes visuais, o desenvolvemento e implementacións tecnolóxicas como o deseño dixital, a editorial, música, servizos de xestión cultural e todas aquelas industrias de apoio aos distintos ámbitos de produción das industrias culturais e creativas.

En canto aos recursos que a factoría podería poñer a disposición dos autónomos e cooperativas de artistas residentes, se atopan, ademais do local de traballo e os servizos auxiliares, a produción e últimas tecnoloxías, podendo incorporar aos emprendedores nas diferentes fases.

Na fase de pre-incubación, é dicir, proxectos que aínda non desenvolveron a súa idea e converteron nun plan de negocio sustentable.

En fase de incubación, aqueles proxectos que se atopen no momento do desenvolvemento empresarial.

E, en fase de aceleradora, a fase de apoio a empresas xa en activo que requiren incidir en cuestións referidas á súa expansión internacional e outros aspectos da actividade mercantil.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas señor Paco Reyes, Goretti a súa quenda.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Ben.

A factoría cultural non é unha idea de fai corenta anos, pero di dende logo de fai máis de dez.

Hai máis de dez anos o BNG cogobernando no Concello de Santiago quixo impulsar unha factoría cultural, foi unha iniciativa que non se acabou levando a cabo, aínda que houbo distintas fases e falouse en distintas ocasións tamén neste concello, dando a posibilidade inicial de facelo coa NASA, como nalgún momento de unificarse máis tarde co centro de estudos Ánxel Casal do que falamos aquí, para ese proxecto que aínda está sen facer na Casa das Máquinas.

O certo, é que nos pensamos que si que é necesario, apostar por unha factoría cultural, porque hai que recoñecer que temos unha cidade, un concello, e inseridos tamén, é certo, que nun país con magnificas ideas e iniciativas privadas, con iniciativas que poden axudar a dinamizar, tamén, economicamente este país, e que sabemos que teñen un problema fundamental gravísimo referido a súa distribución, promoción, difusión e

todas aquelas iniciativas que sirvan para encaixar, facer rede, pois son absolutamente fundamentais.

Polo tanto, nós dende esta liña, e dende esta liña pois imos apoiar a iniciativa do grupo Socialista, sen deixar, polo menos, de por en evidencia algunhas cuestións:

Por un lado, que nos gustaría e que sería lóxico que antes de desenvolver unha iniciativa deste tipo, o que ten que existir é un estudo referido á realidade máis concreta e máis apegada. Os datos que aquí se ofrecen, pois son datos do conxunto do estado español.

O certo é que hai estudos do Consello da Cultura Galega, e estudos e informes máis recentes que falan das empresas culturais no caso galego, e contemplar esta iniciativa, como algo que debe ter impacto non só na cidade e non só no concello, senón a nivel galego.

Polo tanto, é algo que non pode ser unicamente un espazo, un colector, senón que ten que ter moitos máis contidos e nese sentido requiriría unha implicación para as cuestións económicas que dende a nosa perspectiva seguramente iso supera o ámbito municipal, hai que buscar tamén outras vías de financiamentos.

Por outro lado, non hai que esquecerse de polo menos incluílo nalgún momento no desenvolvemento da iniciativa, que debe partir sobre todo de por en valor o que é a cultura autóctona, o que é a cultura propia, o que é esa superación, tamén tradicional entre unha cultura, unhas actividades culturais para unha elite e a cultura popular.

Temos que facer e conseguir que haxa participación, colaboración, cooperación entre eses distintos lugares, e sobre todo, apoiar todo aquilo que xorde na base.

Mais nos participamos da idea xa digo, é unha idea que foi no seu momento defendida e impulsada polo BNG e que non se puido levar a cabo, e igual uns cantos anos máis tarde se que somos capaces de levala a cabo, de realizala.

Alcalde: Grazas Goretti, María Antón.

Dona María Ángeles Antón Vilasánchez: Grazas e boa tarde de novo.

Pois a verdade é que ao principio cando recibimos esta proposición do grupo Socialista, pensamos que ao mudar de local, atoparan algún dos vellos soños do “alcalde de relato da cidade” e nun alarde de romanticismo e nostalxia recuperarán aquel proxecto dunha fábrica cultural en Salgueiriños do Sr. Estévez.

Logo de lela detidamente, vimos que non, que as fontes de inspiración foron outras asentadas en Cataluña e Madrid.

Así vemos que a exposición de motivos está contida nun documento do Departament de cultura da Generalitat de Catalunya titulado “El valor de la cultura en los procesos de desarrollo urbano sustentable”, asinado por Erik Rish Lerner, parágrafos, un, dous e tres.

E o derradeiro parágrafo máis practicamente todo o contido da proposición atopámolo na nota de prensa do nacemento e presentación da factoría cultural “Vivero de industrias creativas instaladas no matadero de Madrid”, que abriu as súas portas o 10 de marzo de 2014.

Hai que ter moito coidado con estas cousas señor Reyes.

Como salienta a RAE a creatividade é facultade de crear, a capacidade de creación, en palabras da wilkipedia, e tamén hai que ter coidado con isto, “a creatividade é a capacidade de xerar novas ideas o conceptos, ou de novas asociacións de ideas e conceptos coñecidos, que habitualmente producen solucións orixinais. A creatividade é sinónimo do pensamento orixinal, a imaxinación construtiva, o pensamento diverxente ou o pensamento creativo. A creatividade é unha habilidade típica da condición humana, presente tamén en certo punto en certos primates superiores e ausente na computación.....”, saquen vostedes a súa conclusión.

Resulta cando menos paradóxico que unha proposición que pretende estimular a creatividade, acompañar aos que dende unha idea orixinal pretenden facer un modo rendible e sustentable, xerador de emprego, teña a súa orixe nun plaxio, que é un concepto antítese e demonizado especialmente no campo da creación cultural.

Estará comigo, mire cando un non ten ideas orixinais, pero coincide coas xa expresadas por outros, con nomear as fontes é suficiente, e non é o seu caso, e como eu non quero caer no mesmo erro que vostede, permítame agradecerlle ao meu compañeiro Suso o seu brillante traballo, moitas grazas Suso.

Señoras e señores, concelleiros e concelleiras, Santiago xa ten unha factoría cultural de industrias creativas a Cidade da Cultura de Galicia, que recolle, precisamente, ese espírito do que falaba a señora Goretti fai uns intres.

O Concello de Santiago ademais xa ten un programa de emprendemento onde guiar aos emprendedores e tamén para as industriais culturais creativas, como é Santiago Investors Support que nace no ano 2012, claro non estaba o goberno de progreso como

ben sabe, é un viveiro de empresas no Polígono Costa Vella en colaboración coa Cámara de Comercio e froito, tamén, deste programa.

E a isto, temos que engadir o Centro Xové de creación cultural da Almaciga, licitado por este grupo do Partido Popular no ano 2015, obra rematada en novembro, e que por certo, do que nada sabemos lamentablemente, non sei, se por incapacidade ou por esquecemento do grupo de goberno.

A pesar do exposto teño que dicir que si, que coincidimos co PSdeG en que o goberno de Compostela Aberta ten que dar respostas as inxerencias que no eido cultural proveñan de iniciativas innovadoras que poidan ser proxectos realizables, sustentables e rendibles en termos económicos e sociais.

O grupo de goberno de Compostela Aberta debe ser quen de canalizar todas estas actuacións que se produzan no Concello de Santiago, xa sexa por iniciativa propia ou doutras administracións públicas ou polo propio sector privado, para establecer sinerxías e complementariedades que permitan que a cultura sexa un referente e motor importante da economía social da cidade.

Todo isto inventado señor Reyes, pero ata para saber copiar fai falla ter un pouco de imaxinación, igual que para saber gobernar non só basta con gañar unhas eleccións.

Por iso o noso voto vai ser a abstención, nada máis e moitas grazas.

Alcalde: Marta a súa quenda.

Unha cousa para informar que antes preguntoume o Sr. Agustín Hernández, que a compañeira Branca Novo tívose que ausentar porque había un acto conxunto coa Consellería de Cultura na Cidade da Cultura, pola feira do libro de Bos Aires que está dedicada á cidade de Compostela, porque como se están dando proposicións que en teoría tiña que defender ela, e preguntoume Agustín, e bueno para que o saibades.

Dona Marta Lois González: Moitas grazas señor alcalde.

En Compostela non precisamos, non fan falla máis incubadoras ou aceleradoras. O concello como indicaba tamén a concelleira do Partido Popular xa colabora na promoción e funcionamento desa aceleradora a través do propio CERSIA empresa, parte das nosas actividades de apoio ao emprendemento se realizan, precisamente, nestas instalacións para darlle visibilidade e proxección a eses espazos.

E colaboramos, tamén, dende o concello, dende CERSIA activamente na captación e asesoramento de proxectos de emprendemento para este centro, de feito cando se abriu

o primeiro proxecto ao implantarse a empresa, a empresa CAMINA, foi un proxecto asesorado polo noso servizo de apoio á empresa.

Celebramos alí, tamén, un encontro comercial Getting Contacts e Creativ centrado nas industrias creativas e a súa relación coas TIC e o programa de aceleración de ideas empresariais Compostela ... impulsado no mes de decembro de 2015, contaba cun premio específico dedicado ás industriais culturais e creativas.

Fortalecer este espazo que aínda non está ao cen por cen de ocupación é máis importante dende o noso punto de vista, que crear espazos novos.

O Concello de Santiago de Compostela no marco do programa Compostela móvese puxo en marcha o ano pasado e con carácter piloto, un grupo de traballo creativo, que tivo como sede o centro sociocultural Caramoniña.

Os resultados dese proxecto, precisamente, presentámoslos hoxe, e adxuntouse en nota de prensa que foi enviada, e que aborda precisamente o apoio a proxectos no ámbito das industrias creativas, cunha perspectiva colaborativa, social e de desenvolvemento urbano.

Temos, ademais, previsto darlle continuidade a esta experiencia incorporando novas ideas emprendedoras a dinámica do grupo no ano 2016.

Por outra banda, o goberno municipal traballa para sumar, traballa na posta en marcha dun espazo especializado en industrias culturais e creativas.

No local do que acabamos de falar do sociocultural da Caramoniña, apostamos por implantar, por manter e por equipar e dinamizar un espazo de traballo colectivo. Un espazo especializado na mediación cultural e no movemento maker, onde traballadores e traballadoras culturais compartan espazo de traballo e un acompañamento formativo continuo.

Para apoiar dito obxectivo, traballamos na captación de fondos Europeos, somos parte dunha candidatura, dun proxecto que ten por nome “Vilas Creativas”, asociándonos con cidades Oporto, e vilas como Guimaraes e Ribadavia, precisamente para impulsar e conectar nunha rede europea un espazo en Compostela, que acolla proxectos vencellados á mediación cultural. Unha mediación cultural tan necesaria para lograr a renovación da acción sociocultural na nosa cidade, e acadar unha relación cos espazos formativos próximos como a Escola de artes e oficios, Mestre Mateo.

O local da Caramoniña acollerá dende marzo proxectos relacionados co movemento maker e experiencias formativas arredor da mediación cultural, nas que implicaremos a axentes que operan dentro e fora da rede de centros socioculturais.

Abrir as portas da nosa rede de centros a outras experiencias é necesario, e moitos axentes quedaron fora nos últimos anos, e a mediación coas comunidades de proximidade, polo tanto, é urxente.

Abrir un espazo pechado durante os derradeiros anos, que acompañe ao desenvolvemento de novos proxectos creativos na cidade, é un obxectivo da acción cultural de goberno.

No local sociocultural da Caramoniña, abriremos un espazo especializado na mediación cultural e no movemento do que falaba antes, maker, que logrará unha transformación da nosa rede de centros socioculturais deste centro.

Polo tanto, dito isto, a nosa posición de voto respecto desta proposición é votar en contra.

Grazas.

Alcalde: Moitas grazas Marta, segunda quenda señor Paco Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas.

Vou dar resposta primeiro ao Bloque Nacionalista Galego, evidentemente a nosa proposta como se pode extraer do texto non é obviamente, simplemente, encher un colector, senón precisamente desenvolver unha actividade que sexa referencia, que sexa referencia a través de axudas, a través de microcréditos, a través da combinación ... entre os diferentes artistas que se atopen nesa factoría, e que se converta en referencia.

A resposta á intervención da concelleira do Partido Popular, pois efectivamente, claro que miramos, e miramos outras cidades como Barcelona e Madrid.

Non temos ningún problema no Partido Socialista en mirar outras experiencias que están a funcionar.

O primeiro que hai que recoñecer é que as experiencias funcionan, polo tanto, non estamos a falar simplemente dunha ilusión, senón de algo que se está desenvolvendo, e ademais no Partido Socialista somos libres e somos abertos, fixámonos nas cidades aínda que non esteamos a gobernar nelas, se o que se está a facer esta ben, nos evidentemente, claro que o copiamos.

Por certo, lembrarlle que como sabe, moi ben vostede, no século de ouro os literatos practicaban o que se chamaba a imitiation, a imitiation dos clásicos, obviamente dos clásicos que valían a pena, polo tanto, nos seguimos nesa liña.

E por último, facerlle un comentario con respecto á cidade da cultura. Home, o Partido Popular que foi quen votou no Parlamento de Galicia que a cidade da cultura ubicada en Santiago de Compostela non se rematara, e foron vostedes o Partido Popular, e vostedes que ademais decidiron dende a Xunta de Galicia, encher pouco a pouco a cidade da cultura, non de contido cultural senón de servizos de funcionarios da Xunta de Galicia, para que a cidade non fora o referente que ten que ser para toda Galicia, para toda España e mesmo para o estranxeiro dende Santiago de Compostela, senón que se convertera nun San Caetano 2ª parte, o certo, é que poucas leccións teñen que dar vostedes con respecto o uso que se pode facer da cidade da cultura.

Máis nada e moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas señor Paco Reyes, Dona Goretti a súa quenda.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Por un lado se tiveramos que valorar sempre que todas e cada unha das iniciativas que os distintos grupos traen son orixinais, innovadoras e feitas de comezo a fin, sería verdadeiramente complicado, porque xustamente é certo que hai unha das cuestións que eu dixen inicialmente é que a esta iniciativa fáltalle estar apegada á realidade, á realidade galega, e á realidade Compostelá, que iso lle faltaba no seu inicio, nos datos que poñían e que era necesario botar man de informes que viñesen.

Agora a idea en si, a idea recolle tamén algúns elementos, que xa digo, xa estiveron enriba da mesa e que foron proxectos que finalmente quedaron no medio do camiño e que dende a nosa perspectiva tiñan un punto, que igual si que resulta que algunhas iniciativas que se están facendo, oxalá sexa así, dende este equipo de goberno acaben sendo, o que significaba esa idea de factoría cultural, de momento, se o acaban sendo, pois estupendo, porque acabaran confluíndo, proceder, iniciar para que haxa ese elemento de intercambio entre persoas produtoras, axentes culturais e que todo iso poida servir como elemento de promoción, difusión, distribución, canle de colaboración, de momento non esta sendo, igual no futuro, xa digo acaba sendo.

A nos, xa digo que a idea parécenos unha idea positiva, unha idea boa, que se pode concretar, pois non sei se a través desa iniciativa que saía nalgúns lugares, pero en xeral nos seguimos mantendo que a idea de ter unha factoría cultural, mesmo co que se traslada con esa idea para partir do que está sendo a industria cultural, para que sexa un motor económico e de dinamización, algo que moita xente non entende, algo que a

xente ve como ocio e lecer única e exclusivamente como luxos moitas veces, nos pensamos que é positivo e polo tanto imos manter o voto favorable.

Alcalde: María Antón a súa quenda.

Dona María Ángeles Antón Vilasánchez: Moitas grazas.

Cando vostede fala da cidade da cultura síntome, toca a miña fibra sensible, ademais, quero dicirlle unha cousa ao fío da explicación que dou o alcalde, que a señora concelleira de cultura saíu deste pleno para ir á cidade da cultura.

Mire vostede tiña que sentirse como representante dos veciños de Santiago o primeiro valedor da cidade da cultura, porque se este proxecto estivera en Barcelona, vostede iría alí, copiaríao e traeríao a este pleno como unha boa mostra do que poderíamos facer.

Entón que veña a dicir algo da cidade da cultura, pois sinceramente, non lle puido permitir, por unha razón moi simple, ademais agora entendo tamén o apoio da Sra. Sanmartín, vostedes no seu goberno bipartito, paralizaron a cidade da cultura no ano 2005, paralizaron, durante catro anos o único que fixeron foi sacar un concurso de ideas cuxo resultado foi un gasto de 250.000 euros, e o cambio de denominación dos edificios. Evidentemente esta decisión seguramente a tomaron na Habana entre mojito e mojito señor Reyes.

Grazas.

Alcalde: Pola nosa parte a explicación está dada, imos manter o noso sentido de voto. Señor secretario proceda á votación.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 6 votos a favor dos/as concelleiros/as dos grupos municipais PSdeG-PSOE e BNG (4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), 9 votos en contra dos/as concelleiros do grupo municipal de Compostela Aberta, e 9 abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, rexeita a proposición transcrita ao inicio do epígrafe.

8. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Alcalde: Figura a documentación a dispor dos/as concelleiros/as.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas, dende o 27 de novembro ao 30 de decembro de 2015 (núms. 7288 ao 8158).

E, así mesmo, das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Acta sesión extraordinaria urxente do día 23 de decembro de 2015 (Núm. 80).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 29 de decembro de 2015 (Núm. 81).

9. COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACIÓN E CIDADANÍA ACORDADA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO DÍA 21 DE XANEIRO DE 2016.

Comparece o concelleiro delegado de educación e cidadanía, segundo o acordado na sesión ordinaria do día 21 de xaneiro de 2016.

Alcalde: Pasamos agora a comparecencia, para a cal ten dez minutos, o compañeiro Manolo Díos, cinco minutos de intervención para cada grupo.

Entón, o grupo que solicita a comparecencia cinco minutos, dez minutos para o comparecente, señor Manolo Díos, e cinco minutos para o resto dos grupos e pecha o señor Manolo.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Moitas grazas señor alcalde.

O expediente dos comedores escolares, expediente que leva a sinatura do Sr. Noriega e do señor Díos, pasará aos anais ou aos arquivos da máis caótica e acaso turbia contratación pública.

E, é evidente, que si polo señor Noriega ou si polo señor Díos fose, a este expediente de contratación se lle daría carpetazo.

Un goberno transparente xa tería promovido a comparecencia do concelleiro responsable, pero o certo, é que esta comparecencia realízase a petición do grupo Popular.

Loxicamente Compostela Aberta non quere transparentar nin a súa máis evidente negligencia, nin os seus máis turbios enxaugues.

Solicitamos a comparecencia do concelleiro delegado, porque os cidadáns teñen dereito a saber si nesta etapa de goberno de Compostela Aberta se pode confiar no Concello de Santiago a contratación ou a prestación dun servizo.

Os cidadáns teñen dereito a sabe se a suposta nova política, entre comillas, implica unha administración do desgoberno.

Os cidadáns teñen dereito a saber ata onde chega a falta de rigor do grupo de goberno, e ata onde chegan os seus xogos malabares nos procesos de contratación pública.

Os cidadáns teñen dereito a saber se o goberno de Compostela Aberta acampa e se move só, entre comillas, no terreo da neglixencia, ou tamén acampa e se move no terreo do desprezo da lei.

E convén advertir cantas veces sexa necesario que respectar a lei de contratos é unha obriga inexcusable de calquera cargo público.

Convén recordar que respectar a lei de contratos, é respectar as posibilidades das empresas e dos seus traballadores, de ofrecer servizos en igualdade de oportunidades ao maior cliente deste país que é a administración pública.

Respectar a lei de contratos, é posibilitar a concorrência de ofertas de calidade e de prezos razoables en beneficio das persoas usuarias e dos contribuíntes.

A verdade é que preferiríamos que as explicacións as dera o propio alcalde, entre outros motivos, porque nos tememos que o señor Díos, nun exercicio de filibusterismo fale e fale para non dicir nada, ou incluso, nos tememos que nun exercicio peleón arremeta contra á oposición eludindo a súa obriga de dar explicacións.

Temémonos que dentro duns minutos cando conclúa a comparecencia do Sr. Díos, teñamos que ir a buscarlle aos cerros de Úbeda, ou que incluso, nolo atopemos acantonado nun peñasco a pedradas contra quen lle pide explicacións.

Señor Díos, os cidadáns non esperan da súa comparecencia unha intervención blindada, ás intervencións dos grupos, unha intervención a súa, non esperamos unha intervención máis ou menos escapista ou máis ou menos brabucona, esperan que aclare algúns puntos obscuros dun proceso de contratación dos comedores escolares.

Son moitas as preguntas que se lle poden formular, algunhas das que figuraban na solicitude de comparecencia, xa quedaron loxicamente desactualizadas, outras susceptibles de ser incorporadas cobraron todo o sentido nas últimas semanas.

De entre todas as preguntas posibles que debería vostede responder, hai cinco que consideramos esenciais.

Vamos a formularlle cinco pregunta concretas, e esperamos de vostede as corresponde cinco respostas concretas.

Primeira cuestión, por qué a Xunta de Goberno non se pronunciou sobre se resulta ou non indebida a retirada da oferta de Serunión no primeiro procedemento e conseguintemente, sobre se quedaba incursa a empresa nunha prohibición de contratar, debendo recordarse neste punto que a empresa pretextou problemas de organización empresarial, pero o certo, é que seguiu a prestar o servizo indefinidamente durante meses e o fixo dende mediados de novembro, sen contrato, isto é presumiblemente en mellores condicións que se tivera aceptado ser adxudicataria, pois entre mediados de novembro e mediados de febreiro non estivo suxeita a obrigas.

Segunda cuestión, coñece que prezos vai facturar a empresa Serunión pola prestación do servizo entre mediados de novembro e principios de febreiro, e en caso, de non sabelo, comprométese o goberno municipal a non pagar un prezo que supere o prezo do contrato menor ou contrato ponte asinado en setembro para cubrir un período de 45 días.

Terceira cuestión, por qué invitou o goberno a participar no terceiro procedemento de contratación, cun prezo incrementado nun 25% respecto ao prezo da primeira licitación a unha empresa Serunión que deixara tirado ao concello, e que non suscitaba a confianza dos pais.

Cuarta cuestión, por qué en xaneiro restrinxiron a publicidade do novo procedemento de contratación e a posibilidade temporal de presentar ofertas, cando o prezo xa era máis alto, e cando conseguintemente a presumible concorrência de máis ofertas, tería suposto unha vantaxe para pais, nais, e para contribuíntes, e apenas se tería demorado a proposta de adxudicación, toda vez que soamente se valoraba de maneira inmediata o aspecto económico.

E quinta cuestión esencial, ten pensado o goberno seguir cubrindo a diferenza entre o que viñan pagando os pais e nais ata agora, e os novos e presumiblemente máis altos prezos da prestación contratada que resulte no futuro, ou polo contrario, a decisión de cubrir esa diferenza se limita, casualidade, ao período restante de curso no que Serunión é a adxudicataria.

Conclúo, recomendan os ingleses, os usos parlamentarios ingleses, ser directo, ser sinxelo e ser conciso nas preguntas, nos fómolos, agora esperamos que tamén o sexa vostede nas respostas.

Nada máis grazas.

Alcalde: Grazas señor Brunete, señor Díos a súa quenda.

Don Manuel Díos Diz: Moitas grazas.

Saiban que á marxe da miña responsabilidade actual, fun usuario de comedor escolar como mestre colaborador durante bastantes anos, dende 1976 en varios colexios.

Era unha época na que os mestres colaborabamos no comedor, ata que moitos declinamos facelo, pois non era unha función docente.

Logo nas cidades, especialmente, as ANPAS fixéronse cargo da xestión dos comedores, esta experiencia en xeral durou pouco aínda que persiste nalgúns lugares; si, por exemplo, no CEIP López Ferreiro con cociña propia, e no Pío XII con catering atendido pola empresa Serunión para un total de 300 alumnos; o CEIP Casas Novoa da Sionlla, polo contrario, segue a depender da Xunta, e o de Lamas de Abade goza dunha situación especial, pola proximidade da escola de hostalería. O resto, 10 colexios dun total de 16, son xestionados polo Concello a través da empresa Serunión, cun total de 54 traballadores para uns oitocentos rapaces e rapazas e dun total de 9000 alumnos, o cal significa un 8,8% do alumnado, aproximadamente.

Hai unha cuestión que compre aclarar dende o principio, os comedores escolares non son competencia municipal, son competencia plena da Xunta de Galicia, ela é en última instancia a responsable dun servizo que delega nalgúns concellos, unha competencia impropia que cede por vía de convenio aportando a cambio unha pequena cantidade económica de axuda, subliño o de pequena, 55.400 euros para este ano, e 36.900 euros para o ano 2017.

Cómpre resaltar que o custe principal do comedor corre por conta das familias.

O prezo medio do comedor no conxunto do Estado, supera os 4,50 euros; en Galicia ten o seu custe na actualidade, mentres que en Santiago ate o mes de xuño, por cada xantar se pagarán tan 2,93 euros, como ate agora, por decisión da Xunta de Goberno Local, a diferenza entre eses 2,93 euros e os novos prezos adxudicados, acabará nun coste máximo de 178.000 euros, dependendo do número usuarios finais, logo para o curso que ven, deberemos abrir un debate sincero sobre a relación calidade/prezo e do servizo que queremos.

Cando Compostela Aberta toma posesión o 13 de xuño, o convenio para proceder á licitación non estaba entregado pola Consellería de Educación, a miña predecesora o solicitara reiteradamente por escrito con pouco éxito o 23 de xaneiro, o 5 de marzo, e o 4 de maio, nada máis, tomar posesión fixen o mesmo, o 22 de xuño, cos mesmos resultados, polo que decidín presentarme no despacho do responsable de comedores, para reclamarlle o citado convenio, imprescindible como dixen, para convocar o concurso, era o día 2 de xullo ás 9:30 horas, trece días hábiles despois da miña toma de posesión.

A Xunta de Goberno Local aproba o convenio o día 10 de xullo.

A Consellería tardaría case que un mes máis en remitilo asinado, o 30 de xullo exactamente, co que iniciamos o procedemento tarde, non pola nosa responsabilidade, senón dos que presumen de bos xestores.

En agosto cando as administracións públicas se paralizan o lembrarán a oposición e os medios de comunicación alertaban de que non habería comedores escolares en setembro, non quero lembrarilles os titulares. Unha campaña certamente tremendista, a pesares de que os comedores abriron con total normalidade e seguiron funcionando sen problema.

As condicións do prego, moi esixentes, foron consultadas coas familias e cos representantes dos monitores, primaban os aspectos educativos e alimenticios sobre os económicos, exactamente o contrario, do que fai a Xunta de Galicia cos seus comedores escolares.

Debemos lembrar, que a Xunta rescindiu o contrato de comedores coa empresa Perea Rojas de Málaga, por deficiencias notables, adxudicando con urxencia, precisamente, a Serunión o servizo rescindido.

Confeso que nunca imaxinaría que un procedemento administrativo de adxudicación dun servizo municipal durara tanto tempo, pasara por tantas vicisitudes e gozará da atención mediática e política que tivo, algo certamente inaudito.

A comunidade educativa sabe que falamos dunha adxudicación administrativa, porque o servizo estivo garantido todos e cada un dos días, sen interrupción para aproximadamente oitocentos comensais diarios, para aseguralo, dedicamos moitas horas e esforzos de información e diálogo coa empresa, coas direccións dos centros, cos delegados sindicais, coas familias, fixemos moitas visitas aos colexios, non foi fácil convencer de que o comedor, en ningún caso, se vería interrompido sobre todo cando o foco mediático estivo tan presente, anunciando día si e día tamén, que os comedores pecharían, porque o procedemento era, abro comiñas, “un desastre, esperpéntico, rocambolesco, un cúmulo de despropósitos, o colmo da incompetencia, de incapacidade, un disparate, escuro, imposible facelo peor”.

É todo isto, nun ambiente electoral, de permanente hostilidade contra Compostela Aberta, cunha sobre actualización, e que a teatralización política sobredimensionada. Escribía Manolo Rivas, “a vantaxe da esaxeración é que supera o dilema da verdade e da mentira”.

O primeiro procedemento como saben quedou deserto, isto non é ningunha novidade, sucede, o que non parece tan normal, é que as empresas que resultan adxudicatarias, coñecedoras das condicións renuncien cando teñen que asumir o servizo, isto si que resulta insólito.

As xustificacións foron variadas, as houbo económicas, carga de traballo, organización interna, e a todas como saben, pedímoslles explicacións, por se houbera dolo.

O segundo procedemento, neste caso, negociado e con prazos menores, abriuse sen que por cuestións legais existise posibilidade de variar o prego de condicións económicas, o saben perfectamente, así se falou na mesa de contratación. Nese momento xa sabíamos que o informe dos servizos económicos era mellorable, pois os prezos finais que establecía estaban no límite, pero lamentablemente naquel momento, non había posibilidade legal de varialos, a xuízo dos servizos xurídicos e de contratación do Concello, porque se entendía que eran modificacións substanciais prohibidas expresamente na lexislación.

Todo o proceso foi tramitado e avaliado pola mesa de contratación, un órgano municipal no que están representados todos vostedes, o goberno local, a oposición, o departamento de educación e os servizos económicos e xurídicos, secretario e interventora.

É a mesa a que propón para que logo a Xunta de Goberno Local decida, e faino respectando escrupulosamente a norma legal, os prazos, as garantías, os procedementos, para asegurar a libre concorrência.

O segundo procedemento negociado rematou igual que o anterior deserto, por renuncia expresa das adxudicatarias.

Entón si, entón xa se podía variar, encargamos un estudo económico a unha consultora externa para asegurarnos dos prezos finais, dado que os servizos municipais non tiñan posibilidade de redactalo no breve prazo co que contabamos.

Melloramos a proposta económica, asegurando ademais, que os monitores percibirán a media hora antes da comida que traballaban e non cobraban, unha reivindicación histórica.

Os servizos xurídicos indicaron entón que só quedaba o procedemento denominado de urxencia ou de emerxencia, convidar alomenos a tres empresas que tiveran dispoñibilidade e interese, resolvendo en prazos limitadísimos, e así o fixemos, por acordo da mesa de contratación, como todo o procedemento anterior, o goberno consultou a varias empresas, e algunhas manifestaron o seu interese, outras non, algunha pediu participar directamente aos servizos de contratación, en total foron cinco,

das que finalmente aportaron a documentación demandada tres, Galicia Vella, unha UTE de Chicolino, e tamén Serunión, a actual adxudicataria.

A segunda foi novamente excluída, por non acreditar a solvencia técnica esixida, as outras dúas foron avaliadas na mesa, Serunión acadou a máxima puntuación, e a mesa de contratación propuxo á Xunta de Goberno Local que fose a adxudicataria, ate o mes de xuño, por un total de 88 días.

Xa abrimos dende o departamento de educación un novo proceso de diálogo coa comunidade educativa para coñecer o modelo de comedores que necesitamos e as condicións do novo prego, para o vindeiro curso académico, 2016-2017, durante todo este tempo, e como vimos facendo xa, estaremos vixilantes para asegurar a máxima calidade do servizo, controlaremos en sesións regulares cos coordinadores e coa propia empresa os menús, as incidencias, o trato, as actividades, en definitiva, o cumprimento escrupuloso do contrato, en contacto permanente cos directores, as asociacións de nais e pais, os consellos escolares, co Consello Escolar Municipal que aprobaremos no pleno do mes de marzo, cos responsables de comedor, coa empresa, asegurando a calidade dun servizo especialmente sensible, e non esquezamos que os propios servizos de inspección da Xunta de Galicia, tamén realizan as visitas pertinentes para coñecer e avaliar o funcionamento de cada comedor escolar que forma parte do convenio.

As opcións de futuro están todas abertas, escolleremos a maior de maneira participada, tendo en conta que estamos como dixemos ao principio diante dunha competencia impropia municipal e que de acordo coas reivindicacións históricas das familias, do profesorado, dos sindicatos, ou máis lóxico sería que a Xunta de Galicia asumira as súas competencias plenas, e en consecuencia a xestión directa de todos os comedores escolares, mentres tanto os concellos, e o de Santiago en particular, aseguraremos o mellor servizo e a mellor calidade posible para o mesmo.

Remato xa, asumamos cada quen a nosa responsabilidade, cooperemos e colaborem para acadar o mellor servizo, prestixiemos a escola pública, a de todos e a de todas, comuniquemos as deficiencias que poidan existir ao departamento de educación, manteñamos o diálogo aberto e fluído, esixamos o máximo control de calidade, para beneficio dos nosos fillos e fillas, netos e netas no meu caso, e actuemos todas e todos, realmente co criterio de que alomenos para nos a educación pública é o máis importante.

Máis nada e moitas grazas.

Alcalde: Rubén a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Eu agardaba outra cousa desta comparecencia, aínda ten outra quenda de dez minutos, e agardo que poidamos escoitar outras cousas.

En calquera caso, eu creo que hai un feito obxectivo e que non é discutible, e é que o resultado final de todo este proceso, con independencia das responsabilidades é un desastre absoluto.

Eu non vou abondar nos cualificativos, xa fixo un relatorio bastante elocuente o propio concelleiro, pero dende logo, dende o noso punto de vista un desastre absoluto.

Adxudícanse os comedores escolares con cinco meses de retraso, iso non pasou en ningunha cidade galega, só en Santiago, cinco meses despois do comezo do curso, adxudícanse os comedores, créase en todo ese proceso un período de incertidume, non precisamente pequeno, para pais, para nais, para docentes, para o persoal traballadores deste servizo, e préstase ese servizo non con total normalidade, senón sen un respaldo e un soporte legal nin contractual durante todos eses meses.

Acabáselle adxudicando esta contra a empresa que xa viña prestando este servizo, que casualmente é a empresa da que o grupo de goberno é coñecedor de que hai múltiples queixas por parte de nais e pais, e que casualmente, é unha empresa que resultou adxudicataria deste concurso, e que dixo, que non ía prestar porque tiña demasiada carga de traballo noutros puntos de Galiza, pero a pesares diso, que o seguiu prestando de xeito regular todos estes meses, e que finalmente gaña esta licitación.

Gaña esta licitación, entre outras cousas, porque o grupo de goberno convida a esa empresa a participar nun negociado, onde por certo, certamente a lei de contratos di que o negociado sen publicidade non hai que colgalo no perfil do contratante, pero este pleno, este pleno soberanamente, decidiu o contrario en aras da transparencia, que os negociados sen publicidade si que se colgan no perfil do contratante.

Por certo, tamén e, o grupo de goberno quen decide que o único criterio de valoración dese último proceso de contratación sexa o prezo, o único que se valorou foi o diñeiro, euros, canto era o prezo e canto era o canon, por certo máis que discutible, que esa empresa vai ter que pagar ao Concello de Santiago por prestar ese servizo, prezo, o único que se valorou nese proceso de negociación.

Outra cuestión que non é menor, coincido co señor Díos, esta é unha competencia impropia, o responsable de prestar este servizo é a Xunta de Galiza, indiscutiblemente, miren que negocio fai o Concello de Santiago, só nestes cinco meses, nos vai supor ás arcas públicas un sobre custe de 180.000 euros, eu quero saber, xa o preguntei por escrito, canto vai ser o sobre custe dos meses anteriores.

Só estes cinco meses 180.000 euros, un servizo que tiña que prestar a Xunta, e que a Xunta paga 53.000, un negocio redondo en termos políticos e institucionais, e de servizo.

Sinceramente, creo que non se puido xestionar peor.

Creo que agora o que toca mirar é para o futuro, creo que o primeiro que tiñan que facer, senón o fixeron, é ter unha reunión co conselleiro de educación, e pedirlle que se reverta este servizo á titularidade autonómica, e dende logo, no caso de que iso non sexa posible, hai que revisar radicalmente o sistema de contratación a futuro.

En calquera caso, a min o que máis me sorprende da intervención do señor concelleiro, son dúas cousas, primeiro, a absoluta falta de autocrítica, eu creo que hai que ter algo máis de humildade e cando se mete a pata recoñecelo, non pasa nada, todos somos humanos, todos metemos a pata, non pasa absolutamente nada, oiga, calculamos mal o prezo, e co prezo de licitación que tiñamos, pois as empresas non viñan.

Manolo hai que contalo todo, nese segundo negociado sen publicidade convidades a oito empresas, pero hai catro que contestaron por escrito, por escrito, que estaban interesadas no servizo, pero que con ese prezo era imposible prestalo.

Polo tanto, é unha evidencia, que había un erro no cálculo desta licitación, non hai ningún problema en recoñecelo, ninguén é perfecto, todos metemos a pata, pero polo menos ter un mínimo de autocrítica.

Segundo, non terxiversar, claro na mesa de contratación estamos todos, iso queda moi ben, e a nivel mediático, dicir non sei que din os da oposición que están alí na mesa de contratación, home funciona, agora aquí somos todos un pouco maiorciños, entón, en fin, un pouco máis de seriedade.

Señor concelleiro, vostede sabe que a mesa de contratación, non convida ás empresas, convídase a Serunión, porque a convida o grupo de goberno.

A mesa de contratación non pinta nada niso.

A mesa de contratación non pinta nada na redacción do prego, non é a mesa de contratación quen decide si se valora a rotación dos menús ou non, a calidade docente, o modelo educativo, non, quen decide o que se valora é o grupo de goberno, non a mesa de contratación.

E non terxiversar, e tampouco, no que ten que ver como dicía coa normalidade, é que se prestou con normalidade, home con normalidade se presta calquera servizo que digas a unha empresa que o preste, pero non é con normalidade, ter unha empresa x meses, sen ningún tipo de soporte contractual.

E remato señor alcalde, porque xa vexo que rematou o tempo, cunha cuestión, as culpas, a min neste momento é o que menos me importa, agora por parte do grupo de goberno escoitei dicir que a culpa era da interventora, que era de contratación, que era das empresas, que era da oposición, eu escoitei responsabilidades do máis vario pinto, menos escoitar algún tipo de auto responsabilidade por parte do grupo de goberno.

Alcalde: Grazas Rubén, señor Paco Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde.

O certo é que a primeira vez que eu poida lembrar que a xestión dos comedores escolares neste concello tarda cinco meses en levar a cabo o seu procedemento de contratación do servizo.

Con cinco empresas que renuncian, con tres procedementos de contratación diferentes, cun incremento do 25% do prezo dos menús, que teñen que asumir o peto da totalidade dos veciños e veciñas de Santiago de Compostela. Cun canon que cobra o concello dos menús dos comedores escolares por primeira vez, canon que por certo, ten resultado definitivo na última adxudicación.

É a primeira vez que diante dunha situación como esta, atopamos unha falta de autocritica por parte do grupo de goberno tan clamorosa, na que lle botan a culpa a todo o mundo menos ao goberno de Compostela Aberta.

Primeira culpa, foi da tardía sinatura do convenio da Xunta de Galicia, que se asina efectivamente a finais do mes de xullo, pero ata a finais do mes de agosto non se inicia o procedemento de apertura, o procedemento de contratación.

Despois botándolle a culpa aos membros das mesas de contratación que avisaron e así consta en acta de que os pregos inmellorables, en opinión do concelleiro de educación, non permitían a prestación do servizo coa calidade requirida.

Botándolle tamén a culpa aos técnicos municipais e a intervención, no máis puro estilo Conde Roa.

Non nos contestaron aínda a nosa pregunta de explicar o sentido do FAX de renuncia da primeira empresa adxudicataria do primeiro proceso de contratación que di: “que en

vista de que inicialmente no somos bien recibidos en Santiago de Compostela, solicitamos la no adjudicación del contrato del servicio de comedores”, aínda non respondeu o goberno o sentido desta frase.

Nin nos contestaron á nosa solicitude dun informe xurídico sobre as consecuencias da renuncia das empresas en futuras contratacións co noso concello, porque teñen que explicar, porque non se lles abriu un proceso informativo, tamén sobre as restantes empresas, como si se fixo coa primeira renuncia, e por qué se invitou por parte do grupo de goberno voluntariamente a Serunión cando renunciou igualmente que as outras.

Durante cinco meses estivo prestando o servizo, é certo, pero servizo sen ningún vínculo xurídico coa empresa, e polo tanto, sen ningunha seguridade xurídica, nin para os nenos e nenas, nin para os traballadores que prestaban o servizo a través da empresa.

Este procedemento para nós, é o mellor exemplo, dun incumprimento claro do programa, neste caso, do grupo de goberno de Compostela Aberta. Eu aínda lembro o termo remunicipalización dos servizos públicos.

O Partido Socialista pediu ao longo deste proceso, un estudo custe-beneficio, para poder valorar a municipalización deste servizo, aínda estamos esperando.

A falta de xestión, e a falta de previsión que ten informado todo este proceso e que dende logo non é unha ilusión dos que estamos agora aquí falando, ten sido recoñecida publicamente polo propio grupo de goberno de Compostela Aberta, co recente anuncio de cobertura de dous direccións de área que non estaban previstas cubrir nun principio.

Todo isto a nós, lémbraunos claramente a etapa do Partido Popular, na que a falta de xestión de pretendía suplir botándolle a culpa aos técnicos, botándolle a culpa a intervención, e nomeando directores de área, iso si, sempre sen facer a menor autocrítica.

Moitas grazas.

Alcalde: Grazas, señor Brunete a súa quenda.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Grazas señor alcalde.

Antes de entrar de novo no fondo da cuestión, si quixera comentar tres cuestións:

A primeira é alusión crítica que fixo vostede á Xunta de Galicia, se vostede entendía que esta non era unha competencia propia, porque non se queixaron no seu momento, e non o fixeron, asumiron isto encantados.

Teño que dicir ademais, que a Xunta de Galicia remitiu o texto do convenio o 10 de xullo, e os pregos non se aprobaron ata finais de agosto, claro vostede, estaba de vacacións, non é responsabilidade da Xunta de Galicia, que vostede se vaia de vacacións.

Lémbrolle, así mesmo, que nos, o grupo popular foi o primeiro en xestionar sen problemas o servizo de comedores escolares, iso si, o noso xeito de facer política é distinto, nos non dicimos si a todo, e despois nos imos de vacacións.

A respecto de que o servizo estea garantido, falta vostede a verdade, salvo que vostede chegase a un acordo ilegal coa empresa Serunión, mediante prezo, recompensa ou promesa que non coñecemos, pero o servizo non pode estar garantido senón hai contrato.

Iso que lle quede claro.

A respecto da mesa, pois xa se referiu o señor Cela, que a mesa non é quen elabora os pregos, a mesa non é a que valida o estudo económico, a mesa non é a que invita ou deixa de invitar a empresas, a mesa non é a que exonera ás empresas que poidan estar incursas en causas de prohibición para contratar, e a mesa non é a que reduce os prazos menoscabando o principio de libre concorrência.

Fixo vostede un relato do que é todo o expediente, eu a verdade que o coñezo de memoria, pero aínda que coñecendo perfectamente o expediente, é dicir, eu teño cinco dúbidas, e por iso mesmo, lle formulei cinco preguntas, e non foi vostede quen de responder ningunha, ten moito mérito, que se lle formularan cinco preguntas, e non contestara a ningunha.

Imos recapitular, non desmentiu vostede que unha empresa, se lle vaia pagar polo servizo prestado sen contrato entre novembro e febreiro, un prezo superior ao prezo acordado en setembro, chamativo.

A esa mesma empresa, pese a poder ter incorrido nunha prohibición para contratar e pese a contar coa oposición de nais e pais, se lle invita a un procedemento negociado, e ese procedemento que contemplaba un incremento de retribución á empresa adxudicataria, é case clandestino, menoscabando como dicía antes, a libre concorrência doutras empresas competidoras, que puideran presentar mellores ofertas, chamativo tamén.

E esa empresa gana, e o concello decide destinar case 180.000 euros non previstos para financiar o servizo, case 180.000 euros que contribúen a asegurarlle a esa empresa usuarios e beneficios, chamativo, eu creo que alguén podería dicir, flagrante.

Señores Compostela Aberta, vostedes aludiron a lei de Murphy, para explicar o caótico e revoltoso expediente de contratación, e non, non este expediente non se explica dende a fatalidade, senón dende a causalidade.

Este procedemento iniciouse coa negligencia do señor Díos, que por exemplo, non dubidou, como apuntaba anteriormente en irse de vacacións, e non asinar tan sequera o inicio do expediente, tivo que facelo o señor Peña.

E posteriormente intentaron vostedes ocultar as negligencias do concelleiro, con algúns enxaugues, o resultado máis turbio do esperado.

Señor Díos hai demasiadas sombras neste procedemento, e vostede non aporta luz, vostede só nos aportou un discurso pesado e plúmbeo.

Fai meses que a vostede se lle fundiron os plomos da dilixencia, os plomos da legalidade, os plomos da ética e os plomos da transparencia.

Señor Noriega, péchase esta comparecencia, sen que se aclaren os puntos escuros do procedemento.

Tíñamos dúbidas sobre se o goberno tiña tramitado este expediente dende o territorio da máis torpe negligencia, ou dende o territorio do desprezo á lei.

A nosa dúbida lles situaba na fronteira deses dous territorios, éticos e intelectuais, pero as súas escasas explicacións parecen situarlles máis no segundo dos escenarios.

Volvo a recordar, o importante que é respectar a lei de contratos.

O certo é que neste expediente de contratación, promovido por Compostela Aberta, algo cheira a podre neste expediente, e non son precisamente, as lentellas.

Nada máis, grazas.

Alcalde: Vou facer uso dos cinco minutos do grupo.

Señor Brunete se vostede ten algunha dúbida no espazo da legalidade do procedemento administrativo o que ten que facer rapidamente é presentar unha denuncia, porque

vostede pode discrepar sobre as cuestións do procedemento administrativo, introducir o foco na cuestión da legalidade, cando menos eu penso que é pouco serio, e eu llo digo así mesmo.

É curioso, piden vostedes que fagamos unha autoflaxelación política do procedemento administrativo que resultou, evidentemente, convulso, pero introducen toda a carga política ... procedemento administrativo, ... da alegalidade, todo vale, vostede di que pide luz, eu creo que en ningún momento tiveron interese en que existirá luz, logo falan das culpabilidades que lles botamos a todos menos a nos mesmos, eu nas miñas declaracións públicas e lémbroas perfectamente están nas hemerotecas, non me sinto reflectido nesas cuestións que vostedes din, nas que nos como grupo de goberno culpabilizamos a todo o mundo menos a nos.

Eu teño a miña visión dun procedemento administrativo, pero déixenme porque o tempo son unicamente cinco minutos, que fale por comparación.

É curioso tamén o procedemento administrativo que emprega a Xunta de Galicia na cuestión dos comedores, pero diso non se di absolutamente nada.

Hai o caso dunha empresa das cales existen sospeitas sobre a calidade da alimentación, e o procedemento administrativo que se introduce, é un procedemento administrativo de contratación directa pola vía de emerxencia. Ten vostede dúbidas sobre os procedementos administrativos a empregar, estude si verdadeiramente ese procedemento administrativo lle parece axustado á lei, e estude, se lle parece axustado á lei, a cobertura que se fai polo procedemento de emerxencia da Xunta de Galicia que a día de hoxe, a día de hoxe acaba de sacar a concurso os meses que restan de curso para cubrir o servizo. Co cal non debería estar axustado á lei, cando a día de hoxe a Xunta sacou a concurso o procedemento para cubrir ese servizo de comedores, recentemente, para os meses que faltan de curso, despois de facer a adxudicación directa por emerxencia.

Eu, evidentemente, teño a miña visión, e non é nada apocalíptica, aquí fíxose un prego moi esixente, recolléronse as peticións dos pais e nais, o propio señor Reyes o di.

O prego faise dende o departamento de educación, evidentemente é moi esixente, e hai unha fiscalización do prego, e hai unha fiscalización na cal se transparenta un prezo que deberá fixar ese prego.

Ese prezo, creo, que non deixaba o marxe suficiente de beneficio empresarial ás empresas, pero iso, non se pode transparentar no primeiro dos procesos, transparéntase como ben dixo o señor Rubén Cela no segundo, e iso impide que entre o primeiro dos

procesos e o segundo poidamos ter modificacións do prego e das condicións económicas, iso impide que aconteza.

As empresas en ningún momento transparentan a cuestión económica como causa de retirada no primeiro dos procesos.

No segundo, na retirada si que o fan, e iso permítenos no terceiro dos procesos facer modificación económica; nos xa queríamos facer entre o primeiro e o segundo procedemento a modificación económica, pero se nos dixo que ao non quedar deserta, entendíase, e ao non quedar transparentado que había un problema de beneficio industrial que tiñamos que seguir mantendo as mesmas condicións de prego, e iso, é o que pasa.

E logo nos vemos no terceiro dos procesos, no terceiro dos procesos, no terceiro dos procesos, nos que a pesar de ser un negociado sen publicidade, como vostedes saben, en cumprimento da lei, calquera empresa que se interesa ten que ser convidada e a maiores das empresas que nos quixeramos convidar, e a maiores das coas que tivemos conversas para que se presentarán e ao final non se presentaron, porque seguían entendendo que o prezo era moi axustado, evidentemente, tiñamos que convidar a todas aquelas que se interesaran, e a empresa Serunión interesouse, e iso foi así.

Entón claro, evidentemente, a día hoxe o procedemento administrativo está estabilizado, pero non problema non é só cos meses que quedan, senón que modelo queremos para o vindeiro curso, porque os pais e nais, teñen que pagar a día de hoxe 2,98 euros, pero o prezo está establecido que para que ter unha mínima calidade de ratios, de persoal, e de condicións, o prezo mínimo ten que ser 5,18 euros, e vostedes mesmos, están a recoñecer o desfase que hai nestes tres meses, que vai acontecer para o curso que ven, será un modelo que teñamos que definir.

E logo, respecto a unha cuestión, vostedes falan da legalidade, do tempo do contrato ponte ata a cobertura definitiva, claro, hai unha cuestión que é a prestación, a continuidade dun servizo básico como é a dos comedores escolares, e iso non o coloca na paralegalidade, eu aí non estou de acordo, se queren poñemos xurídicos, o mesmo pasa co servizo da luz de Santiago de Compostela que está a ser reparado con recoñecementos extraxudiciais de centos de miles de euros, porque carece do contrato, despois da liberalización, é o mesmo, señor Brunete teño levantado, e non me interrompa porque estou nos cinco minutos e quédanme vinte segundos, teño levantado reparos de recoñecementos extraxudiciais por falta de contrato estes meses, incluso da etapa de Compostela Aberta que estamos regularizando, a ninguén se lle ocorre pensar que vamos ter un corte de luz, por principio de prestación de servizo.

Polo tanto, eu aí, e despois de falar con xuristas discrepo de que houbera unhas condicións de paralegalidade na prestación.

E agradezo, e remato, que o servizo a pesar de todo este procedemento, do que todos teremos que aprender, tamén nós evidentemente, pero eu tamén agardo que vostedes, por se algún día teñen a responsabilidade de gobernar, porque o problema é un problema da cidade, e teremos que definir entre todos e todas, verdadeiramente, que modelo queremos para o futuro dun servizo tan sensible como son os cativos e as cativas, e eu creo que iso non é menor, independentemente de quen governe, non é menor.

Señor Díos a súa segunda quenda, non quere facer uso, bueno pois remataríamos así a comparecencia do señor Manolo Díos.

10. ROGOS E PREGUNTAS.

A relación dos rogos e preguntas formulados polos grupos municipais, relacionanse a continuación.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.-

Rogo:

1.- Rexistro de entrada do día 11 de febreiro de 2016, núm. 53, relativo ao mantemento dos parques públicos da cidade.

Pregunta resposta oral en pleno:

1.- Rexistro de entrada do día 2 de febreiro de 2016, núm. 38.

Preguntas resposta por escrito:

- 1.- Rexistro de entada do día 2 de febreiro de 2016, núm. 36.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 2 de febreiro de 2016, núm. 37.**
- 3.- Rexistro de entrada do día 11 de febreiro de 2016, núm. 61.**
- 4.- Rexistro de entrada do día 11 de febreiro de 2016, núm. 62.**

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

Rogos:

- 1.- Rexistro de entrada do día 11 de febreiro de 2016, núm. 54, para utilización da linguaxe inclusiva na web institucional e na documentación municipal.
- 2.- Rexistro de entrada do día 12 de febreiro de 2016, núm. 63, para mellorar os accesos e a sinalización no Polígono do Tambre.

Preguntas resposta oral en pleno:

- 1.- Rexistro de entrada do día 9 de febreiro de 2016, núm. 46.
- 2.- Rexistro de entrada do día 9 de febreiro de 2016, núm. 47.
- 3.- Rexistro de entrada do día 11 de febreiro de 2016, núm. 52.

Preguntas resposta por escrito:

- 1.- Rexistro de entrada do día 27 de xaneiro de 2016, núm. 32.
- 2.- Rexistro de entrada do día 27 de xaneiro de 2016, núm. 33.
- 3.- Rexistro de entrada do día 28 de xaneiro de 2016, núm. 34.
- 4.- Rexistro de entrada do día 29 de xaneiro de 2016, núm. 35.
- 5.- Rexistro de entrada do día 2 de febreiro de 2016, núm. 39.
- 6.- Rexistro de entrada do día 2 de febreiro de 2016, num. 40.
- 7.- Rexistro de entrada do día 4 de febreiro de 2016, núm. 42.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-

Rogos:

- 1.- Rexistro de entrada do día 11 de febreiro de 2016, núm. 55, para que se melloren as condicións das placas cos nomes das rúas.
- 2.- Rexistro de entrada do día 11 de febreiro de 2016, núm. 56, relativo a reposicións postes informativos na Praza de Galicia.

Preguntas resposta oral en pleno:

- 1.- Rexistro de entrada do día 11 de febreiro de 2016, núm. 57.
- 2.- Rexistro de entrada do día 11 de febreiro de 2016, núm. 58.
- 3.- Rexistro de entrada do día 11 de febreiro de 2016, núm. 59.
- 4.- Rexistro de entrada do día 11 de febreiro de 2016, núm. 60.

No curso do debate incorpórase ao salón de plenos a concelleira, Dona Branca Novo Rey.

Alcalde: Empezaríamos por un rogo do grupo municipal Socialista sobre a situación dos parques públicos da cidade, mobiliario, luminarias.

Quén fai a súa defensa, Gonzalo a súa quenda.

Don Gonzalo Muíños Sánchez: Boa tarde alcalde, compañeiros e compañeiras.

Santiago caracterízase por ser unha das cidades con máis metros cadrados de parques e zonas verdes por habitante de España.

O mantemento deses espazos públicos verdes é responsabilidade do goberno municipal, na actualidade esta contratada unha empresa para o servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e arborado urbano de Santiago, e o feito de subcontratar é simplemente un cambio de xestión, é polo tanto, os responsables municipais deben exercer unha labor vixilante e de supervisión.

No grupo municipal Socialista recibimos numerosas queixas da veciñanza, a respecto da situación na que se atopan moitos dos parques da nosa cidade.

Tras visitalos puidemos confirmar o seu estado de abandono, situación que poderedes apreciar nas distintas imaxes colgadas na páxina web do noso grupo, como poden ser as zonas de paseo da Alameda intransitables, isto merece capítulo aparte, paseos cheos de fochancas no parque Eugenio Granell, falta absoluta de mantemento na zona verde e urbanización do Combarro, con papeleiras destruídas e bolardos tirados, herba e maleza no parque de Salgueiriños, aínda que recentemente adxudicado.

Por todo iso, é polo que presentamos a este pleno o seguinte rogo, que o goberno municipal exerza a súa labor de supervisión e procure un óptimo mantemento de todos os parques públicos da cidade, e así mesmo, repaña o mobiliario e as luminarias que se atopan en pésimas condicións.

Alcalde: Señor Xan Duro.

Don Xan Duro Fernández: Este goberno municipal leva exercendo esa labor de supervisión dende que entramos neste goberno, e agás na zona da Alameda que polas súas especiais características a intervención é máis delicada, estase facendo, segundo van chegando esas queixas que vostede indica, e arranxando todos os elementos que podemos, dadas as nosas dispoñibilidades orzamentarias.

Seguiremos a exercer esa labor supervisora, e procuraremos ese óptimo mantemento, sen dúbida.

Alcalde: O segundo dos rogos que figura aquí é do BNG a respecto á petición de utilización da linguaxe inclusiva na web institucional, dona Goretti.

Dona Goretti Sanmartín Rei: O rogo refírese non só a petición desa linguaxe inclusiva na web, senón tamén na documentación, na documentación que utilizamos no día a día, na que se pasan nas comisións, na que utilizamos aquí, e refírese a dúas cuestións ao modelo de lingua que se utiliza, algunha dela dende logo se fose distribuída esa documentación en castelán nunca tería os erros de lingua que aparecen ás veces nesa numerosa documentación, erros graves de lingua, e exactamente algo co que acontece, algo que sei que é asumido polo grupo de goberno, esa utilización dende unha perspectiva teórica da linguaxe inclusiva, mais, isto non se fai dende a perspectiva única e exclusivamente de facer a lembranza de ter que facelo, senón da necesidade de acompañalo cun elemento formativo, para que o propio persoal saiba da importancia que ten a utilización da linguaxe inclusiva.

E por iso que, para alén, de facer unha referencia inicial sobre o significado, como coa lingua nós tamén transmitimos valores, como precisamos actualizar, democratizar a linguaxe que utilizemos, e fora moitas veces, de brincadeiras ocasionais a respecto da utilización da linguaxe inclusiva, isto serve tamén, para transmitir ao conxunto da sociedade, e ao conxunto da administración unha posición de necesidade de visibilizar as mulleres na sociedade.

Por tanto, xa digo, o que se transmite, o que se quere facer, non é dar un salto para que de maneira inmediata pois pode utilizarse a linguaxe inclusiva sen máis, e de que se faga de maneira rutineira, senón de insistir na necesidade, para que todo o persoal municipal e mesmo o conxunto da corporación que estamos aquí, ao ser introducido isto nun pleno, fagamos unha reflexión a respecto da necesidade de utilizala, sabendo, pois con eses exemplos de boas prácticas como se pode facer dunha maneira moi sinxela, que non teña que ser algo, xa digo, feito por cuestións que poidan parecer ou politicamente correcto, senón por algo que leve detrás unha valoración de por qué se fai, qué significado ten, e cómo iso pode facer ese uso da lingua moito máis positivo, pode facer que tamén axudemos a esa necesaria visibilización e igualdade das mulleres na vida pública.

Alcalde: Grazas Goretti, Marta.

Dona Marta Lois González: Grazas, moi brevemente.

Dicir que dende o grupo de Compostela Aberta concordamos na totalidade do rogo realizado polo Bloque Nacionalista Galego, porque efectivamente, concordamos que temos detectado que a linguaxe institucional empregada no noso concello, non é nada

inclusiva, e tamén propia a calidade da lingua empregada en galego, deixa moito que desexar.

Neste sentido precisamente, os resultados da diagnose realizada dende a concellaría de igualdade a finais de 2015 saca a luz, precisamente, un dos déficits importantes no marco das desigualdades entre homes e mulleres, dentro concello, tamén subliña este aspecto, o tema das carencias en termos de uso e recomendacións da linguaxe inclusiva.

A seguinte fase, despois de feita esta diagnose, con toda seguridade é tratar, a partir da aprobación e do deseño dun novo plan de igualdade de abordar de maneira substantiva esta cuestión, así como outras cuestións relevantes como poden ser introducir, a perspectiva de xénero no deseño e formulación dos propios orzamentos.

Evidentemente, para poder levar a cabo todo este tipo de accións, unha das ferramentas centrais, así tamén o sinalaba a concelleira Goretti Sanmartín, ten que ver coa formación en materia de igualdade de xénero.

Para finalizar dicir que tomamos nota e comprometémonos con esta necesidade e petición, para dende o propio departamento de igualdade, enviar en primeira instancia xa unha circular con recomendacións e exemplos de boas prácticas, como xa se fixo aquí fai bastantes anos, e que cremos que ten que ser como mínimo o primeiro paso para mudar todas estas inercias e estas rutinas tan pouco desexables.

Grazas.

Alcalde: Grazas Marta.

O terceiro rogo é do Partido Popular, respecto ás placas que conteñen nomes de rúas, sobre todo as da zona histórica, quen fai a defensa?

Dona M^a José Castro Carballal: Boa tarde.

Os nomes das rúas non só serven para perpetuar antigos topónimos ou lembrar persoas ou feitos destacados para a cidade, senón tamén, teñen unha razón de ser fundamental na delimitación de espazos, na localización de domicilios, edificios residenciais ou de calquera outra natureza.

Non a cidade de marcado carácter turístico como é a nosa, resulta fundamental para localizar monumentos e sitios de interese para as persoas que nos visitan.

De unha correcta sinalización perfectamente visible e accesible depende a eficacia do papel fundamental de localización que teñen os nomes das rúas, conforme a súa

condición de cidade monumental e amparada na súa específica normativa urbanística, no centro histórico de Santiago de Compostela a maioría deses nomes están labrados en soportes pétreos e destacados cunha pintura, o que facilita a súa visión, e así cumprir mellor a súa finalidade.

En varios destes soportes o paso do tempo foi desgastando ata a súa completa desaparición os resaltes da pintura, co que a larga a penas se distingue, dificultando a percepción dos nomes, e por iso, e con elo a súa primordial función delimitativa.

En anos anteriores esa revisión realizábase con regularidade, pero na actualidade, ese labor non se aprecia.

Por todo o anterior, este grupo municipal presenta ao pleno o seguinte rogo:

Que por parte do goberno municipal se dean as instrucións precisas para que se revisen e onde proceda, se melloren as condicións das placas que conteñen os nomes das rúas de forma especial as de pedra da zona histórica, remarcando os trazos para a súa mellor visibilidade.

Moitas grazas.

Alcalde: Grazas, Jorge.

Don Jorge Duarte Vázquez: Ola, boas tardes a todos e a todas.

Nos anos anteriores había un contrato de mantemento para elementos patrimoniais, que abranguían fontes, placas de rotulación, varandas e distintos elementos.

O contrato de mantemento rematou a finais de 2015, cando se faga a concesión dos novos contratos de mantemento, renovárase cun valor coidado e protección dos elementos patrimoniais, no cal quedará incluído o coidado e rotulación das placas de nomenclatura das rúas.

Alcalde: O cuarto rogo é tamén do Partido Popular, sobre o poste informativo da Praza de Galicia e a súa reposición.

Don Claudio Montiel Carracedo: Boas tardes a todos.

A satisfacción das persoas usuarias do sistema de transporte público de viaxeiros e a súa eficacia ten moito que ver cunha axeitada información que incremente a confianza, mellore a organización do tempo dos usuarios e usuarias e faga perceptible a labor de

deseño e coordinación de liñas na procura dunha mellor adecuación do servizo ás necesidades e ás demandas da veciñanza.

Dende o Concello de Santiago déronse importantes pasos nesta dirección nos últimos tempos, sobre todo a través da incorporación das novas tecnoloxías, coa introdución da aplicación +Bus, e coa iniciativa de reforzar un sistema de postes nas paradas que ofrecen información en tempo real dos tempos previstos para a chegada de cada autobús.

Aínda que, grazas á iniciativa do Grupo Popular, se está a avanzar na extensión deste servizo de postes informativos ás principais paradas, o certo é que aínda queda moito por mellorar nesa dirección.

O que nos parece máis urxente é repoñer aqueles postes que desde hai meses foron retirados para a súa reparación e aqueles que non están a prestar o seu servizo. Por iso, formulamos a necesidade de recuperar eses elementos no contorno da Praza de Galicia, punto clave para o tránsito e o transbordo de boa parte das liñas que operan no sistema de transporte municipal.

En consecuencia, o grupo municipal Popular, presenta o seguinte rogo:

Que por parte do goberno municipal se axilice a reposición do poste informativo que indica en tempo real a situación dos autobuses urbanos no contorno da Praza de Galicia, en concreto na parada radicada no tramo de beirarrúa entre as súas do Hórreo e Doutor Teixeiro, e que se active o poste existente na rúa da Senra, sen menoscabo da revisión dos demais existentes.

Moitas grazas.

Alcalde: Grazas Claudio, Jorge.

Don Jorge Duarte Vázquez: En relación aos postes informativos, todos concordamos en que prestan unha gran labor de información aos usuarios de transporte público, e que é necesario o seu mantemento.

Con respecto ao poste da Praza de Galicia, está pendente a reparación por discrepancias, ou diferenzas co seguro, que é quen ten que facerse cargo, ante esa dilación, por parte do Concello estamos iniciando o proceso para levar a cabo a reparación e posteriormente reclamarlle ao seguro.

Hai outro segundo poste que está en proceso de reparación, que é o da Senra que ten un problema CPU, está en reparación, e nos próximos días estará reparado, e un terceiro

que está na República Arxentina, que a semana pasada por problemas de vandalismo viuse afectada a centraliña de control, e tamén está nestes momentos en proceso de reparación.

Entendemos que é necesaria a reparación, para dar a información aos cidadáns.

Alcalde: O último dos rogos é do BNG a respecto de mellorar os accesos ao Polígono do Tambre.

Don Rubén Cela Díaz: Grazas señor alcalde.

A ampliación do acceso principal o Polígono do Tambre foi unha demanda case que histórica tanto dos empresarios, como dos traballadores e traballadoras desta área industrial.

As obras que actualmente se están a levar a cabo van permitir duplicar o viaduto que vai sobre a estrada nacional, o que vai permitir duplicar tanto a capacidade tanto de entrada e saída ao polígono, e prescindir dun dos stops que actualmente provocan maiores retencións.

Esa actuación para nós resulta imprescindible, mais dende o noso punto de vista, absolutamente insuficiente se en paralelo a esa actuación non se produce outra na rotonda primeira do polígono, na Vía Edison, a coñecida como rotonda da “donuts”, e por ese motivo o que pedimos ao pleno municipal é que se encargue un estudo e que se inclúa o acondicionamento da mesma no orzamento de 2016, porque de non facelo, dende o noso punto de vista, o que se provocará é trasladar esa retención pois simplemente uns metros máis para adiante.

Cremos que é unha actuación sinxela, non require expropiacións, porque o terreo é municipal e a parte, pois hai espazo suficiente, para duplicala, porque de si por si xa faría falta, se temos en conta que unha parte importante de vehículos son camións de grande tonelaxe, pois ao facer o xiro cobren co camiión os dous carrís, polo tanto, na práctica esa rotonda é dun único carril.

Por outra banda, o que solicitamos neste rogo tamén, é unha mellora da sinalética en xeral de todo polígono que ten unha letra absolutamente minúscula, e polo tanto, provoca para a xente que non coñece as rúas do polígono moitos problemas, e en particular, no que ten que ver co tanatorio de Boisaca, eu podo asegurarlles, recibimos varios queixas ao respecto, que para unha persoa que non sexa de Santiago, que veña ao tanatorio a calquera acto funerario, ou a calquera visita, é misión case imposible chegar porque esta fatalmente sinalizado.

Aproveitando que quedan uns segundos, tamén dicir, que neste caso, abordamos esta entrada principal do polígono, pero que nos preocupa toda a accesibilidade á área industrial de Santiago e nese sentido estaremos especialmente atentos á evolución ao ámbito da variante de Aradas, do orbital comprometido coa autoestrada AP-9, e ao polígono da Sionlla, e tamén, pois ese acceso na N-550, á altura da FINSA para darlle esa outra entrada á zona norte do novo polígono da Sionlla.

Alcalde: Grazas Rubén, Xan.

Don Xan Duro Fernández: Simplemente dicir que estudarémolo e veremos que dispoñibilidades orzamentarias temos para desenvolver esas iniciativas.

Alcalde: Pasaríamos ás preguntas para a resposta oral hoxe no pleno, a primeira é unha pregunta do grupo Socialista, sobre a suspensión das actividades deportivas Pío XII, Monte dos Postes e Quiroga Palacios, Gonzalo.

Don Gonzalo Muíños Sánchez: Sendo informados de que nos últimos meses foron suspendidos os entrenamentos e diferentes actividades deportivas nos pavillóns de Pío XII, Monte dos Postes e Quiroga Palacios, entre outros, debido ás filtracións de humidades nos días de moita choiva, é polo que preguntamos e solicitamos contestación oral á pregunta seguinte:

Qué actuacións ten previsto realizar este goberno para solucionar á maior brevidade posible este problema de mantemento dos pavillóns polideportivos da cidade e que está a afectar o normal funcionamento destas instalacións?.

Alcalde: Grazas Gonzalo, Noa.

Dona Noa Morales Sánchez: Ola e boa tarde a todos e a todas.

Somos conscientes de que houbo un grande deterioro en moitas instalacións que hai, nas deportivas tamén, algunhas porque teñen moitos anos, e outras, bueno en xeral por unha falta de mantemento adecuado, e como xa sabedes nestes orzamentos de 2016, propuxemos unha subida importante na partida de mantemento en infraestruturas deportivas.

Imos deseñar un plan de actuación conxunta, na cuestión das filtracións e humidades, ademais dunha actuación xa por fases e moito máis profunda de algúns pavillóns que o precisan, como é o Santiago Apóstolo e que tamén esta recollido nos orzamento de 2016.

Alcalde: Grazas Noa.

A segunda pregunta é do BNG sobre a repavimentación da avenida de Vilagarcía entre Rosalía de Castro e Romero Donallo.

Don Rubén Cela Díaz: Grazas señor alcalde.

Na Xunta de Goberno Local do 16 de outubro de 2015 adxudicábase por urxencia o contrato de repavimentación da avenida de Vilagarcía entre Rosalía de Castro e Romero Donallo, por un importe duns 330.000 euros, máis IVE.

Ese contrato formalizábase dez días despois e tiña un prazo dun mes para comprobación do replanteo, logo o contratista debía iniciar ás obras nos quince días seguintes a data da sinatura da acta de comprobación do mesmo, tal e como recolle o documento do propio expediente.

Nese sentido, o único que queremos é preguntara ao goberno municipal, qué perspectiva temporal ten a respecto da execución desta obra?

Alcalde: Grazas Rubén, Jorge.

Don Jorge Duarte Vázquez: En relación con este proxecto de repavimentación da avenida de Vilagarcía que coincide no seu trazado co acceso do Camiño de Santiago á cidade de Santiago de Compostela, cando o xefe de servizo que toma posesión no mes de decembro, toma baixo a súa dirección este contrato, pon en prevención, que é un proxecto que afecta ao Camiño de Santiago, e que entende que mentres falte o informe preceptivo da Comisión de Patrimonio non poderemos actuar sen ese informe, e non poderemos iniciar as obras por non ter o preceptivo informe de patrimonio.

Polo tanto, o que se fai a partir da posta en evidencia, de que hai un defecto de tramitación deste proxecto por parte do anterior goberno municipal, envíase a patrimonio para informar, e postos en contacto con patrimonio en días pasados, o expediente esta pendente aínda de informe, e se lle remite escrito á semana ao subdirector xeral, Juan Naveira, para que informe, explicándolle que hai un problema de datas, porque a obra debería estar rematada o 30 de novembro deste ano.

Tamén se fai consulta á Deputación, porque os fondos son da Deputación, os que teñen que financiar esta obra, se habería posibilidade ou non de prorrogar, de todas formas tendo en conta os prazos se lle pide a patrimonio que axilice a súa contestación para poder adaptar o proxecto ás directrices que dea patrimonio.

Alcalde: Grazas Jorge, hai outra pregunta do BNG sobre a adxudicación dos contratos de conexión exterior das redes de servizos na área deportiva de Conxo, Rubén.

Don Rubén Cela Díaz: Si moitas grazas señor alcalde.

Bueno un pouco na mesma liña, a Xunta de Goberno Local do 7 de agosto do ano pasado, adxudicaba os contratos de conexión exterior das redes de servizos e da adecuación das instalacións existentes na área deportiva de Conxo, por importe de 80.000 euros máis IVE unha, e o proxecto básico de execución de reforma do campo de fútbol, por 246.000 euros máis IVE.

Eses contratos formalizábanse o 18 e o 19 de agosto respectivamente, o primeiro tiña un prazo de execución de mes e medio e ao abeiro deste contrato a empresa adxudicataria comprometíase, ademais, á construción dunha zona de quecemento e de adestramento, xunto co subministro de dúas unidades de bancadas para suplentes.

Por ese motivo queremoslle preguntar ao grupo de goberno, qué prazos manexa para a entrega definitiva desas instalacións e se o grupo de goberno entende que os clubs van poder empregar esas instalacións antes do remate da vixente temporada.

Alcalde: Grazas Rubén, Noa Morales.

Dona Noa Morales Sánchez: A primeira á que se refire a conexión exterior instalacións existentes das redes de servizos do campo de fútbol de Conxo, a obra está finalizada, faltan as acometidas de auga e electricidade que se están xestionando, o que deu máis problema foi o proxecto básico de execución de reforma do campo de fútbol, que é a segunda parte, entre outras cousas, polas continuas precipitacións, que estas influíron primeiro en que non se puideran acometer as tarefas de movemento das terras previstas, e esta era unha condición importante, para a instalación do terreo de xogo, para evitar que no futuro aparezan baches e blandóns.

Tamén por culpa das precipitacións e porque non chegou a secarse, houbo que paralizar a colocación da sub-base elástica, porque a compactación da zahorra non é a adecuada, e neste caso, ademais, era precisa unha necesaria compactación do noventa e cinco por cento.

Despois da realización das probas de humidade e compactación, cando os resultados foron satisfactorios colocouse a lámina impermeable e a continuación a base elástica, por último é o que queda pendente, e tamén por unha cuestión climática, porque se necesita un período, polo menos, de dez días de calor ou sen choivas, queda pendente a colocación da última capa de céspede artificial, do lastrado e do pintado do campo.

Alcalde: Grazas Noa.

A cuarta pregunta tamén é do BNG sobre modificación das zonas de escolarización en Santiago para o vindeiro curso.

Don Rubén Cela Díaz: Grazas señor alcalde.

Na Xunta de Goberno Local do 5 de febreiro aprobouse unha proposta do concelleiro delegado de educación e cidadanía relativa ao expediente “modificación de zonas de escolarización en Santiago de Compostela para o curso escolar 2016-2017.”

Segundo a documentación remitida pola Xunta de Galiza, o Concello de Santiago, diante da proposta formulada polo servizo territorial de inspección educativa, debía manifestar a conformidade ou disconformidade con esa proposta, mesmo existía a posibilidade de emitir alegacións se o goberno o estimase oportuno.

Segundo a normativa vixente, e tal como se reflicte na documentación achegada á Xunta de Goberno, habería que consultar ao Consello Escolar Municipal, onde está representada a comunidade educativa.

Por ese motivo preguntamos ao goberno, por qué non se realizou e se ten pensado realizalo.

Alcalde: Manolo.

Don Manuel Díos Díz: Ben, trátase dun trámite preceptivo, foi realizada a proposta polo presidente da comisión de escolarización, contaba co respaldo da xunta provincial de directores, tamén, dos directores afectados directamente que son os presidentes dos consellos escolares, que é o órgano de participación da comunidade educativa máis importante, contaba tamén co aval da inspección educativa, e afectaba a tres centros educativos, dous públicos e un privado-concertado.

Referíase a ampliación de zonas de influencia, digamos que respondía a unha reclamación individual, unha reclamación concreta do colexio La Salle a inspección educativa aceptouna, foi informada favorablemente polo Presidente da Comisión de escolarización, e acordouse consultar cos directores directamente afectados.

O trámite de consultar ao Consello municipal de educación, imposible, porque non existe tal consello municipal de educación, non se reuniu en toda a lexislatura pasada, e virá ao próximo pleno do mes de marzo a proposta de creación do novo Consello municipal de educación.

Acabo, teño varias felicitacións aquí, se quere llas deixo ver, de familias que saúdan a ampliación de zonas de influencia para os dous colexios públicos, tanto Pío XII como Quiroga Palacios.

Alcalde: A quinta pregunta é do Partido Popular, sobre a continuidade do servizo da ora e grúa municipal.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Grazas señor alcalde.

Como vostedes saben fai uns meses o TSXG decidiu a anulación da adxudicación do servizo coñecido coloquialmente como de ORA e grúa.

Anulación de adxudicación que conleva tamén a anulación do propio contrato do servizo que prestaba a empresa.

A fin de que vostede non utilice maliciosamente esta sentenza, como creo que fixo nalgũa ocasión, quero lembrarlle señor alcalde que tanto na sentenza como no propio informe do director da asesoría xurídica xa se advirte que o concello esta exonerado de toda responsabilidade.

Consideración que tamén fai súa, nun escrito que tiven a oportunidade de ler, o señor Duro.

Digo isto para deixalo claro.

O certo é que o contrato é nulo, e que a suspensión do contrato, pois efectivamente, ocasionaría un grave prexuízo, pensemos, pois nos problemas de mobilidade que se poderían ocasionar senón existise un servizo de grúa, que en determinados supostos é francamente necesario, ou pensemos, por exemplo, pois na necesidade de manter o control das zonas residenciais.

Como vostedes saben, a lei prevé á posibilidade de prorrogar os efectos do contrato, sempre e cando se adopten medidas urxentes, medidas alternativas, soportes xurídicos alternativos, neste caso estaríamos a falar de traballar nunha nova xestión indirecta, ou nunha nova xestión directa, pero o certo é que esas medidas se teñen que comezar a adoptar con urxencia.

O director da asesoría xurídica vincula estes traballos urxentes, pois a un concepto xurídico indeterminado que é un “breve período de tempo”, como todos os conceptos xurídicos indeterminados, pois hai zonas de certeza positiva, zonas de certeza negativa e zonas de incerteza. Sabemos que un breve período de tempo poden ser dúas semanas ou dous meses, pero sabemos que un breve período de tempo non poden ser dous anos.

E tamén sabemos, que os camiños da xustiza son inescrutables e que nos podemos enfrontar a un problema de inexecución de sentenza e que nun momento dado o servizo caía como caeu en Lugo, co cal ocasionaría un grave prexuízo.

Polo tanto, cabe preguntar, polos concretos traballos, ou polo tempo no que se veñen desenvolvendo eses traballos que supostamente está a realizar o Concello de Santiago, para dar un soporte xurídico alternativo, eu quixera pois que se xustificase o que se fixo nestes tres meses, quixese que se me contestase como se o requirimento o fixese o xulgado, por qué se o pregunto non se me conteste absolutamente nada como pasou na comparecencia.

Entón faga un exercicio imaxinativo, xa sei que non é grato, pero como se o xulgado lles pregunta nestes tres meses vostedes concretamente que fixeron, e nos vindeiros seis meses, de xeito garantido, qué é o que van facer, esa é a pregunta.

Non sei quen ten que responder se o señor Duro ou o señor Duarte, ou está integrada a resposta, o digo porque no expediente que eu lin a respecto da segunda prórroga, que é un expediente montado dende o departamento de tráfico, non hai ningunha alusión a TUSSA, sociedade instrumental TUSSA, cando nos medios de comunicación o que leo é que todo isto o está a levar TUSSA, entón dáme a sensación de que aquí se reedita aquela célebre canción de Siniestro Total que non era orixinal deles, que era aquela de ...

Nada máis.

Don Xan Duro Fernández: Por tranquilizar o anterior colega de oficio de concelleiro, agora mesmo está desenvolvendo a Auditora Faura Casas, a auditoría de liquidación da empresa SETEX APARKISA, e a través de TUSSA estase a desenvolver un informe de viabilidade económica do proceso de remunicipalización a través de empresa pública, e nas vindeiras semanas teremos os datos, e ata o de agora é o que se leva desenvolvido este grupo de goberno ao respecto.

Alcalde: A maiores para ser completo, completar tamén, e para que non lle quede ao señor Brunete ningún atisbo de dúbida, fíxose como o señor Brunete sabe, unha modificación do obxecto social de TUSSA para permitir a prestación do servizo, e esa modificación foi aprobada tanto no Consello de Administración como logo no plenario que é necesario, e que indica que é vontade do grupo de goberno intentar prestar o servizo de maneira directa a través da sociedade TUSSA.

Pregunta sexta do PP, sobre o modelo a desenvolver e as previsións do goberno local en relación coa nave 5 da Praza de Abastos.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Ímola retirar como consecuencia de que se vai debater unha moción que vai na mesma liña.

Alcalde: Moi ben, pasamos á pregunta do Partido Popular, sobre encargo dun informe para a localización da EDAR.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Grazas señor alcalde.

Compostela Aberta iniciou o seu mandato cun afán revisionista que estendeu a practica totalidade das áreas de xestión municipal, iso provocou a paralización de obras e proxectos en marcha que na súa inmensa maioría foron retomadas varios meses despois, logo dun longo período de estudo e reflexión sobre a súa conveniencia ou necesidade, ou se xustifica a súa non execución faltando á verdade, como tivemos que escoitar a respecto das causas de paralización das obras da Avenida de Vilagarcía.

Ese afán revisionista non se detivo nas cuestións de estrita e exclusiva competencia municipal, senón que afectou a actuacións que se viñan desenvolvendo baixo a fórmula de cooperación e de colaboración entre administracións, así aconteceu co proxecto, para a construción da EDAR, que foi sometido a ese particular proceso, “estudo e análise”, cuestionando os pasos dados, en particular a elección da localización no lugar do Souto, mesmo cando tiña acadado en xuño de 2014, a declaración de impacto ambiental favorable da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, que por certo anulara a declaración de impacto ambiental da anterior solución, que non era conforme a dereito, e polo tanto, sendo a única solución viable para facer unha nova depuradora.

Tendo coñecemento da intención do grupo de goberno de reabrir un debate que entendíamos superado, e do encargo dun estudo sobre a idoneidade da localización decidida no seu día, no pasado mes de outubro o grupo Popular presentou unha pregunta para a súa resposta por escrito, sobre o encargo dun novo informe por parte do concello relativo ao encargo dun estudo sobre a Edar de Santiago de Compostela.

Aquela pregunta requiría a forma de contratación, custes, prazos e motivo do encargo.

Un mes despois, en data 10 de novembro de 2015, o concelleiro de medio ambiente e convivencia, asinaba unha resposta na que afirmaba que a día de hoxe non se solicitou informe en relación á localización da EDAR.

Mentres na sesión plenaria do día anterior do día 9 de novembro de 2015, o concelleiro de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade no transcurso do debate, sobre unha iniciativa sobre a nova EDAR, aseguraba que dende o grupo de goberno tamén

estamos coa tramitación dun encargo para o estudo da viabilidade das súas alternativas, e tamén das diferentes opcións da EDAR que se puidera acometer.

Mesmo o señor Duarte, e o resto dos voceiros foron testemuñas, durante unha reunión da comisión informativa de infraestruturas, avanzou incluso o nome da empresa elixida polo concello.

Á vista desta contradición sobre o mesmo asunto, que pon en dúbida a veracidade das afirmacións e o rigor do goberno, o grupo municipal popular formula novamente a seguinte pregunta:

Tramitou ou xestionou o goberno local o encargo dun estudo sobre a EDAR de Santiago de Compostela e, en caso afirmativo, cal foi a forma de contratación, custo, empresa, prazo e motivo deste encargo?

Moitas grazas.

Don Jorge Duarte Vázquez: Xa que a contestación de Xan estaba por escrito e a miña foi unha información dada na comisión de infraestruturas, vou contestar.

Certo é que dende este grupo de goberno, ante as posibilidades abertas dunha primeira ubicación da depuradora na Silvouta e un segundo proxecto no Souto e ante a declaración de anulación da declaración de impacto ambiental da ubicación en Silvouta, si valoramos a oportunidade de encargar un estudo de cal sería a ubicación máis aconsellable para este concello, por custes económicos e ambientais a curto, medio prazo e longo prazo.

Esa proposta, de feito, chegouse a estudar e a pedir orzamentos, e o concello decidiu finalmente non facer ese encargo porque había unha posterior demanda da asociación, plataforma en defensa do Sar, cuestionando o informe de declaración ambiental do Souto, e ante as dúbidas que había de que se o presuposto era un contrato maior ou menor, ao final decidimos non encargar ese estudo de cal sería a mellor ubicación e esperar cal é o recorrido de declaración de impacto ambiental da ubicación no Souto.

Alcalde: A última pregunta tamén é do Partido Popular, sobre as previsións para a contratación de persoal con destino á Banda de Música.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Si moitas grazas señor alcalde.

A Banda Municipal de Música de Santiago fundada no ano 1849 é unha das máis antigas de Galicia.

O concello fixose cargo dela en 1876, cumprindo pois, neste ano precisamente os 140 anos do patrocinio municipal.

Na actualidade, creo sen dúbida, é un dos activos culturais máis importantes da nosa cidade, moi apreciada pola nosa veciñanza que goza dos seus concertos que ao longo do ano ofrece en distintos escenarios e lugares do concello, e tamén en barrios e parroquias que visita ao longo do ano nunha actividade itinerante que foi potenciada, precisamente, no pasado mandato municipal.

Aproveito para recomendar aos compañeiros de corporación, e incluso, ao alcalde, que asistan aos concertos da banda, porque merecen a pena.

A labor divulgativa da banda combinase con concertos didácticos para escolares, e participación en actos festivos, culturais e protocolarios, nos que axuda a potenciar o carácter e vocación cultural da nosa cidade.

Ese intenso e meritorio labor precisa dun constante apoio e atención por parte do concello, tanto no aspecto económico como na dotación de persoal, para continuar co grao de excelencia que ven mostrando a banda nos últimos anos, especialmente dende a incorporación do novo director.

A banda municipal mantén unha constante reivindicación por recuperar o seu cadro de persoal, limitado a 35 efectivos, e de forma moi especial a determinados postos considerados como imprescindibles, para garantir a súa calidade interpretativa.

Son os casos dos postos de óboe, trompa e fagot que ata o pasado mes de xaneiro viñan sendo cubertos mediante persoal interino, pero que dende entón permanecen vacantes tal e como teñen advertido membros da propia Banda e representantes sindicais.

Esa carencia causa un grave prexuízo para manter a calidade artística da banda, e cremos, que o mantemento da situación é prexudicial para que as súas interpretacións teñan unha mínima calidade.

Por iso facemos, a seguinte pregunta:

Cal é o motivo polo que non se están a cubrir os postos vacantes no cadro de persoal da Banda como se viña facendo ata ese momento, e que medidas ten previsto adoptar o goberno municipal para recuperar, coa maior brevidade, os tres postos de óboe, de trompa e de fagot, que segundo os propios membros da banda, son imprescindibles no cadro de persoal para que manteña a súa calidade.

Moitas grazas.

Alcalde: Grazas a vostede Agustín, Branca.

Dona Branca Novo Rey: Penso que para abordar o tema das vacantes debemos entendernos nun contexto moito máis amplo, non, que é a situación do servizo, da súa idade de xubilación, da situación da taxa de reposición, que implica unha complexa reestruturación da banda municipal, que dende o goberno municipal de Compostela Aberta tratamos coa máxima dignidade en relación coa especialización que require un traballador/a de traballo artístico.

O goberno traballa dende fai tempo co director artístico da banda, coa comisión da banda, en atopar novas alternativas en comunicación cos espazos formativos da cidade, como a Escola de altos estudos musicais e o Conservatorio superior de música, que continuamente integran propostas e programas especiais dentro do que é a programación da banda municipal de música.

Nos o que pensamos, primeiro, hai vacantes que non son imprescindibles como a de fagot, que nos máis de 140 anos da banda só foi cuberta durante uns meses xa fai anos, e asimilamos que si, que hai necesidades que temos que atender, e para iso, buscamos un resultado dun proceso de fondo.

Pensamos que é necesario atopar un espazo entre o que é a profesionalización e a formación superior na cidade, e apoiándonos no currículo da escola de altos estudos musicais, que ten unha asignatura relacionada coas prácticas en banda e orquestra, para iso pensamos que sería moi, moi acaído traballar nunha convocatoria aberta para desenvolver prácticas na banda municipal e niso estamos traballando nun espazo que conecte o nivel formativo superior dos espazos da cidade coa nosa banda municipal, como xa está a suceder, por exemplo, neste mes de febreiro en multitude de concertos, sobre de todo, nos dos domingos que traballan co Conservatorio superior de música da cidade, e é nesa liña na que traballamos, efectivamente para dar un salto da situación que temos agora cara a unha convocatoria aberta de prácticas na banda, e efectivamente, atenderemos a cubrir esas interinidades ata que teñamos unha alternativa activa.

Non consideramos que o fagot sexa imprescindible, porque durante a historia da banda, só estivo cuberta durante uns meses, entón non é correcto, que sexa imprescindible.

Alcalde: Rematamos así o período de preguntas, pasaríamos ao último tramo do pleno.

Neste momento, auséntase dona Branca Novo Rey, quen non se incorpora ao resto da sesión.

11. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG:

1.- Rexistro de entrada do día 9 de febreiro de 2016, núm. 45, de apoio ás persoas que reciben pensións de estados estranxeiros.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, para apoiar as persoas que reciben pensións de estados estranxeiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis unha vez querémonos referir á problemática que rodea a emigración que Galiza padeceu, e continúa padecendo. Foron milleiros as persoas que se viron obrigadas a abandonar o noso país desde comezos do século XIX para procurar un medio de vida. Hoxe, persoas mozas cunha alta cualificación, tamén se ven obrigadas a facer o mesmo que fixeron os seus avós e avoas para poderen ter un traballo.

Moitas das persoas emigrantes, xa de retorno na Galiza e en idade de xubilación, son beneficiarias de pensións que perciben de estados estranxeiros. Tras este colectivo recibir requirimentos da Axencia Tributaria para que declaren as cantidades percibidas coa finalidade de proceder á regularización ou no seu caso formulación da declaración sobre o imposto das persoas físicas correspondentes aos exercicios de 2008, 2009, 2010 e 2011, produciuse unha forte resposta social. Estas persoas nunca recibiron ningún tipo de información en relación coa súa obriga de declararen as contías das pensións percibidas no estranxeiro. Existía un total descoñecemento da obriga de facer esa declaración anual do IRPF, o que confirma a falta de intencionalidade de defraudar por parte destas, e que se apoia co feito de os estados pagadores nunca lles expediren ningunha certificación en relación coas cantidades percibidas.

Dos máis de 250 mil pensionistas e persoas xubiladas retornadas, a gran maioría teñen unha paga mensual de menos de mil euros e en moitos casos estas pensións son as que están salvando economicamente as familias por membros que se atopan nunha situación crítica de paro ou de precariedade laboral.

Por iso o grupo municipal do BNG, solicita a adopción do seguinte

ACORDO

1. Demandar do Goberno do Estado español a adopción urxente das seguintes medidas:

a) Que proceda á modificación lexislativa para fixar un mesmo réxime do IRPF para as rendas procedentes de pensións, con independencia de se estas proceden dun estado ou de varios estados.

b) Que se paralice o proceso do *Plan Montoro*, establecido na disposición adicional única da Lei 26/2014¹.

b) O recoñecemento de oficio das pensións de invalidez, recoñecidas nos países de procedencia coa finalidade de acreditar a exención na tributación destas pensións.

c) Asumir o contido das sentenzas xudiciais que en virtude do artigo 19 do Tratado bilateral hispano-alemán, vixente até o 31 de decembro de 2012, exime de tributación no Estado español as pensións percibidas en Alemaña antes do exercicio 2013 e que, en consecuencia, se proceda á devolución de oficio.

d) Cumprir co artigo 25 da Constitución española non aplicando a lei vixente con carácter retroactivo e que polo tanto lles devolvan os cartos pagados inxustamente.

2. Manifestar o apoio deste concello aos veciños e ás veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria.

2.- Rexistro de entrada do día 11 de febreiro de 2016, núm. 51, para o cumprimento real e efectivo da carta europea das linguas rexionais e minorizadas.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, co fin de darlle cumprimento real e efectivo á carta europea das linguas rexionais e minorizadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 21 de xaneiro facíase público o *4º Informe de avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias*, elaborado polo Comité internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do Consello de Ministros do Consello de Europa ao Estado español.

Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Consello de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado

¹ Lei 26/2014, do 27 de novembro, pola que se modifica a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre renda das persoas físicas, o Texto refundido da lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo, e outras normas tributarias.

español e a propia Xunta de Galiza se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001.

Por iso o grupo municipal do BNG, solicita a adopción do seguinte

ACORDO

1. Este concello manifesta o seu compromiso coa *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas*, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galiza e

2. Insta á Xunta de Galiza a:

a) Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.

b) Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alínea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na *Carta*, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.

c) Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.

d) Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

e) Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.

3.- Rexistro de entrada do día 15 de febreiro de 2016, núm. 64, relativa ás reivindicacións do 8 de marzo para reclamar un plan galego de emprego feminino.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa ás reivindicacións do 8 de marzo para reclamar un Plan galego de emprego feminino.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Van xa 159 anos desde que aquel 8 de marzo de 1857 un grupo de obreiras textís saíse á rúa en Nova York para protestar polas súas condicións laborais. Hoxe en día, esta data reivindica e simboliza a loita incansábel das mulleres do mundo na defensa dos seus dereitos laborais e a defensa da igualdade.

Neste marzo de 2016 a realidade continúa a evidenciar que a crise agravou a situación de desigualdade e precariedade das mulleres. Diante do discurso falaz da igualdade conseguida diferentes estudos, informes e enquisas recollen datos sobre a crecente situación de precariedade laboral e traballo vulnerábel que viven as mulleres galegas. A fenda salarial segue a ser unha realidade aínda por combater diante da que as institucións non interpoñen medidas. Ademais, son as mulleres quen lideran as estatísticas de emprego temporal e parcial. No que atinxe ao traballo non remunerado, as desigualdades no reparto das responsabilidades repercuten negativamente sobre as mulleres que tamén sofren a sobrecarga derivada da redución do apoio ás necesidades de coidados.

As políticas austericidas do PP frearon a posta en marcha de medidas de igualdade, tanto no referido á lexislación como á realización de programas concretos. Por exemplo, a paralización da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galiza. Con esta inacción o goberno da Xunta incumpe o seu compromiso de integrar a dimensión de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, cumprindo co seguimento das políticas e accións sobre as que existen competencias en relación ao acceso ao emprego, desenvolvendo políticas de integración e apostando pola igualdade real no ámbito laboral. A falta de vontade política é tal que continuamos a agardar pola posta en marcha de políticas tan necesarias e reclamadas social e politicamente como medidas que melloren o emprego feminino.

Diante disto, é obriga para os concellos, a institución máis achegada á veciñanza, comprometerse na presións ás institucións directamente responsábeis de poñer en marcha políticas que revertan a desigualdade laboral das mulleres.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar ao goberno da Xunta de Galiza a dar cumprimento ao artigo 37 da Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galiza e elaborar un Plan galego de emprego feminino que inclúa, entre outras medidas, axudas específicas para a creación de empresas femininas de mulleres con especial atención ás mulleres mozas e ás de máis

de 45 anos e a creación dunha Renda de Inserción Laboral para mulleres desempregadas de máis de 50 anos, cunha vida laboral igual ou superior a 30 anos de cotización e que tivesen esgotado as prestacións.

2. Instar ao goberno da Xunta a elaborar un Plan de corresponsabilidade que inclúa actuacións para facilitar a conciliación da vida persoal e familiar conforme a lexislación vixente.

3. Apoiar publicamente e chamar á participación das veciñas e veciños nos actos e reivindicacións das organizacións e colectivos feministas locais e comarcais con motivo desta data.

4.- Rexistro de entrada do día 18 de febreiro de 2016, núm. 77 para acordar unha declaración institucional con motivo do 40º aniversario da proclamación da RASD

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción de urxencia, para o seu debate en Pleno, co fin de acordar unha declaración institucional con motivo do 40º aniversario da proclamación da República Árabe Saharaí Democrática.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con motivo de cumprírense os 40 anos da proclamación da República Árabe Saharaí Democrática cremos que debemos sumarnos a este acontecemento histórico e demostrar unha vez máis o compromiso co Pobo saharauí.

As choivas torrenciais caídas en outubro de 2015 nos campamentos de poboación refuxiada saharauí afectaron a máis de 90.000 persoas, 25.000 dos cales perderon os seus fogares e quedaron sen alimentos, segundo denunciou a Axencia das Nacións Unidas par aos Refuxiados (ACNUR).

Diversas investigacións levadas a cabo polo Instituto Hegoa da UPV-EHU e a Sociedade de Ciencias Aranzadi, coa poio de Euskal Fondoa, achegaron novas probas sobre desaparicións forzosas se bombardeos á poboación civil saharauí a mans do goberno de Marrocos. Ademais, estas investigacións están sendo útiles na investigación da querela por xenocidio contra o pobo saharauí en as demandas de verdade, xustiza e reparación.

Por iso o grupo municipal do BNG, solicita a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago manifesta o seguinte:

1. Reafirma o seu recoñecemento ao lexítimo goberno da RASD e o Frente Polisario e manifesta, unha vez máis, o dereito de autodeterminación que legalmente asiste ao Pobo Saharauí. Así mesmo pídelles ao Goberno de España que lle dea o status diplomático á Representación do Frente POLISARIO en España, único e lexítimo representante do Pobo Saharauí, recoñecido así pola ONU.
2. Insta ao Goberno de España e á comunidade internacional a que promovan todas as iniciativas políticas que sexan necesarias para lograr unha solución xusta e definitiva, mediante a celebración dun referendo, conforme ás resolucións de Nacións Unidas.
3. Insta ás autoridades marroquís a que cesen as persecucións contra os e as activistas saharauís de dereitos humanos, a que liberen aos presos políticos saharauís e esclarezan o destino de máis de 400 persoas saharauís desaparecidas.
4. Insta ao Estado Español a que asuma a súa responsabilidade histórica e traballe activamente dentro da Unión Europea e aproveite a súa presenza no Consello de Seguridade de Nacións Unidas para que a MINURSO vexa ampliado o seu mandato á vixilancia dos dereitos humanos no Sáhara Occidental.
5. Reafirmarse no seu compromiso de traballar tanto nos campamentos de poboación refuxiada en Tinduf (Arxelia), como nos territorios ilegalmente ocupados por Marrocos como mostra de apoio maioritario da sociedade compostelá á lexítima loita do Pobo Saharauí pola súa liberdade.
6. Agradece sinceramente a colaboración desinteresada e a xenerosidade dos cidadáns e das cidadás compostelás que fan posíbel proxectos de cooperación co Pobo Saharauí, tales como a Caravana pola Paz, Vacacións en Paz e outros.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA:

1.- Rexistro de entrada do día 15 de febreiro de 2016, núm. 65, en relación aos danos provocados polas choivas.

En Cornes, a carón do aparcamento recién inaugurado de Pontepedriña, hai unha parcela municipal que na actualidade está chea de maleza e nun estado total de abandono. Nesa parcela sitúase unha zona inundable que de estar recuperada cumpriría un importante obxectivo, o de actuar como regulador do caudal do río Sar.

Esta lagoa conta con especies animais moi diversas e mesmo algunha delas está protexida. A súa recuperación é perfectamente asequible xa que o seu acondicionamento pode custar aproximadamente 30.000 euros.

O obxectivo desta actuación é, ademais da recuperación desta zona inundable natural reguladora do caudal do Sar, dotar dun atractivo máis a esta zona, ao tempo que se abunda no modelo de cidade respectuosa co medio ambiente.

Por todo isto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación a seguinte

MOCIÓN:

Que tendo en conta que estamos en período de abundantes choivas e de crecidas do caudal do río Sar, resulta urxente a redacción dun proxecto de recuperación desta parcela ubicada en Cornes e, á maior brevidade posible, levar a cabo o seu acondicionamento.

2.- Rexistro de entrada do día 15 de febreiro de 2016, núm. 66, relativa ao cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias.

O pasado 21 de xaneiro facíase público o *4º Informe de avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritariasⁱ*, elaborado polo Comité internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do Consello de Ministros do Consello de Europa ao Estado españolⁱⁱ.

Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Consello de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galiza se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001,

O Concello de Santiago manifesta o seu compromiso coa *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas*, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galicia, por iso é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación para á súa aprobación a seguinte

MOCIÓN:

INSTAR á Xunta de Galicia a:

- Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.
- Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alínea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na *Carta*, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.
- Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.
- Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.
- Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA:

1.- Rexistro de entrada do día 15 de febreiro de 2016, núm. 67, en relación coa carta europea das linguas rexionais e minorizadas

Marta Lois González, Concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**

O pasado 21 de xaneiro facíase público o 4º *Informe de Avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias*, elaborado polo Comité Internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do Consello de Ministros do Consello de Europa ao Estado Español.

Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Consello de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galiza se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001,

O Concello de Santiago manifesta o seu compromiso coa Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galiza e por

todo isto é polo que o grupo municipal de Compostela Aberta presenta ao Pleno para a súa aprobación os seguintes

ACORDOS

INSTA á Xunta de Galiza a:

1.- Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado Español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.

2.- Dar os pasos necesarios para cumprir co Rinaldo na alínea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 do plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.

3.- Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.

4.- Que mentres no se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

5.- Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino en galego en todas as Vilas e cidades.

2.- Rexistro de entrada do día 15 de febreiro de 2016, núm. 67, por un paso seguro das persoas refuxiadas

Concepción Fernández Fernández, Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Máis de 80.000 persoas chegaron a Europa por vía marítima durante as primeiras 6 semanas de 2016 e máis de 400 morreron afogadas tratando de atravesar o Mediterráneo. Malia as pésimas condicións marítimas, as inclemencias do inverno e as numerosas dificultades que padecen tras a súa chegada, unha media diaria de máis de 2.000 persoas continúan arriscando as súas vidas e as dos seus fillos/as tentando chegar a Europa. Máis do 91% das persoas chegadas a Grecia proveñen dos 10 principais países de orixe de persoas refuxiadas, principalmente de Siria, e tamén Afganistán e

Irak. Ao seren entrevistadas á súa chegada, a maioría declaran que deixaron os seus países debido aos conflitos que alí están a ter lugar.

Moitas destas persoas fuxen da guerra, da opresión e da tortura; outras da pobreza, a persecución e as violacións dos dereitos humanos. Todas elas queren unha vida mellor e máis segura. Pero as súas rutas de saída cada vez son máis escasas, xa que os países que acollen persoas refuxiadas, como o Líbano, Turquía e Xordania están desbordados.

O mundo enfróntase á peor crise de persoas desprazadas desde a Segunda Guerra Mundial. Porén Europa está pechando as súas fronteiras. Os gobernos europeos veñen destinando os fondos de asilo e migración a blindar as nosas fronteiras, a converter Europa nunha fortaleza. Infelizmente algúns estados están priorizando manter estas afluencias de xente fóra das súas fronteiras antes que encontrar solucións realistas. Desde o comezo de 2016 as medidas de control fronteirizo endurecéronse en moitos estados europeos. Malia os chamados de diversas O.N.G.s para ampliar as vías legais de entrada para permitir o acceso ao dereito de asilo, moitos estados membros da Unión Europea na práctica están reducindo as vías legais dispoñíbeis.

En calquera caso, estes fluxos de persoas van continuar chegando sen importaren os atrancos que se lles poñan. Non teñen outra opción. Polo que as políticas actuais de "non-recepción" e de facer perigar o dereito de asilo son insustentábeis á hora de xestionar esta situación. De todas e todos nós depende que esta crise humanitaria non se transforme en crise de civilización, nunha crise daqueles valores fundacionais que forxaron as nosas democracias e a construción da Unión Europea. É hora de pórmos fin a estas políticas de freo. Unha afluencia previsíbel e manexábel de persoas que escapan para sobrevivir estase convertendo nunha traxedia humana nas praias, nas fronteiras, nas plataformas ferroviarias e nas autoestradas de Europa.

En 2015 vimos mostras conmovedoras de como a sociedade civil galega e europea se mobilizou reaxindo ante as noticias que se recibían a respecto das penurias que as persoas que trataban de encontrar refuxio principalmente en Alemaña, ofrecéndose e poñendo os medios cos que contaban a dispor do que puideren precisar esas persoas, ao tempo que esixindo unha implicación clara por parte dos poderes públicos.

Neste contexto, a Corporación Municipal de Santiago de Compostela, aprobou unha DECLARACIÓN INSTITUCIONAL no Pleno do 7 de setembro de 2015 na que se recolle literalmente,

“Europa e os seus estados membros deben ser, no contexto mundial un espazo de referencia para a defensa da dignidade e dos dereitos humanos, capaz de ofrecer unha resposta integral e global á crise migratoria desencadeada alén das súas fronteiras.

A Corporación Municipal de Santiago de Compostela, conforme a especial filiación europea e vocación acolledora da cidade mostra a súa disposición a colaborar de forma activa na solución da grande crise humanitaria que está a padecer a Unión Europea, como consecuencia da cegada de refuxiados.

Nesta liña manifesta a súa vontade de poñer a disposición das administracións públicas competentes a súa capacidade de acollida para contribuir de forma solidaria, a resolver esta situación.”

Nestas semanas estase impulsando tamén por parte da sociedade civil unha convocatoria de mobilización cidadá a nivel europeo de cara o 27 de febreiro. A principal demanda diríxese á apertura de pasos seguros para os milleiros de persoas que chegan ao noso continente buscando unha nova vida, que garanta os dereitos humanos e libre de guerras e sufrimento. Para ACNUR a única maneira de evitar que esta crise empeore é tentar acabar cos contrabandistas, proporcionando unha alternativa segura, legal e gratuíta de entrada.

Os antecedentes descritos recomendan a redacción da presente moción e a aprobación dos seguintes Acordos por parte do Pleno municipal

ACORDOS:

1. O Concello de Santiago de Compostela, ao igual que os doutras corporacións europeas e movementos cidadás, súmase á convocatoria do 27 de febreiro e chama á súa cidadanía a participar nas iniciativas en marcha.
2. Sumámonos, xa que logo, á *Marcha Europea polos dereitos das persoas desprazadas. Pasaxe seguro XA*, para a petición de rutas seguras de chegada a Europa para permitirlle as persoas refuxiadas alcanzar a seguranza sen poñeren as súas vidas en mans de traficantes e emprenderen perigosas travesías polo mar. Débense establecer vías seguras de chegada, así como máis prazas de reasentamento e de admisión humanitaria, a reunificación familiar, o patrocinio privado e os visados humanitarios e de estudos ou traballo para persoas refuxiadas, co obxectivos de posibilitar que os desprazamentos sexan xestionábeis, controlados e coordinados por parte dos estados que reciben a estes refuxiados.
3. Solicitamos do Goberno do Estado e da Unión Europea que o paso, tanto de fronteiras marítimas como terrestres, sexa autorizado ás/aos solicitantes de asilo que chegan á UE ou que xa están nela. Así pois, débense por en marcha con urxencia todas as formas de acceso legais que lle permitan as persoas refuxiadas chegar a Europa. Cómpre encontrar solucións eficientes para reubicar aos solicitantes de asilo dun Estado membro da UE a outro. Débese ofrecer acceso a uns procedementos de asilo coherentes,

así como asistencia nos puntos de entrada, por toda Europa e ao longo das rutas migratorias. Á chegada de persoas refuxiadas hai que proporcionar un rexistro rápido máis unha protección temporal. En conclusión, deben crearse vías de migración legais e ofrecerse condicións de acollida dignas para todas as persoas, acordes ás convencións de dereitos humanos e de asilo e refuxio.

3.- Rexistro de entrada do día 15 de febreiro de 2016, núm. 73, para reclamar a rebaixa da peaxe da AP-53 entre Santiago e Lalín

Jorge Duarte Vázquez, Concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autoestrada AP-53 é, dende a súa posta en servizo, un dos principais eixos de comunicación viaria entre Santiago e Lalín e, por extensión, do centro de Galicia. Malia todo, a súa potencialidade como elemento de vertebración territorial e dinamización social e económica está claramente limitado por unha das peaxes máis caras de todo o Estado Español, que ademais experimentou un incremento constante nos últimos anos.

A elevada cantidade que teñen que pagar aos usuarios da AP-53-case seis euros por un traxeto de pouco máis de 40 quilómetros- explica unha densidade de vehículos moito máis baixa que a media nacional. En concreto segundo os datos do pasado mes de outubro, foron 6.050 coches os que transitaron a diario por esta vía de comunicación, unha cifra que segue a estar a moita distancia da media nacional e que impide que a AP-53 sexa un referente para a reactivación económica dos concellos polos que pasa. Noutro eido, o prezo prohibitivo da peaxe afecta de forma moi directa á mobilidade e a tres municipios- o de Lalín, o de Silleda e o de Compostela- que están chamados a colaborar de maneira moi estreita debido á súa proximidade xeográfica e que, entre outras cousas, comparten área sanitaria. Xa que logo, o benestar das veciñas e veciños destes concellos tamén depende dunha infraestrutura que moitos se ven obrigados a utilizar para, por exemplo, acudir a unha simple consulta médica

Por todo o exposto e vista a pasividade evidente da Xunta de Galicia e do Ministerio de Fomento-os gobernos municipais de Lalín, Silleda e Compostela deciden liderar de maneira conxunta esta reivindicación de rebaixa de peaxe da AP-53 e presentar, en cadanseu Concello, esta moción na que se propón a adopción dos seguintes acordos:

ACORDOS

1. Solicitar ao Ministerio de Fomento que proceda a transferir a titularidade da autoestrada AP-53, nos seus distintos tramos, Ourense-Dozón e Dozón- Santiago á

Xunta de Galicia, o antes posible.

2. Esixirlle ao Ministerio de Fomento a que, dentro do seu ámbito competencial, e mentres non se realice a citada transferencia de titularidade, asuma de maneira clara e firme o compromiso de realizar todas as xestións necesarias para propiciar con carácter urxente a rebaixa da inasumible peaxe da AP-53.

3. Esixirlle ao Goberno da Xunta de Galicia que, dentro do seu ámbito competencial, asuma de maneira clara e firme o compromiso de realizar todas as xestións necesarias para propiciar con carácter urxente a rebaixa da inasumible peaxe da AP-53.

4. Remitir este acordo ao resto de Concellos polos que discorre a AP-53, así como a institucións, partidos políticos e axentes sociais de ámbito galego e estatal para que se sumen a esta reivindicación e, dentro do seus ámbitos competenciais e das súas funcións propias, se impliquen de maneira activa na procura de solucións.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR:

1.- Rexistro de entrada do día 15 de febreiro de 2016, núm. 69, sobre a ampliación do servizo de autobús urbano ao Polígono do Tambre

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público entre Santiago e o Polígono Industrial foi obxecto de controversia entre a empresa que o viña prestando a través da liña 1 -o operador de transporte urbano Tralusa- e a empresa Autos Grabanxa. E por decisión xudicial eliminouse a prolongación da liña de transporte urbano ao Polígono.

A raíz de tal decisión xudicial, en 2013 o Concello, a fin de poder manter as ditas relacións de mobilidade, asinou un contrato con Autos Grabanxa para así cubrir o servizo entre o polígono e o centro da cidade (liña P6), contemplando nove frecuencias posteriormente aumentadas a 10.

O certo é que hai uns meses a Asociación da Área Empresarial do Tambre se dirixiu ao Concello para solicitar un incremento de frecuencias, solicitude que foi estimada polo anterior goberno, que considerou viable o incremento de catro expedicións e, a fin de concretar os horarios, se puxo en contacto con varias empresas e, por suposto, coa

Asociación, que trasladou as súas suxestións horarias. Resultando viable economicamente o aumento de frecuencias, resultando razoable dende o punto de vista social, e coñecidos os horarios máis acaídos, non debería existir complicación nin suscitarse dúbida sobre esta iniciativa.

E por iso que o Grupo Municipal Popular presenta á consideración o seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello insta ao correspondente órgano de goberno do Concello a completar os trámites iniciados polo anterior goberno a fin de aumentar, cando menos en catro, as frecuencias do servizo de transporte colectivo entre o centro da cidade e o polígono do Tambre, consonte as suxestións trasladadas polos empresarios desta área.

2.- Rexistro de entrada do día 15 de febreiro, núm. 70, sobre a posta en marcha da nave 5 da Praza de Abastos.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No tramo final do pasado mandato, rematouse o proxecto de modernización da Praza de Abastos no que se incluía, como unha das novidades principais –xunto coa creación da Aula Gastronómica- a posta en servizo da remodelada nave 5, que actuaría como un escaparate con oferta diaria dos produtos e da gastronomía de Santiago e da súa área de influencia. Con ese fin, e como unha primeira actividade de carácter extraordinario, celebrouse nese lugar, na primavera pasada, parte do programa da segunda edición de Compostela Gastronómica, Festival da Cociña Galega, cita na que durante cinco días máis de vinte restauradores locais ofreceron receitas creativas elaboradas cos propios produtos da praza compostelá.

Conforme a idea inicial, e para culminar o proceso de concesión deste espazo da nave 5, comezouse coa elaboración dos pregos para licitar a concesión dos postos existentes, traballos que se suspenderon para tratar de acadar un consenso sobre os posibles usos destas instalacións entre os representantes das persoas que traballan na Praza e do sector da hostalería local, que tiñan manifestado visións non coincidentes sobre o fin e forma de xestión desta instalación.

Transcorridos oito meses desde a chegada do novo Goberno, e a pesar das declaracións de negociacións e avances por parte dos responsables municipais, que anticipaban –por boca do propio alcalde- que nuns meses poderían estar pechados os pregos de condicións para sacar a concurso os postos libres dese espazo, continúa sen coñecerse o modelo nin a previsión concreta para a súa posta a disposición.

A indeterminación e a ausencia de noticias sobre o destino final dos postos desta nave 5 ofreceu recentemente un novo motivo para a preocupación, ao constatar que foran retiradas as mesas existentes no corredor central, ao parecer por encargo do propio Concello, sen ofrecer ningunha explicación pública sobre o motivo desta retirada nin a súa relación cunha decisión concreta adoptada sobre esta nave, que continúa a ser unha incógnita. A propia cooperativa que representa ás persoas que traballan na praza cualificou a decisión desta retirada de “unilateral”.

Desde o Grupo Municipal Popular seguimos considerando que é preciso definir canto antes, logo de ter pulsado a opinión da cooperativa que xestiona a Praza de Abastos e da Asociación de Hostalería, un modelo de xestión para a nave 5 que, de forma consensuada e tratando de integrar as distintas sensibilidades, promova a venda de produtos de proximidade e a posibilidade do seu inmediato consumo, con criterios de calidade e de innovación, que convertan este lugar nun eficaz complemento para potenciar e valorar o conxunto das instalacións dun mercado tradicional que segue a ser, ademais dun centro económico e social de primeira orde, o segundo enclave máis visitado da nosa cidade.

En consecuencia e para rematar coa situación actual de inacción e de indefinición, para clarexar o destino final e poñer en valor e en servizo canto antes a remodelada nave 5, o Grupo Municipal propónlle ao máximo órgano de representación do Concello a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno Municipal insta ao correspondente órgano do Goberno a:

1. Que realice un proceso de audiencia e consulta pública (especialmente á cooperativa que xestiona a Praza e á Asociación de Hostalería) das condicións do concurso para a concesións dos postos libres existentes na Nave 5 da Praza de Abastos, introducindo nos pregos elementos que permitan valorar a oferta nos locais de produtos de proximidade, con criterios de calidade e innovación, así como a posibilidade do seu consumo inmediato nas propias instalacións.
2. Logo de realizado a citado proceso de consulta, que proceda á tramitación, dentro do primeiro semestre do ano actual, do correspondente concurso. Todo iso coa finalidade

de que a actividade desta nave redunde na potenciación e no atractivo do conxunto da propia Praza de Abastos.

3.- Rexistro de entrada do día 15 de febreiro, núm. 71, sobre o aparcadoiro de borde de Pontepedriña.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O aparcadoiro de borde de Ponte Pedriña, froito dun convenio asinado a finais de 2014 entre o Concello e a Xunta de Galicia e que foi aberto ao público no pasado mes de xaneiro, foi concibido como un elemento disuasorio para facilitar que as persoas poidan deixar o vehículo nos desprazamentos procedentes da periferia da cidade.

A súa razón de ser está relacionada, pois, co ofrecemento dunha bolsa de aparcamento cómoda e accesible para que quen se dirixen ao centro da cidade, nomeadamente á zona do Ensanche, poidan deixar o seu vehículo e chegar ao seu punto de destino camiñando ou a través da rede de transporte público.

Cando se estaban a executar as obras no pasado mes de setembro, nunha visita na compañía da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o actual alcalde afirmou que o Goberno local estaba a estudar o modelo de xestión deste aparcamento que “debe implicar algún tipo de rotación para que os vehículos non poidan permanecer ocupando as mesmas prazas durante semanas”, adiantando que esa xestión se lle encomendaría á empresa municipal Tussa e que, no caso de optar polo pagamento, tería unha tarifas que non irían “máis alá do simbólico”.

A mesma idea foi expresa polo concelleiro de Espazos Cidadáns no transcurso da sesión plenaria de novembro cando informou que aínda non había modelo, pero que sería similar ao do Campus, reiterando que “e tivera un prezo sería simbólico, unicamente o que nos interesa é garantir a rotación” “para “impedir que os vehículos estean máis de 24 horas aí” e “que non haxa coches ventosa que ocupen prazas con longa duración”.

Desde a apertura do aparcadoiro estase a facer patente o que era previsible: que existen moitas prazas que se manteñen ocupadas de un día para outro polos mesmos vehículos, que os terreos dos arredores -moitos deles sen as mínimas condicións para ese fin- son constantemente invadidos por centos de automóbiles e que a única rotación que se produce alí é a que protagonizan as sufridas persoas condutoras que dan continuas voltas na procura de atopar unha praza libre para estacionar.

A tardanza na aplicación desa medida de xestión do aparcadoiro, anunciada e claramente necesaria, vense a sumar á falta de supervisión e control das condicións destas instalacións. Só así pode explicarse que despois de preto de un mes funcionando, o Goberno municipal non se teña preocupado da ausencia de iluminación pública nestas instalación situadas baixo a vía férrea, a pesar de que as obras financiadas integramente pola Xunta de Galicia incluíron un completo sistema de iluminación, con potentes focos e o correspondente cadro eléctrico, que unicamente precisan da necesaria conexión á rede por parte do Concello.

A falta de iluminación dificulta o acceso nocturno das persoas usuarias e conleva unha acusada sensación de inseguridade nunha zona que, pola ausencia inmediata de edificacións residenciais e escaso tránsito peonil, resulta especialmente necesitada de visibilidade, ao igual que se fai preciso unha mellora da sinalización horizontal e vertical nese ámbito.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno Municipal insta ao correspondente órgano do Goberno a que, á maior brevidade posible, instale un sistema de control que permita evitar a estancia permanente de vehículos no aparcadoiro disuasorio de Pontepedriña; que mellore a sinalización vertical e horizontal nese ámbito; e que proceda a activar de inmediato os elementos de iluminación xa instalados no recinto para unha maior comodidade, e sobre todo seguridade, de todas as persoas usuarias.

4.- Rexistro de entrada do día 15 de febreiro de 2016, núm. 72, sobre a EXECUCIÓN DO PROGRAMA URBANA NORTE SANTIAGO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No período operativo dos fondos FEDER 2007-2013 o Concello de Santiago foi beneficiario do proxecto Urbana Santiago Norte, co que se financiaban actuacións de investimento, de apoio á actividade empresarial, de dinamización da integración social e programas de emprego.

A elixibilidade dos gastos deste período operativo rematou o 31 de decembro de 2015. Dentro deste marco, os xestores estaban obrigados a presentar un informe anual, cada 30 de xuño do ano seguinte, e un informe final, o 31 de marzo de 2017.

Dado que xa non é posible imputarlle novos gastos ao proxecto, o Concello debería dispoñer xa dun balance da execución do citado programa.

Tendo en conta que entre as actuacións programadas, algunhas non foron finalizadas e polo tanto non poden ser pagadas, entendemos que, ou ben o proxecto non se executou ao 100%, ou ben tivo lugar algunha reprogramación.

Debido ao descoñecemento do grao de execución do programa, para poder valorar o traballo realizado e avanzar na elaboración do informe final deste programa, o Grupo Municipal Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno Municipal insta ao correspondente órgano do Goberno a que no prazo de dous meses se elabore e se lle entregue a cada un dos grupos representados na Corporación un balance previo ao informe final no que se indique:

O grao de execución da totalidade do programa Urbana Norte Santiago, coa desagregación das partidas certificadas.

A situación das actuacións contempladas no mesmo e que non foron recibidas a 31 de decembro, indicando as previsións para o seu remate ou posta a disposición.

Unha primeira avaliación da efectividade das actividades postas en marcha nos ámbitos empresarial, de integración social e de emprego.

Información da execución financeira do proxecto, co detalle dos fondos efectivamente recibidos da UE e a previsión do retorno total.

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO POPULAR:

EMENDA DE MODIFICACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O APOIO ÁS PERSOAS QUE RECIBEN PENSIÓNS DE ESTADOS ESTRANXEIROS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte **EMENDA DE MODIFICACIÓN DA MOCIÓN DO**

GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O APOIO ÁS PERSOAS QUE RECIBEN PENSIÓNS DE ESTADOS ESTRANXEIROS, de data 8 de febreiro de 2016.

Propónse a modificación do texto resolutivo, adaptando o seu contido ao texto aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia (consecuencia dunha moción do BNG sobre o mesmo tema) en sesión plenaria do 15 de setembro de 2015. Así o texto do acordo sería o seguinte:

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela acorda:

1. Reclamar do Goberno do Estado e da Axencia Tributaria a realización dunha revisión de todas as declaracións realizadas por persoas que teñen ingresos procedentes de pensións de Alemaña, antes do 1 de xaneiro de 2013, e que, en virtude do artigo 19 do convenio bilateral hispano-alemán daquela vixente, non estaban sometidas a tributación no Estado español, para proceder á devolución das cantidades indebidamente ingresadas por estes contribuíntes.
2. Reclamar do Goberno do Estado e da Axencia Tributaria o establecemento, en colaboración co INSS, dun mecanismo sinxelo e áxil para a validación das invalideces recoñecidas por outros estados, ás e aos emigrantes retornados e que se proceda a devolución dos ingresos indebidos das e dos contribuíntes, que, tendo unha invalidez en grao de absoluta ou gran invalidez, teñan tributado polas ditas contías, en cumprimento da exención establecida en relación con ditos ingresos no artigo 7 da Lei 35/2006.

Rematado o debate das mocións, que se produce por orde de entrada no rexistro de secretaría, procédese á votación das mesmas.

O Pleno da Corporación, en relación á moción do BNG, relativa a pensións de estados estranxeiros e unha vez aceptada a emenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular, por unanimidade acorda:

1. Reclamar do Goberno do Estado e da Axencia Tributaria a realización dunha revisión de todas as declaracións realizadas por persoas que teñen ingresos procedentes de pensións de Alemaña, antes do 1 de xaneiro de 2013, e que, en virtude do artigo 19 do convenio bilateral hispano-alemán daquela vixente, non estaban sometidas a tributación no Estado español, para proceder á devolución das cantidades indebidamente ingresadas por estes contribuíntes.
2. Reclamar do Goberno do Estado e da Axencia Tributaria o establecemento, en colaboración co INSS, dun mecanismo sinxelo e áxil para a validación das invalideces

recoñecidas por outros estados, ás e aos emigrantes retornados e que se proceda a devolución dos ingresos indebidos das e dos contribuíntes, que, tendo unha invalidez en grao de absoluta ou gran invalidez, teñan tributado polas ditas contías, en cumprimento da exención establecida en relación con ditos ingresos no artigo 7 da Lei 35/2006.

No debate desta moción conxunta, sae dona Branca Novo Rey, que non se incorpora ao resto da sesión.

O Pleno da Corporación, en relación ás mocións presentadas polos grupos municipais de Compostela Aberta, PSdeG-PSOE e BNG, que son retiradas e substituídas por unha moción conxunta deses tres grupos municipais, por 15 votos a favor dos/as concelleiros/as deses grupos (9 CA, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 votos en contra dos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, aproba a moción conxunta que ten o seguinte contido:

1.- O pasado 21 de xaneiro facíase público o 4º Informe de Avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, elaborado polo Comité Internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do Consello de Ministros do Consello de Europa ao Estado Español.

2.- Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Consello de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galiza se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001,

3.- O Concello de Santiago manifesta o seu compromiso coa Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galiza e por todo isto é polo que o grupo municipal de Compostela Aberta presenta ao Pleno para a súa aprobación os seguintes

Por todo isto, a Corporación do Concello de Santiago insta á Xunta de Galiza a:

a) Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado Español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.

b) Dar os pasos necesarios para cumprir co Rinaldo na alínea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 do plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.

c) Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.

d) Que mentres no se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

e) Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino en galego en todas as Vilas e cidades.

Fan un descanso de 10 minutos.

O Pleno da Corporación, en relación á moción do BNG, sobre as reivindicacións do 8 de marzo, por 15 votos a favor dos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 CA, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 9 votos en contra dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Partido Popular, acorda:

1. Instar ao goberno da Xunta de Galiza a dar cumprimento ao artigo 37 da Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galiza e elaborar un Plan galego de emprego feminino que inclúa, entre outras medidas, axudas específicas para a creación de empresas femininas de mulleres con especial atención ás mulleres mozas e ás de máis de 45 anos e a creación dunha Renda de Inserción Laboral para mulleres desempregadas de máis de 50 anos, cunha vida laboral igual ou superior a 30 anos de cotización e que tivesen esgotado as prestacións.

2. Instar ao goberno da Xunta a elaborar un Plan de corresponsabilidade que inclúa actuacións para facilitar a conciliación da vida persoal e familiar conforme a lexislación vixente.

3. Apoiar publicamente e chamar á participación das veciñas e veciños nos actos e reivindicacións das organizacións e colectivos feministas locais e comarcais con motivo desta data.

O Pleno da Corporación, en relación á moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, para á redacción dun proxecto de recuperación da parcela de Cornes, por unanimidade dos presentes, acorda:

Que tendo en conta que estamos en período de abundantes choivas e de crecidas do caudal do río Sar, resulta urxente a redacción dun proxecto de recuperación desta

parcela ubicada en Cornes e, á maior brevidade posible, levar a cabo o seu acondicionamento.

O Pleno da Corporación, en relación á moción do grupo municipal de Compostela Aberta, relativa a un paso seguro das persoas refuxiadas, por unanimidade dos presentes, acorda:

1. Que o Concello de Santiago de Compostela, ao igual que os doutras corporacións europeas e movementos cidadáns, se sume á convocatoria do 27 de febreiro e chama á súa cidadanía a participar nas iniciativas en marcha.

2. Sumarse, xa que logo, á Marcha Europea polos dereitos das persoas desprazadas. Pasaxe seguro XA. para a petición de rutas seguras de chegada a Europa para permitirlle as persoas refuxiadas alcanzar a seguranza sen poñeren as súas vidas en mans de traficantes e emprenderen perigosas travesías polo mar. Débense establecer vías seguras de chegada, así como máis prazas de reasentamento e de admisión humanitaria, a reunificación familiar, o patrocínio privado e os visados humanitarios e de estudos ou traballo para persoas refuxiadas, co obxectivos de posibilitar que os desprazamentos sexan xestionábeis, controlados e coordinados por parte dos estados que reciben a estes refuxiados.

3. Solicitar do Goberno do Estado e da Unión Europea que o paso, tanto de fronteiras marítimas como terrestres, sexa autorizado ás/aos solicitantes de asilo que chegan á UE ou que xa están nela. Así pois, débense por en marcha con urxencia todas as formas de acceso legais que lle permitan as persoas refuxiadas chegar a Europa. Cómpre encontrar solucións eficientes para reubicar aos solicitantes de asilo dun Estado membro da UE a outro. Débese ofrecer acceso a uns procedementos de asilo coherentes, así como asistencia nos puntos de entrada, por toda Europa e ao longo das rutas migratorias. Á chegada de persoas refuxiadas hai que proporcionar un rexistro rápido máis unha protección temporal. En conclusión, deben crearse vías de migración legais e ofrecerse condicións de acollida dignas para todas as persoas, acordes ás convencións de dereitos humanos e de asilo e refuxio.

O Pleno da Corporación, en relación á moción do Partido Popular, sobre a ampliación do servizo de autobús urbano ao Polígono do Tambre, por unanimidade dos presentes, acorda:

Instar ao correspondente órgano de goberno do Concello a completar os trámites iniciados polo anterior goberno a fin de aumentar, cando menos en catro, as frecuencias do servizo de transporte colectivo entre o centro da cidade e o polígono do Tambre, consonte as suxestións trasladadas polos empresarios desta área.

O Pleno da Corporación, en relación á moción do Partido Popular, sobre a posta en marcha da nave 5 da Praza de Abastos, por 9 votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular e 15 abstencións dos/as concelleiros/as dos grupos municipais Compostela Aberta, PSdeG-PSOE e BNG (9 CA, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda instar ao correspondente órgano do goberno a:

1. Que realice un proceso de audiencia e consulta pública (especialmente á cooperativa que xestiona a Praza e á Asociación de Hostalería) das condicións do concurso para a concesións dos postos libres existentes na Nave 5 da Praza de Abastos, introducindo nos pregos elementos que permitan valorar a oferta nos locais de produtos de proximidade, con criterios de calidade e innovación, así como a posibilidade do seu consumo inmediato nas propias instalacións.

2. Logo de realizado a citado proceso de consulta, que proceda á tramitación, dentro do primeiro semestre do ano actual, do correspondente concurso. Todo iso coa finalidade de que a actividade desta nave redunde na potenciación e no atractivo do conxunto da propia Praza de Abastos.

O Pleno da Corporación, en relación á moción do Partido Popular, relativa ao aparcadoiro de borde de Pontepedriña, por unanimidade dos presentes, acorda:

Instar ao correspondente órgano do goberno a que, á maior brevidade posible, instale un sistema de control que permita evitar a estancia permanente de vehículos no aparcadoiro disuasorio de Pontepedriña; que mellore a sinalización vertical e horizontal nese ámbito; e que proceda a activar de inmediato os elementos de iluminación xa instalados no recinto para unha maior comodidade, e sobre todo seguridade, de todas as persoas usuarias.

O Pleno da Corporación, en relación á moción do Partido Popular, sobre á execución do programa urbana norte Santiago, por unanimidade dos presentes, acorda:

Instar ao correspondente órgano do goberno a que no prazo de dous meses se elabore e se lle entregue a cada un dos grupos representados na Corporación un balance previo ao informe final no que se indique:

O grao de execución da totalidade do programa Urbana Norte Santiago, coa desagregación das partidas certificadas.

A situación das actuacións contempladas no mesmo e que non foron recibidas a 31 de decembro, indicando as previsións para o seu remate ou posta a disposición.

Unha primeira avaliación da efectividade das actividades postas en marcha nos ámbitos empresarial, de integración social e de emprego.

Información da execución financeira do proxecto, co detalle dos fondos efectivamente recibidos da UE e a previsión do retorno total.

O Pleno da Corporación, en relación á moción de Compostela Aberta, reclamando rebaixa da peaxe AP-53 entre Santiago e Lalín, por unanimidade dos presentes, acorda:

1. Solicitar ao Ministerio de Fomento que proceda a transferir a titularidade da autoestrada AP-53, nos seus distintos tramos, Ourense-Dozón e Dozón- Santiago á Xunta de Galicia, o antes posible.
2. Esixirlle ao Ministerio de Fomento a que, dentro do seu ámbito competencial, e mentres non se realice a citada transferencia de titularidade, asuma de maneira clara e firme o compromiso de realizar todas as xestións necesarias para propiciar con carácter urxente a rebaixa da inasumible peaxe da AP-53.
3. Esixirlle ao Goberno da Xunta de Galicia que, dentro do seu ámbito competencial, asuma de maneira clara e firme o compromiso de realizar todas as xestións necesarias para propiciar con carácter urxente a rebaixa da inasumible peaxe da AP-53.
4. Remitir este acordo ao resto de Concellos polos que discorre a AP-53, así como a institucións, partidos políticos e axentes sociais de ámbito galego e estatal para que se sumen a esta reivindicación e, dentro do seus ámbitos competenciais e das súas funcións propias, se impliquen de maneira activa na procura de solucións.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes acorda aprobar a seguinte declaración institucional, asinada polos portavoces dos catro grupos municipais, en relación á moción presentada por urxencia polo BNG co número de rexistro núm. 77, con motivo do 40º aniversario da proclamación da RASD:

DECLARACION INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 40º ANIVERSARIO DA PROCLAMACIÓN DA RASD

- 1.- Con motivo de cumprírense os 40 anos da proclamación da República Árabe Saharauí Democrática cremos que debemos sumarnos a este acontecemento histórico e demostrar unha vez máis o compromiso co Pobo saharauí.

2.- As choivas torrenciais caídas en outubro de 2015 nos campamentos de poboación refuxiada saharauí afectaron a máis de 90.000 persoas, 25.000 dos cales perderon os seus fogares e quedaron sen alimentos, segundo denunciou a Axencia das Nacións Unidas par aos Refuxiados (ACNUR).

3.- Diversas investigacións levadas a cabo polo Instituto Hegoa da UPV-EHU e a Sociedade de Ciencias Aranzadi, coa poio de Euskal Fondoa, achegaron novas probas sobre desaparicións forzosas se bombardeos á poboación civil saharauí a mans do goberno de Marrocos. Ademais, estas investigacións están sendo útiles na investigación da querela por xenocidio contra o pobo saharauí en as demandas de verdade, xustiza e reparación.

O Concello de Santiago manifesta o seguinte:

A) Reafirma o seu recoñecemento ao lexítimo goberno da RASD e manifesta, unha vez máis, o dereito de autodeterminación que legalmente asiste ao Pobo Saharauí.

B) Insta ao Goberno de España e á comunidade internacional a que promovan todas as iniciativas políticas que sexan necesarias para lograr unha solución xusta e definitiva, mediante a celebración dun referendo, conforme ás resolucións de Nacións Unidas.

C) Insta ás autoridades marroquís a que cesen as persecucións contra os e as activistas saharauís de dereitos humanos, a que liberen aos presos políticos saharauís e esclarezan o destino de máis de 400 persoas saharauís desaparecidas.

D) Insta ao Estado Español a que asuma a súa responsabilidade histórica e traballe activamente dentro da Unión Europea e aproveite a súa presenza no Consello de Seguridade de Nacións Unidas para que a MINURSO vexa ampliado o seu mandato á vixilancia dos dereitos humanos no Sáhara Occidental.

E) Reafirmarse no seu compromiso de traballar tanto nos campamentos de poboación refuxiada en Tinduf (Arxelia), como nos territorios ilegalmente ocupados por Marrocos como mostra de apoio maioritario da sociedade compostelá á lexítima loita do Pobo Saharauí pola súa liberdade.

F) Agradece sinceramente a colaboración desinteresada e a xenerosidade dos cidadáns e das cidadás compostelás que fan posíbel proxectos de cooperación co Pobo Saharauí, tales como a Caravana pola Paz, Vacacións en Paz e outros.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-presidente a da por finalizada sendo as 23:10 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario do pleno,

Martíño Noriega Sánchez

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo
